

# A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N. 263 ● 14 DE FEBREIRO DO 1985 ● 75 PTA.



Manifestación de traballadores de Ascon no 1978. Desde aquela 6 anos de incertidumes e constantes mobilizacións e o conseqüente quebranto.

Informe


## Os desequilíbrios psíquicos causados pola "reconversión"

Entrevista

### J. Vicent-Marqués

"O sexo é unha das cousas máis importantes que nos pasan, cando nos pasan"

(Páxinas 8 e 9)



Presos políticos alemáns en folga de fame

### Alemánia en inverno

(Páx. 15)

### Fondas implicacións políticas no conflito de As Enchousas

O próximo día 24 vaise celebrar unha manifestación á que, en círculos nacionalistas, se lle dá gran importancia. Paralelamente a isto descúbreanse novas implicacións. (Páx. 7)

### Conversas para criar unha coalición da esquerda galega

Estanse a celebrar conversas para a creación dunha coalición que agrupe a partidos e personalidades da esquerda galega con vistas ás eleccións autonómicas. (páx. 5)

Segundo senténcia xudicial

### Facer xurar a Constitución vulnera os dereitos da persoa

A Audiencia de A Coruña sentenciou que os concellais non teñen por qué xurar acatamento á Constitución para ocupar os seus cargos. Unha senténcia importante que entra tamén no fondo da cuestión do xuramento, baseándose nas resolucións do Tribunal Constitucional ao que, de feito, rebate. (Páx. 5)

### Muller de 73 anos denuncia que foi golpeada pola Garda Civil de Sada

Unha muller de Sada, de 73 anos, denunciou no xulgado de Betanzos, a agresión sufrida no Cuarteliño da Garda Civil, a causa da cal sufriu diversas feridas e perdeu o coñecemento.

O Alcalde de Sada, Ramón F. Ares, tratou de silenciar o caso, segundo acusa a golpeada, Carme López Barral. (Páx. 3)

Segundo datos oficiais

### Galiza aporta máis á Seguranza Social do que recibe

Viuse decindo que Galiza recibía moito máis que aportaba á Seguranza Social. Os números oficiais demostran agora o contrario. (Páx. 6)



## OPINION

## editorial

## II Xornadas de Língua Galega no Ensino

A dirección xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Cultura ven de convocar as II<sup>as</sup> xornadas da Língua Galega no Ensino. Na folia informativa que remite, afirma:

"3. Sendo de obrigado cumprimento que as mesmas (as comunicacións que se envien) se axusten á Normativa vixente aprobada polo Decreto 173/82, 17 de novembro".

Tivemos a oportunidade de comentar con varios profesores, por outra parte fervorosos "oficialistas" da normativa, qué grau de sectarismo supón a restrición devandita. Expresión de intolerancia, mesquindade e falta de visión. Trátase de mellorar o ensino do galego, de normalizar o galego nas aulas, nengunha cortapisa ten razón, e mesmo, estaba pedindo o sentido común que esas xornadas se chegase a acordos para evitar os cambios tan pouco facilitadores de entusiasmo dos alumnos.

Queda, pois, patente, o ideoloxismo da postura oficialista, o seu empeño de dialectalizar o galego sen posibles avances. Cando, en 1980, se deron unhas normas pola ASPG, de claro intento conciliador, cando existen praxes diferentes no ensino, a postura de Paz Lamela é do máis cru sectarismo.

Debemos convencernos: segundo os alumnos melloran o seu galego así se abren igualmente ao diferencialismo e comprenden o paralelismo co luso-brasileiro, paralelismo e igualdade so vantaxosa para todos. Impedir, logo, os avances de aproximación ao portugués tanto no léxico como na normativa, é un signo claro de renuncia a identidade do país, de entregismo á destrución do idioma. Non son razóns científicas, son ideoloxías de antigaleguismo, as que se agachan detrás destas mesquiñas restricións.

## Eses templos de paredes rotuladas

Seguen observándose listas de mortos da guerra civil nas paredes de moitos templos galegos. De mortos dun só dos bandos. Por qué?

En 1940 tomouse a decisión, contestada nalguns lugares, de sacralizar os cidadáns mortos nos combates ou noutras formas miserables da guerra civil. Un dos que máis se opuxeron foi o cardeal Segura, motivando un problema de Estado. Xa en 1940, o mesmo Gomá advertía as fallas daquela alianza pretendidamente monolítica da Igrexa e o Estado autoritario.

Alguns ben-intencionados conseguiron retirar tais listas e colocar no camposanto os nomes de todos os mortos na contenda. Despois do 75, alguns concellos como o de Vigo, dedicaron monumentos funerarios "Aos mortos na guerra civil".

Cando algun grupo se acerca ao cura dalgunhas parroquias, este remítese ao bispo; o bispo lamenta esta conduta do crego e pede non "rememorar" as cousas. A qué se debe tanta cobardía en abordar un tema inviolable?

As tres razóns que temos comprobado en varias ocasións Primeiro, a existencia de núcleos clericais de mentalidade bélica: para eles a "Cruzada" é algo permanente. Os bispos non querían encolerizar estas mentes doentes. Segundo, outros son máis transixentes pero reúsan criticar nin minimamente os antecesores, prefiren que apodrezan listas e pedras. Outros querían modificar esta situación, mais temen os grupos "de carácter militar ou parello" que teñen inda forza na parroquia. A súa vez e hierarquía rexeita toda medida de cambio: o cambio é para ela, sempre perigoso, prefire, igualmente, que apodreza todo antes que remover as águas por fedorentas que sexan.

Pero este problema non é só un problema clerical, ten relación con todo o povo. Os templos son, moitos, monumentos históricos visitados tamén por turistas: nas súas paredes non pode seguir o bochornoso espectáculo dunha guerra fratricida. E hora de que os bispos fagan algo máis que declaracións alibaradas ante as realidades deste país. Cando eses nomes están presididos por fundadores de sistemas fascistas e os seus signos, o insulto ao cidadán é belixerante. Non caben retrasos na limpeza deses muros.

# A NOSA TERRA

Empresa Xornalística Editora  
Promocións Culturais Galegas S.A.

Director  
Alfonso Eyré López

Redacción  
Xoán M. Carballea, Manuel Veiga.

Correspondentes e colaboradores  
Xesus Torres, Luís Muriel, A. Loureiro, Paco Arrizado, S.A. Suárez, Laxe Grande, Suso Piñeiro, X. González Álvarez, Xesus González Gómez, Xoan M. Carreira, Xesus López Témiz, L. Méndez, Carmen G. Ares, JAM, Anxela Rodicio, Antón Fernández, Mugarra, Xosé Lodeiro, Xosé M<sup>a</sup> Salgado, Lois Diéguez, Francisco Carballo, Antón Baamonde, Xesus Campos, Xesus Vega, Manuel Rivas, A. Manciñeiras, Manuel Miragaia, M. Hortas Vilanova, Fernando Vilanova, Cesar Varela, M. Chouza, R. Cid, Aldea, X. Larrosa Vila, Carmen Prado.

Ilustración  
Xosé Lois, Cali, Carlos Silvar, Pepe Carreiro, Xesus Campos, Ferreiro, Feito, Xulio Galois.

A NOSA TERRA non se identifica necesariamente cos artigos de opinión publicados nas súas páxinas, respetando a independencia dos seus autores. Non se mantén correspondencia sobre orixinais non solicitados. Está permitida a reprodución, sempre que se cite a procedencia.

## cartas

## SOBRE O I ENCONTRO DE ESCRITORES LUSO-GALAICOS

Estimado Sr. Director:

As liñas que seguen tentan esclarecer unha información aparecida no jornal da súa digna dirección sobre o "I Encontro de Escritores Luso-Galaicos", celebrado en Melgaço e Monçao (ou Monçom) durante os días 25 (tarde), 26 e 27 (manhá) de Janeiro.

Refere-se a información ao expresado sob o epígrafe "Reintegracionismo". Di-se nela: "Sen dúbida, o tema mais debatido neste encontro foi o do reintegracionismo que produciu na madrugada do sábado ao domingo unha acalorada discusión entre galegos e portugueses, ao debaterse se o galego e o portugués era ou non a mesma língua". Deixarei o resto por impertinente e cingirei-me ao transcrito:

1.-Nom é certo, Sr. Director, que se debatiese "se o galego e o portugués som ou nom a mesma língua"; nem sequer se originou tal tema de discussom. E digo-lho eu que fum o último em falar, ás quatro da madrugada, quando você havia já tempo que nom se encontrava na sala em que se expuxérom as comunicaçoms dos que estavam presentes.

2.-Nem sequer foi tema de discussom o reintegracionismo propriamente dito. Pudem observar nesse cenário o que observei noutros cenários nom galegos: Os que aqui som antilistas, e praticam como tais, no "estrangeiro" (Melgaço, Monçom, Getxo ou Barcelona, é igual) confessam acendradamente que nom som antilistas. Diolos bendiga!!

3.-A discussom foi precisamente sobre galego algo anterior a reintegracionismo ou antirreintegracionismo (por certo, que nom é isso da normalizaçom, que nem se precisa nem parece que se tente precisar), quer dizer, os criterios ou pautas de estandarizaçom das línguas, também da galega.

4.-Em síntese, a discussom entre galegos (os portugueses som nisto normais e nom discutem a evidência) era se a estandarizaçom das línguas se fixo a modo de unha métrica aritmética entre dialectos ou falas, ou simplemente coa imposiçom, mais ou menos matizada, da língua cortesa.

5.-Eu defendim esta última posiçom, que é a avaliada pola história das línguas. Lembre, Sr. Director, aquelas duas frases lapidárias de dous renacentistas:

1<sup>a</sup>. "Siempre la lengua fue compañera del imperio (Poder)", de Lebriza.

2<sup>a</sup>. As línguas de Galiza e Portugal "ambas eram antigamente quase ua mesma, nas palavras e nos ditongos e pronunciaçom que as outras partes de Espanha nám têm. Da qual língua galega a portuguesa se avantajou tanto (...) O que causou por em Portugal haver reis e corte que é a oficina onde os vocábulos se forjam e pulem e donde manam para os outros homens, o que nunca houve em Galiza", de Nunes de Leao.

6.-Por nefas poderia provar-se (se algo houber de provar) com dous testemunhos irrefutáveis: O prólogo de D. Emilio Castelar a Follas novas:

"Rosalia, por sus libros de versos gallegos, es un astro de primera magnitud en los vastos horizontes del arte español" (assi acaba), e principalmente o Rapport Grégoire, que vem sendo o tratado mais preciso e menos cínico de Filologia Románica. Mas deste tema falarei quando me permita discrepar outra vez.

António Gil Hernández  
A CORUÑA

## PUNTUALIZACIONES DO PARTIDO GALEGUISTA

Benquerido amigo:

O motivo da presente está relacionado coa publicación no xornal que vostede dirixe dunha reportaxe relativa ao "V Congreso do Partido Galeguista". No devandito congreso fun o ponente encarregado da liña política e é precisamente unha das súas partes a que coído non está en consonancia cunha das frases da reportaxe publi-

cada. A frase en cuestión é "Pero houbo ademais outras innovacións, como a aprobación dunha ponencia onde se pede a desnuclearización e desmilitarización do territorio galego. Alguns suspicaces, dado o carácter nacionalista que estaba tomando o congreso, necesitaron que lles aclarasen que a desmilitarización se refería aos exércitos estranxeiros, non aos españois". A ponencia de liña política, aprobada por unanimidade, recolle no seu primeiro apartado a visión que o Partido Galeguista ten da nosa Terra; nel dise textualmente: "Galiza é unha nación", para pasar máis adiante a definir o territorio desta nación coas seguintes palabras: "O territorio da nación galega comprenderá o da actual Comunidade Autónoma, mantendo en vixencia o punto cuarto do programa do Partido Galeguista, aprobado na súa fundación, que di: 'Incorporación a Galiza das terras colindantes que teñen comunidade étnica, histórica ou lingüística con ela' ". Unha vez definido o territorio da nación galega, non apartado terceiro, fálase de que "O Partido Galeguista loitará por conquistar a declaración de "zona desnuclearizada" para a nación galega, coitando que é o seu deber evitar calquer asentamento estranxeiro de carácter bélico dentro das fronteiras de Galiza". Esta afirmación repítese no punto quinto do chamamento final do "IV Congreso" no que se reafirma a vontade do partido de conquistar a "Declaración do territorio nacional como zona desnuclearizada e zona sen asentamentos bélicos estranxeiros". As devanditas frases coído que non necesitan nengun tipo de aclaración, pois teñen un significado evidente e no congreso ninguén fixo unha delimitación de cáis eran os exércitos estranxeiros, porque iso foi, en todo momento, evidente.

Tamén quereria clarear que a intención do Partido Galeguista non é, xustamente, a de chegar, a unha coalición electoral, senón que o seu alicio é o de, como paso primario, establecer unha unidade de acción dos partidos nacionalistas galegos á hora de enfrentarse con determinados problemas. Coidamos que hai unha necesidade imperiosa de criar unha conciencia nacional no noso povo, e iso non se pode afrontar máis ca facendo causa comun na loita escontra os inimigos da nosa terra. Ese é, hoxe por hoxe, o noso primeiro obxectivo, e nel estamos traballando. Adiantar a posibilidade de pactos electorais sería como intentar subir ao segundo piso sen pasar polo primeiro. Hai que lle dar tempo ao tempo, pois a prensa sempre foi má conselleira, e nós, os partidos nacionalistas, non nos xogamos o noso porvir senón o porvir de Galiza.

Sen máis, agradecerlle o interese que o xornal que dirixe se tomou con ocasión do noso "V Congreso" e pregarlle complete a información dada coas aclaracións devanditas.

Unha aperta:

F. Xabier González Sotelo  
Vicesecretario Primeiro

## SOLIDARIDADE CO NAVAL DESDE ALEMAÑA

Estimado señor Director: Agradeceríamoslle que publicase no xornal que dirixe o texto do telegrama que lle enviámos á Xunta de Galiza e á Presidencia do Goberno español, apoiando a loita dos traballadores galegos por un traballo digno na terra: "Os galegos de Hamburgo e Colonia protestan contra a destrución masiva de postos de traballo no sector naval, e solidarízanse coa loita dos traballadores galegos e da INTG en contra da chamada reconversión naval por considerala unha agresión centralista contra a economía galega, tamén ameazada gravemente polos plans do Goberno español de entrar a toda costa no mercado comun europeu."

Grupo G Itural Galego de COLONIA  
Asociación Galega de HAMBURGO

## COLEXIO ESTATAL SEXISTA

O colectivo de Mulleres Ensinantes en pro da Coeducación quer denunciar, através deste escrito, a existén-

cia na cidade da Coruña dun centro de ensino estatal de natureza sexista, discriminatório para a muller, como o Instituto de Bacharelato "Eusebio da Guarda", situación que denunciámos sobre os seguintes feitos:

1.-A existencia dun centro de ensino non mixto, feminino, incumpre mesmo a legalidade establecida desde a "Ley General de Educación" de 1970, conforme á cal todos os centros de ensino estatais serían mixtos ou irían converténdose paulatinamente en tais.

2.-Tal situación ilegal leva a este centro a rozar a súa privatización, dado que semella que se quer manter un espacio reservado: para unha educación feminina, discriminatória, tanto, anti-natural e anti-social, porque.

3.-E aproveitada para criar un clima de sumisión, aborregamento e temor que converte as alunas en persoas máis facilmente controlábeis e dominadas.

4.-Denunciamos claramente o abuso continuo de autoridade, as arbitrariedades (cambios de alunas do diurno ao nocturno, expulsións, ameazas ante desaloxos ou paros...), as represalias que están a producirse, baseadas unicamente nesta prepotencia e neste clima de temor.

5.-Denunciamos tamén desde agora calquer manobra tendente a demorar ou a impedir a conversión deste I.B. "Eusebio da Guarda" nun centro mixto, tipo "referendo" entre pais/alunas/claustru ou calquer outra, o que non sería máis ca unha farsa que pretendería disfarzar unha ilegalidade manifesta e unha situación represiva e discriminatória ben elocuente.

Colectivo de Mulleres Ensinantes en pro da Coeducación.

A CORUÑA

## RESPOSTA

Sr. Director de A Nosa Terra:

Enviolle as seguintes liñas, esta vez si que lle rogo a súa publicación, a modo de contestación ás puntualizacións(?) que X.M. Fojo Pedr fai en A NOSA TERRA do 17-1-85 á miña carta de 20-12-84.


Felicítote amigo Fojo, Goebbels ou McCarthy non creo que o fixesen mellor, non creço que pudesen utilizar mellor a técnica da insinuación, da suposición. A tua carta é digna dun experto de altura. En fin, é unha pena, menos mal que nos coñecemos todos, non samente ti e máis eu, que iso é o de menos, todos.

Amigo Fojo, a ver se un día tomamos uns viños e discutimos sobre aquilo que dixó algún de que "A verdade é sempre revolucionaria".

XOSÉ GUERREIRO PENA  
Traballador de Enfersa  
AS PONTES

A  
N  
T  
T  
prensa libre

OUTRO PRODUTO GALEGO QUE SE EXPORTA



O PASTOR ELECTRICO  
APARTADO 322 NADELA (LUGO)





Pepe Carreiro

O alcalde de Sada tratou de silenciar o tema

## Unha muller de 73 anos denúncia que foi golpeada no cuartel da Garda Civil

que en principio dixo que necesitaba ir á Residencia para sacar unhas radiografías, ao pedirlle o volante, porque non teño Seguraza Social, senón cartilla de pobre, saíu a falar por teléfono e díxome que non mo podía dar.

Daquela eu fun ao Axuntamento para falar co Alcalde e este non me quixo atender, protestando eu de forma irada, e negándome a abandonar o Axuntamento, até que me sacaron arrastras os Gardas Municipais. Pretendín chamar por teléfono desde o Bar Tiuna e non me deixaron, co cal fun coller un táxi, e ao saír da parada un Garda Municipal díxolle ao taxista que non me podía levar á Residencia, que me tiña que levar á casa ou ao "Rompeolas", e fíxome baixar, pretendendo cobrarme 200 pesetas por ter perdido a cabeza (da parada), ao cal lle contestei que llas pagase o Garda Municipal que fora o que me mandara baixar. Volvín coller outro táxi e o Garda volveume parar, e daquela díxenlle ao taxista que lle dixese que íamos ao "Rompeolas". Despois intentei que á este taxista chámalle "O Allo", e ao levarme ao "Rompeolas" díxenlle que lle pagaba a luz da porta e diante de testigos díxenlle que o responsabilizaba do que me pudes pasar por non me levar á Residencia. El manifestou ali que non me podía levar porque llo impedira o Garda Municipal e que se xogaba o pan del e dos seus fillos. Eu díxenlle que iso teríao que atestiguar perante un xuíz. Desde o "Rompeolas" estaban intentando buscar na guía un taxista de Bergondo, xa que parecía que ningún taxista de Sada me podería levar, e ao cabo dun momento volveu outra vez "O Allo" dicindo que fora falar co Alcalde e que me podía levar á Residencia, que o Alcalde non lle dera orde aos Gardas Municipais de que me impedirán ir e que a el non se lle ocorrería tal cousa". Ate aquí a declaración de Carme

nacional cara a capitania da Garda Civil, onde lle colleron os dados, pero non a denuncia.

Por último, presenta a denuncia ante o Xulgado de Betanzos, (xuíz, Miguel Herrero de Padura), onde declara e é revisada polo forense.

Ante estes feitos, a Asamblea de Mulleres de A Coruña iniciou unha campaña de información pública mediante carteis, sendo solicitado un pleno extraordinario para tratar o tema. A realización deste pleno non foi admitida pola maioría aliancista do concello. O venres, día 25 de Xaneiro, no pleno ordinario, foi presentado o tema por un concellal de Esquerda Galega, pedindo ao alcalde clarexamento sobre a súa participación nos feitos. O alcalde negouse a dar nengun tipo de explicacións e negou, asimismo, a palabra a varias mulleres da Asamblea asistentes ao pleno, ameazándoas coa expulsión do mesmo.

## Condenados por abusos desonestos seguen exercendo os seus cargos públicos

Os policías municipais compostelanos condenados por abusos desonestos seguen a exercer as súas funcións sen que en nengun momento fosen destituídos nen sancionados.

Isto é o que afirmaron a A NOSA TERRA, as portavoces da Asociación Galega da Muller que expresan a súa máis enérxica protesta por este feito; preguntándose "Qué garantías podemos ter nós, as mulleres; indicando que se así son tratados violadores coñecidos con nomes e apelidos polo goberno da cidade, "tamén poden existir violadores 'anónimos' onde menos se pense, mesmo entre os que nos gobernan?", inquire esta organización feminista.

A AGM tamén culpa ao Alcalde de Compostela, Xerardo Estévez, quen nunha entrevista antes de coñecerse a sentenza manifestoulles "que aínda non tiña coñecemento concreto dos temas, polo que nen el nen a Cor-

poración podían levar a cabo nengunha acción concreta".

AGM manifesta tamén que Estévez se comprometeu a "ler detidamente a sentenza e actuar con firmeza en canto teña coñecemento oficial da mesma".

En Xuño do 84, a Audiencia Provincial da Coruña dita sentenza condenatoria sobre os policías: catro anos, dous meses e un día de prisión menor para Alfonso Seoane e un ano de prisión menor para Xan Carlos López, ambos os dous por "abusos desonestos violentos".

Segundo a AGM, todo seguiu o mesmo, e o Alcalde non cumpriu a súa promesa. Hai que ter en conta tamén que durante os dous anos longos que tardou en coñecerse a sentenza, os dous policías municipais permaneceron no servizo como se nada tivese acontecido.

Aínda que a noticia non tivo moito eco nos medios de comunicación, a Asamblea de Mulleres de A Coruña informaba o pasado mes de Xaneiro dos golpes recibidos por unha muller de Meirás, Carme López Barral, de 73 anos, no cuarteliño da Garda Civil de Sada, a causa dos cais perdeu o coñecemento. A muller pretendía presentar denuncia contra o sobriño seu, que, non foi recoñecida. Segundo declaracións da propia Carme L. Barral, o alcalde de Sada, Ramón R. Ares, avisado pola Garda Civil, tratou de que o tema quedase silenciado. Despois de múltiples impedimentos conseguiu presentar denuncia perante o xulgado de Betanzos.

Para o concellal de Esquerda Galega de Sada, a agresión, que en principio podería resultar algo estraña, non o é, sabendo que non era a primeira vez que Carmen L. Barral visitaba o cuartel da Garda Civil, coa intención de facer unha denuncia contra un familiar seu. Carme pasou 37 anos na Arxentina, de onde veu hai cinco. Neste último período tivo diversas diferencias por cuestións económicas cun irmán e cun sobriño. O irmán é un coñecido militante de AP na zona e con fortes relacións con varios números da Garda Civil, ante a cal ela pretendía presentar a denuncia.

Segundo nos explicou o concellal antes mencionado, a agresión e golpe debeuse producir ao insistir a muller en presentar a denuncia, —insistencia á que estarían pouco acostumados os gardas— estes tomarían entón a determinación de sacala pola forza, producíndose así os golpes, un dos cais daría coa muller no chan até perder esta o coñecemento. Parece ser que houbo intercambio de insultos e dalgún golpe, o cal non serve para deixar de recoñecer a desigualdade da pelexa entre unha muller de 73 anos e varios números da Garda Civil. Na Residencia, onde foi recoñecida a agresión, certificaron a existencia de mazaduras e posíbel traumatismo craneal. Segundo varios coñecidos, a vítima estivo a punto de perder un ollo, e aínda que os golpes foron un venres, estes non deixaron de ser perfectamente recoñecíbeis para o foren-

se que fixo a observación ao mércores seguinte.

Con posterioridade aos feitos, un mando da Benemérita, chegado de fóra, estivo realizando unha investigación. Alguns números parece ser que trataron de argumentar que fora o sobriño o causante da agresión e que a muller levaba unha navalla.

### O alcalde trata de silenciar o asunto

A continuación reproducimos unha declaración firmada de Carme López Barral na que relata os feitos sucedidos a partir da agresión e nos que tomou parte o alcalde de Sada, Ramón Rodríguez Ares, membro de AP.

"O alcalde, comeza decindo Carme, falou comigo por teléfono sobre as 3 e media da tarde —refírese ao 5 de Xaneiro— despois de recuperar o coñecemento polo golpe que recibera ao caer a causa do empuxón dun garda, e díxome que me mandaba a ambulancia para que me fose para a casa e que xa me mandaría un médico.

Eu negueime quería presentar denuncia contra os maos tratos recibidos, ou que me mandase a ambulancia para ir á residencia. Veu a ambulancia cos gardas municipais, pero eu negueime a ir porque non querían levarme á Residencia. Despois volveu máis tarde cun sobriño meu co que eu non desexaba ir. Aproximadamente ás seis e media ou sete, veu un curmán meu que, nun coche da Garda Civil, me levou á Casa do Mar, onde me atendeu un médico, pero aínda



López. Na Seguraza Social diagnosticáranlle lesións por agresións xeralizadas por todo o corpo.

### Concomitancias políticas

A muller presentouse tamén no Goberno Civil, pretendendo falar co Gobernador. Non o conseguiu, e o seu secretario remitiuna á Comisaría, de onde saíu acompañada por un policía

Solicitouse unha entrevista co Instituto da Muller para denunciar o tema, en relación á campaña que este Instituto- fixo co lema "muller: la policía a tu servicio".

Viciños de Sada informaron que as concomitancias políticas entre un familiar da agredida —ao cal esta trataba de denunciar—, o alcalde de AP, Ramón R. Ares, e a Garda Civil, son manifestas. Así, é coñecido en todo o povo como a Benemérita xa tiña protexido ao alcalde en varias ocasións, caso da extracción de area da praia, e xuntos tiñan brindado con abundantes bebidas o triunfo eleitoral.

O concellal de EG no municipio comentaría a este periódico a intención de determinadas persoas de calificar de "tola" á Carme L. Barral, engadindo que "iso é moi comprensíbel, dado que hai moi poucas persoas que se atrevan a insistir e a dar a cara desa maneira en casos semellantes".

En relación co que vimos de reseñar, temos noticia doutro caso violento na mesma zona, protagonizado esta vez por un brigada, quen rompeu unha costela a un viciño.

M.V.



lonxe de fonseca

# Terrorismo a mans cheas

LOIS DIEGUEZ

Practicamente todos os medios informativos de Galiza, achacaron de terrorismo a destrución da cada dun sindicalista da UGT de Ferrol. Algun deles destacaba en grandes titulares de primeira páxina: "Llega el terror al sector naval". A cousa, de non ser polo seu dramatismo, faríanos rir. Resulta que non ten importancia o que milleiros de homes e mulleres queden na rua supetamente porque así o decide o Goberno español en función dos intereses da burguesía para entrar no Mercado Comun. Astano, Ascón, agora as minas de Santa Comba, axiña Alúmina-Alumínio, e un longo etc., que representan a máis importante riqueza que tiñamos no noso País, bórrase dun plumazo sen alternativa algunha.

Non preocupa aos gobernantes do Estado o futuro de tantísimos galegos e galegas. Non preocupa o futuro desta nosa nación aldraxada, explotada e sometida arreo a intereses alleos. Ao fin e ao cabo somos os de sempre, os probes galeguíños que aturan todo sen piar. E velei qui que cando piamos —e non é poucas veces por moito que repitan o do noso conformismo secular— pasamos dunha sentada e engrosar o libro reservado con teimosía para o terrorismo.

Máis non é terrorismo, señores meus, o sacar o pan a toda a xente que até agora vivía da industrialización de máis peso criada na nosa Terra? ¿Quén é máis terrorista, o que nega o traballo e a vida ou o que, en loita lexítima para non o permitir, canso xa de berrar, explicar, aclarar, manifestarse..., pon un petardo deses nacasa dun dos representantes dos que non traen esta desgracia?

¿Non é terrorismo deixar o suicidio e a desesperación como saída exclusiva? ¿Non o é ficar impasbel ante eses máis de cen que teñen que visitar o siquiatra porque chegaron xa ao límite do que humanamente se pode aturar?

¿Pero son traballadores e traballadoras, claro, e isto non inqueda a eses socialistas de plástico nen a esas "populares" do pau e tente teso. Eles non sofren porque non teñen fillos nesta situación. Eles non saben o que é dignidade colectiva nen son sensíbeis aos dereitos das nacións asoballadas. Nas suas contas co imperialismo acaban por sacrificálas ou vendelas por tres cadelas. Isto é o que están a facer coa nosa Terra. E Terra significa homes e mulleres, riqueza, traballo, cultura, idioma...

Coido que o PSOE está indo lonxe demais con isto do Mercado Comun. O PSOE meteu aos traballadores e traballadoras galegos nunha leira e púxolles un prezo de risa. Valorou máis aos vascos ou andaluces e puxou por eles diante dun bon fato de competidores. A nós non, a nós deixounos ali e dixo: "A estes que os coma o demo, total, non nos votan... E como xa están afeitos a aturar..."

Pero non é só o PSOE, queridos homes e mulleres de Ferrol, Vigo, Santa Comba, A Coruña, San Ciprián... Están tamén eses da Xunta que queren lavar a cara e din que van contra a reconversión. ¿Non os vistes como nos zoupaban na última folga xeral? Mesmo os seus alcaldes utilizaron a policía municipal contra os folguistas, negando así o dereito definido nesa sacrosantísima constitución. ¿A é hora de que deixen de latricar en Fonseca ou Madrid e digan claramente que iso da reconversión tamén lle vai ben a eles e aos que defenden.

¿Crededes aínda nos Albores, Fragas, Barreiros ou outros do seu compango? E Fraga, neste tema da desfeita xeneralizada, non o faría mellor ou peor. Faríao igual, non vos engañedes, porque ten o mesmo amo e señor: o tío Sam. Lembrade aquilo de Isabel e Fernando, tanto monta, monta tanto.

O maior terrorista é aquel que sen matar fisicamente no momento, anula, destraga e esnaquiza non a un, dous ou tres, senón a milleiros, a unha poboación, a un País. Isto é o que nos deberían aclarar eses medios informativos que nen tan sequer chistan diante da masacre xeneralizada. Se o fan porque o senten quer dicir que son coma eles. E se o fan porque lles mandan, volven ser coma eles. En todo caso sempre estaremos fronte aos que sacrifican aos máis febles, que son a maioría, desgraciadamente. E os máis febles poden ser os máis fortes se eles queren. Esta é a mellor lección a aprender nestes escurísimos tempos.

## Fraga manda, segundo Carreño

Segundo o Conselleiro de Ordenación do Territorio da Xunta de Galiza, Anxel Carreño, líder de AP: "a aldea de Visuña, por orde expresa de Don Manuel Fraga Iribarne, estará electrificada, terá teléfono e, ademais —engadiu o Conselleiro nunha roda de prensa— todas estas obras terán que estar rematadas para uso e disfrute no mes de Outubro do presente ano".

A aldea de Visuña pertence ao concello de Folgoso do Caurel e, como moitos outros da montaña luguesa, non contan cuns servícos mínimos.

Qué é o que lle fixo tomar tanto interese a Manuel Fraga por esta aldea? ¿On é compromisos ten ali que a privilexian sobre outras?, é que as demais non necesitan estes servícos? E, ademais, qué cargo ten Fraga no Goberno autonómico? En canto á data do remate das obras, tampouco temos nada oficial, como non sexa, claro, que despois de Outubro veñen as eleccións autonómicas, e...

## O bispo négase a retirar as inscricións dos "Mártires da Cruzada"

O bispo da diócesis de Tui-Vigo, Monseñor Cerviño, négase a retirar as inscricións que na igrexa de Santiago de Redondela recordan aos "mártires da Gloriosa Cruzada Nacional".

A retirada destas inscricións foille solicitada por dous concellais deste axuntamento no curso dunha entrevista calificada de "tensa".

Redondela non é un caso único, xa que en toda Galiza aínda poden verse lápidas, como se só houbese mortos de "un lado", e sen ter en conta xa a vella terminoloxía e símbolos, ambos os dous contrários á legalidade e prohibidos expresamente polas leis españolas.

Até o de agora viñéronse soportando estas inscricións que estaban situadas en lugares considerados como sagrados por moita xente. Pola particularidade da súa situación, foi polo que en moitos casos, até nas comarcas tradicionalmente republicanas, prio".

## Non firman actas por iren en galego

Os concellais de AP e PSOE do municipio de Soutomaior negáronse a firmar a acta da sesión anterior do pleno. O motivo da negativa foi, segundo fixeron constar, "o estar redactada en galego", indicando que firmarian dita acta sempre e cando estivese redactada en español.

Con tal decisión, tais membros do concello, incumpren a actual Lei de Normalización Lingüística.

# Hai denúncias que matan



Rivera Arnos, alcalde de Fene

Señores, seica non se pode discrepar. Isto é o que intentan o PSOE e AP; o que entenden eles por democracia.

Fago esta reflexión despois de desstripar dous feitos significativos ocorridos a semana pasada.

Consideren vostedes se é gratuita.

Por un lado temos o procesamento do Alcalde de Fene e dun tenente de Alcalde do mesmo concello, ambos pertencentes ao BNG. Prodúcese o proceso por ter chamado ao povo a manifestarse contra a chamada reconversión. Acúsannos de seres causantes das desordes. Até aquí aínda podería entenderse algo. Pero o proceso en cuestión prodúcese a instancias nen máis nen menos que do Gobernador Civil da Coruña, un home do PSOE que algunha vez tamén ten chamado a folgas e a protestas. Pois ben, agora o PSOE quer acalar todo intento de porse aos seus plans de desmantelamento industrial de Galiza. Pouco importa que sexa lexítimo, democrático, lóxico, ou como queiran adxetivalo. Tanto ten. Oponse aos seus plans. Igsto é o que importa para eles. Xa sabemos a terminoloxía e os criterios que seguiron para calificar as folgas habidas en Galiza, o que nunca pensamos é que con eses criterios intoxicadores fosen até os tribunais de xusticia.

Pero ademais só emprenden accións contra dúas persoas, por máis que os chamamentos os fixesen todos os alcaldes e concellais de Ferrolterra, agás, claro, os do PSOE. Alcaldes e concellais, con excepcións manifestadas, que nun escrito peden ser acusados do mesmo que os seus compañeiros, pois que eles tamén son responsables do chamamento.

Cabería preguntarse por qué o Gobernador, Domingo Ferreiro, non emprendeu accións tamén contra os outros alcaldes e concellais, qué pensa facer noutras folgas e protestas e un longo etcétera de inquiritos que se contestarian por si sós, polo que imos aforrar a súa enumeración.

O outro feito veu propiciado por AP, concretamente polo Alcalde de Lugo. Outro militante do BNG foi xulgado por asubiarlle ao Alcalde e ao Conselleiro de Cultura, cando su-

biron á tarima do escaéiro, durante un festival público.

A denuncia esta vez partiu da Policía Municipal, pero o Alcalde negouse a retirala. Menos mal que, celebrado o proceso, o fiscal pede a libre absolución.

Pero o feito en si demostra tamén que non aturan as discrepancias e que tentan apresentar a todo aquel que discrepe como responsable de desórdes públicos.

Agora, por esta regra de tres que seguen PSOE e AP, nen sequer vai quedar o último recurso, o recurso ao pataleo, ao abucheo. Consideran que, por estar no poder, son intocábeis. Estaráfiche bon que agora a cada xogador, árbitro, ou presidente (a cantos presidentes de clubs deportivos se lles pon na picota por milleiros de inchas cada xornada!) se sentisen molestos e denunciásen por "desordes públicos", aos que mostrasen desta forma a súa discrepancia. Calquer director de orquestra, cantante, artista en xeral, home público en definitiva, podería escuadrarse nos abucheos provenientes da súa "má xestión", para acusar, aos que lles expresan o rechazo, de desordes públicas. Vaiche boa.

Ademais, a que subiron ao escenario? Só a receber os parabéns. Qué bonito! Se non gostan das críticas que se retiren, ou polo menos que non aparezan en público.

Habia unha "pobre" que andaba pedindo polas portas, "A Careca", hoxe internada nun asilo de Lugo, que cando le asubiabas, se te podía pillar, pegábache un pau. Un día pasaba por diante dunha escola no momento que un mestre cun chiflo lles indicaba aos rapaces que se acabara o "recreo". "A Careca", sentiuse ofendida e, dun pau, rompeulle a cabeza.

Hai outros que resolven as discrepancias doutra maneira. Como o Alcalde de Vigo, Manoel Soto, que se nega a readmitir a Paulino Trabazos, e desde o Caribe desautorizou as xestións do Alcalde accidental, Sánchez Penas, para que Trabazos voltase ao traballo. Soto tampouco acepta a discrepancia.

A. EYRE



O mundo de **CUNQUEIRO**

No seu quiosque e librería habitual







traballo

Os datos oficiais así o afirman

# Galicia aporta máis a Seguranza Social do que recibe

Desde sempre viuse afirmando non só pola dereita e o Goberno senón tamén pola esquerda española, que Galiza recibe moitas máis prestacións que as que aporta á Seguranza Social. Os datos oficiais do I.N.S.S. desminten totalmente estas afirmacións.

En Galiza hai un pensionista por cada 2,23 traballadores ocupados, fronte aos 2,057 no Estado español, segundo estadísticas do Instituto Nacional da Seguranza Social, en datos recollidos no ano 1983.

As prestacións económicas do INSS en Galiza neste mesmo ano foron 127.635.433.658 pesetas total estatal, representando a poboación de Galiza o 7,5 por cento da do Estado, e sobre unha poboación ocupada de 9,673 por cento (1.006.700 persoas ocupadas en Galiza sobre 10.407.100 no Estado).

En Galiza hai 727.359 traballadores afiliados.

Alén disto, as pensións en Galiza son máis baixas como média: 21.391 pesetas en Galiza fronte a 23.010 no Estado.



### O número de altas inferior ao de traballadores activos

Débase salientar que o número de altas na Seguranza Social en Galiza é inferior ao de traballadores activos (727.359 fronte a 1.172.700), mentres que no Estado esta diferenza redúcese no tabelmente (11.236.636 fronte a 13.210.100).

Ate tal punto hai moitos traballadores sen estar de alta na Seguranza Social que estas son menos que os traballadores ocupados; pola contra,

no Estado son 800 mil traballadores máis os asegurados que os ocupados.

Así as cousas, ollamos cómo en Galiza un de cada tres traballadores non está dado de alta.

Ademais, o número de traballadores do réxime xeral da Seguranza Social, sumados aos demais réximes, é inferior ao número de asalariados.

### Os ingresos na S.S.

Os ingresos por cotizacións na Tesouraría da Seguranza Social son en Galiza

za 106.504.324 pesetas.

Isto representa o 4,74 do total dos ingresos a nivel do Estado durante 1983, sendo a nosa afiliación o 6,47 por cento da do Estado.

Os ingresos por cotizacións son máis baixos, dado que un sector importante dos afiliados son traballadores agrarios, que tiñan cotizacións máis baixas que o réxime xeral e que foron aumentadas nos últimos anos moito, criando unha situación difícil neste sector depauperado, que representan en Galiza un tercio dos afiliados.

A emigración de man de obra ao resto do Estado provoca que milleiros de traballadores volten ao xubilárense ou qo aquedaren inválidos, aumentando portanto o capítulo de gastos tanto en pensións como en atencións médicas e farmacia.

O lóxico é que ou se reduza o que representan en gastos estes traballadores, ou se aumenten os ingresos na cantía en que o fan os traballadores emigrados.

### O aumento de cotizacións

Os aumentos de cotizacións á S.S. durante 1985, a partir dos criterios fixados no AES, son realmente negativos, e non só para os asalariados, senón tamén inclusive para un colectivo tan amplo como o dos traballadores por conta própria no agro.

Para os traballadores asalariados redúcese o seu salario nun 0,28 por cento, e para os traballadores do agro por conta propia auméntase a cotización nun 24,8 por cento.

Para acochar os baixos salários e as más condicións de traballo

## Inténtase pechar a mina de Sta. Comba

A multinacional francesa Coparex, pretende pechar as minas de Santa Comba aducindo falta de rentabilidade, o que é negado polos traballadores, que elaboraron un plan de viabilidade da empresa.

A empresa Coparex quer lograr o expediente de extinción de contrato aos douscentos quince traballadores das minas de Volfrámio de Santa Comba. Aduce a dirección que non é rendábel a explotación, dada a baixa do predo do mineral e as perdas acumuladas.

Pola súa banda, os traballadores sinalan que os balances non son reais e que o control dos predo exerceo as

multinacionais de mútuo acordo.

Pensa o comité de empresa que se trata de pechar temporalmente para voltala abrir cando lle conveña, librándose así da posíbel acusación de que se pagan salários de miséria e de que as condicións de traballo son infra-humanas.

Engaden os membros do comité que existe má xestión e despilfarro de materiais.

Aducen tamén como posíbel causa deste peche as necesidades de volfrámio que xeraría a entrada na OTAN e a conseguinte instalación dunha base militar no Ferrol.

### Qué papel xoga Sodiga?

Por outra banda, o comité de empre-

sa non entende o cometido de Sodiga, que ten invertido perto de cincocentos millóns de pesetas para controlar as evolucións financeiras da empresa.

Daquelas aseguróuselles que a produción sería óptima até 1992, estándose a incrementar a extracción de ano en ano nun 50 por cento.

Os traballadores teñen presentado un plan de viabilidade tanto diante de Sodiga como da Delegación de Traballo.

Por outra banda hai que recordar aquí o encerro na mina protagonizado polos traballadores que protestaban polas condicións de traballo e polos salários, a metade máis baixos que no resto do Estado.

Festival de solidariedade con Astano

## De nada valen as conversas

As conversas mantidas entre a administración autonómica e a central para tratar da reconversión non aclararon nada. Pola súa banda, o PSOE, que tamén di estar a tratar o tema en Madrid, non di nada novo.

Mentres tanto os obreiros seguen coas accións de protesta nas que, como o domingo, receberam a solidariedade de milleiros de galegos, nun acto musical, cultural e reivindicativo.

Se había alguén que esperase que Albor traería un cambio de atitude, aínda que fose mínimo, por parte do Goberno central no asunto da reconversión, quedouse como estaba. Xa de antemán se sabía que o PSOE non lle ía pór en bandexa, eleccións á vista, un tanto na punta da bota de AP.

O que se esperaba con interese era non tanto a contestación de González, como a postura que ía tomar a Xunta.

Afinal, as dúas foron as esperadas. Felipe González, aínda que sen moita "acritude", que deixou para conselleiro e ministro, na súa entrevista, díxolle que de Astano nen falar, que o asunto estaba totalmente zanzado.

Fernández Albor laiou "da incompreensión". Polo demais, a Xunta que saibamos, non tomou nengunha medida máis. Nen acción de apoio, reivindicativa ou non... quedouse laitando. Non se esperaba menos, sobretodo en círculos sindicais.

En canto a Ascón, "o optimismo é moderado", por máis que non se dixese moito novo. Díxose que, se había quen se fixese cargo da empresa, o Goberno "deixaría" que funcionase, e até perdonaría algunhas das súas débedas. Non se esperaba menos, pois que, hoxe por hoxe, do que non ten capacidade o Goberno do PSOE é de pechar empresas privadas, e Ascon polo momento, aínda o é.

Ademais, con esta postura, nada nova, por outra parte, quería dar unha imaxe de concórdia e "afabilidade". Pero iso si, recalcado que os traballadores tiñan que pasar, dunha vez, ao fondo de promoción de emprego.

Ao mesmo tempo lanzábase a hipótese de que había empresarios que estaban interesados en Ascon. Todo "camiño de rosas", pensaban algúns: o Goberno que di que se hai quen se faga cargo non cerra, e un empresario que aparece na sombra, só na sombra, porque unha semana despois ninguén sabe nada aínda.

Mentres tanto até o comité de empresa se mostra esperanzado. A un lado quedan as reivindicacións de nacionalización. Calquer saída que poda haber empézase a tomar como válida. Pero a saída aínda non se alisca por nengures. Iso si, todo isto serviu para frear as movilizacións dos obreiros.

### Astano cada día máis

Ao tempo en Astano a tensión sube día a día. Anúnciase que "non nos van quitar do estaleiro, só que sexa cos pés por diante".

De momento as protestas para pecharse xa, dunha vez, no estaleiro son derrotadas nas asembleas.

Paralelamente a isto as manifestacións son cada día máis numerosas. O apoio de Bazán empézase a sentir con máis forza, xa que por un lado están a negociar o seu convenio, e por outro cada día son máis os obreiros desta factoría que se dan conta de que, finiquitado Astano, eles son o segundo branco. Xa se fala da perda de perto de dous mil postos de traballo tamén en Bazán.

Ferrolterra cada día está máis crispada, máis concienciada, a crise déixase notar.

Nestes días as cousas poden subir aínda moito máis de tono, porque aqueles que se apuntaron aos Fondos



de Protección van cobrar. A pregunta é qué vai pasar con aqueles que non se anotaron. Aquí pode estar o verdadeiro detonante da situación. As verdadeiras accións de forza e até, pode que o enfrentamento entre os mesmos obreiros.

### Un artefacto nun comercio propiedade dun membro da UGT

Hai veces que as cousas se disparan. Sindicalistas ugetistas de Astano, andan escapados, algúns en Madrid. Son os dirixentes, aos que algúns obreiros non lles perdoan o que para eles é "entreguismo e traición".

E, un día, o comercio da muller dun dirixente sindical de UGT en Astano, sofreu os efectos dun "cóctel moloto". Declarouse un pequeno incendio que foi aproveitado polos meios de comunicación e polo goberno para botar impropérios sobre os traballadores de Astano.

As outras noticias, a de que un obreiro de Ascon se quitaba a vida, por culpa da "reconversión", de que había moitos obreiros e familiares en grave estado mental, quedaron minimizadas. A verdade é que o terrorismo de guante branco sempre tivo mellor prensa que as accións que se producen, algunhas veces, como resposta,

Sindicalistas, sobretodo da UGT, e xornais, chegaron a culpar case directamente á INTG e ao seu secretario xeral, de ser a indutora do feito. Tentaban por todos os medios de desprestixiar a loita obreira. O incendio do comercio foi o de menos, por máis que fose unha acción indicativa de até onde poden chegar as cousas se non se atallan buscando unha solución axeitada.

Pero o Goberno pensa que gobernar é non ceder, non voltarse atrás aínda que se vaia por camiño equivocado. O PSOE está aplicando esta práctica como ninguén, e non só en Madrid, senón que a aplican en Axuntamentos, sendo un mestre Francisco Vázquez en A Coruña e agora Manuel Soto en Vigo, que coa súa intransixencia pode levar a un traballador da limpeza a situacións fatais. Un obreiro que como único delito ten o non pregarse ás atitudes sindicais do PSOE, ou participar nas folgas xerais, desouindo as coaccións do Goberno Municipal que os cominou a ir traballar. Paulino Trabazos é unha vítima máis da prepotencia e da intransixencia do PSOE, que pode levar a situacións límites. O incendio de Ferrol ou a situación crítica de Trabazos só son dúas mostras.

**BAR LCON**  
c/ real, 46 VIGO

**Xorner DISCOTECA**  
praza de San Agustín, 10  
Telf. 22 67 43  
a coruña







# "O sexo é unha das cousas máis interesantes que nos pasa ca"

Valenciá, profesor de socioloxía na universidade. Supera, nun par, os coarenta anos. Vive só, aínda que ben comunicado. Era unha das firmas que máis se deixaba ver na desaparecida revista "El Viejo Topo". Agora escribe, habitualmente, sobre sexualidade e relacións persoais, no dominical dun diário madrileño. O seu libro máis coñecido é "Qué hace el poder en tu cama"; pero ten outros como "Ecología y lucha de clases", ou un máis, no que volta falar da loita de clases, esta vez relacionada coa liberación nacional no País Valenciá. Afirma que a el non lle chegou o desencanto, quizais porque nunca creou, ao pé da letra, nos manuais. Abusa das palabras "discurso" e "varón"; a súa lingua é o catalán e, moi finamente, di sempre "Estado español". Non lle preocupa a morte e pensa que é necesario erotizar a vida cotidián. Sabe ser irónico e discreto, e resulta tremendamente seductor, tanto cando escribe, como cando dá conferencias ou concede entrevistas. A nosa conversa, momentos antes da inauguración das "Xornadas para a Renovación da Educación Sexual", foi moi agradabel, aínda que confesou que un forte catarro lle tiña, aquel día, notabelmente mermadas as facultades.

ANT.—Qué ten o sexo para que sempre estexa de moda?

—Pois que é unha das cousas máis interesantes que nos pasan, cando nos pasan. O que si parece haber é un exceso de comentarios sobre o sexo. O tipo de sociedade na que vivimos reprime o sexo, pero ao mesmo tempo estimula á xente a falar del, pero non a falar publicamente senón en termos do que eu chamo "discurso borde", de taberna, dos chistes verdes, discurso que ás veces se expresa con cotoveladas, con sorrisos. Isto último é o que sucede todo o tempo en que oficialmente non se falaba de sexo. Entón, a situación de represión e desinformación sexual xerou que a xente, aínda cando teña unha vida sexual —normalmente bastante pobre—, empregue moito tempo en falar sobre o sexo do viciño.

ANT.— Onde sitúa a confluencia entre falar socialmente e falar individualmente do sexo?

—Todo individuo recibe unha gran carga ideolóxica culpabilizadora e deformadora sobre o sexo, por iso, quizá, as persoas pasan a vida tratando de adaptarse a algun dos modelos sexuais socialmente recoñecidos. Cómpre entón facer unha especie de contra-discurso social que permita neutralizar isto, para que cada un poida vivir a súa individualidade como propia.

Agora, se existe unha identidade sexual de cada persoa, iso non o sei. Penso que sempre que haxa unha historia persoal, isto fai que o individuo se transforme e se enriqueza. Pero falar de identidade sexual en termos dunha persoa que, por exemplo, sempre fixera o amor da mesma forma, sería algo bastante terríbel. Isto preocúpame, dado que moitas persoas non temos historia sexual e dedicámonos a repetir mecanicamente, quizá, as fórmulas que nos saíron ben, ou ás que estamos acostumados. Unha cousa que parece unha perogullada, pero que nunca lla lla a ninguén, é que se non falamos da mesma maneira con persoas diferentes, coas que estamos a gusto, por qué teríamos que facer o amor da mesma maneira?

Como conclusión, penso que a loita contra o discurso social deformador é a que permite a afloración dunha identidade sexual pero que non debíamos entender esta nunca dunha maneira ríxida, como que temos unha forma nosa. Tampouco estou de acordo coa versión "progre" de que isto sería como unha carreira, na que unha persoa quitándose prexuícios chegaría a ampliar a súa gama de ma-

**"Os homes queren casar máis que as mulleres"**

placadas globalmente. E se non o saben, e o único que fan e pór en con-

calquer outro aspecto. Pero cando non hai sentimentos positivos, e non digo necesariamente afecto, nen moito menos enamoramento, cara unha muller, hai o contrario, quer dicer, sentimentos negativos. A idea da relación sexual en estado puro penso que é imposible. Proba diso é a atitude tradicional de desprécio cara a muller coa que encontraron facilidades inesperadas para a actividade se-

crebera. Eu tiven que facer unha certa aprendizaxe da miña vida despois de ter concluída unha etapa sentimental. Como o diría dunha maneira que non soara a farolada...? Eu sentíme implicado nesa evolución, o falar sobre o sexo forma parte do meu proceso de aclararme, de axustar contas co que me dixeron de pequenino e co que estivera ouvindo aos amigos cando era novo. A miña posición podería ser homologada, non como a dun militante da loita sexual, pero si como a dunha persoa que tratou de contribuir, durante un bon período da súa vida, á explicación do que fai un varón que vive só e que desexa relacionarse da forma máis positiva coas mulleres, este é o meu discurso. Eu teño moito coído de falar das cousas que me resultan moito máis exteriores ás miñas propias vivencias e á miña propia práctica. Por exemplo, nos artigos de El País, eu falei de homosexualidade masculina unha vez, e de lesbianismo outra, estrictamente para situar as condicións de respecto e de feito neses casos non falei dos homosexuais nen das lesbianas, senón de cómo cren os heterosexuais que son os homosexuais. Eu tratei sempre de non falar en nome dos demais. Entón a miña posición é a de varón heterosexual que vive só, e iso non lle supón a renuncia ao sexo. Aparte diso, teño unha profesión que serve un pouco para todo que é a de sociólogo.

**"Todo o que nunha sociedade se consideraba importante adxudicábaselle aos varóns; se noutra sociedade o importante era o contrario, tamén se lle adxudicaba aos varóns"**

—Pero non defendo a teoría de que hai que probar as cousas antes de dar consellos, eu non dou consellos nen fago terapias. Dalgunha maneira eu tamén estou defendendo os meus intereses, que son os dun suxeito que pensa que para relacionarse máis libremente necesitaría non semente unha sociedade máis libre senón que, por exemplo, as mulleres tamén fosen libres; isto está moi conectado coa miña ubicación antipatriarcal. Eu non teño má conciencia de ser varón, nen a máis mínima, teño a miña identidade sexual. Era unha das dúas posibilidades, e está moi ben. A outra tamén está moi ben, pero eu podo estar mellor nunha sociedade menos patriarcal que esta.

A.N.T.— Pensa que son asimilábeis os conceptos de masculino a varón e feminino a muller?

—En esencia non hai nada que sexa masculino nen nada que sexa feminino, todas as cualidades son neutras. O que ocorre é que os varóns historicamente parece que nos reservamos certas cualidades e dixemos que as outras eran femininas. Unha cousa é a imaxe que se deu socialmente de cómo éramos os varóns, que non se corresponde coa nosa bioloxía e que igual se podería ter dito das mulleres, e outra cousa é como somos realmente. Oficialmente, o varón é activo e agresivo, pero cantos varóns son activos e agresivos? Non o sabemos, o que si sabemos é que todo varón se sente forzado en certo modo a finxir que o é.

Por outra banda, cando alguén fala de que debemos unir o masculino e o feminino, o do ying e o yang, ou ter unha parte masculina e unha parte feminina, a min isto paréceme pouco rigoroso, dime o que ti dis que

## J. Vicent-Marqués



nifestacións sexuais, e a dicer: pois ao principio só me gustaban as persoas do outro sexo e agora xa podo ser bisexual, etc., non se trata de ampliar, senón de restablecer o feito de que, de todas maneiras, cando dúas persoas fan o amor, se coñezan pouco ou moito, estexan casados ou acaben de encontrarse nun bar, están im-

tacto a súa técnica de facer o amor, pois pior.

A.N.T.—Non cre logo nunha relación sexual en estado puro, quer dicer, á marxe do afecto, ou dos sentimentos?

—Dase por sentado que o varón é o máis capacitado para afastar o sexo, non xa da afectividade, senón de

sexual.

ANT.—De qué maneira a identidade sexual do que informa sobre o sexo condiciona a súa mensaxe?

—A min paréceme tan claro o de que semente se fala desde determinada posición, que cando escribin "Qué hace el poder en tu cama?", empecei o libro dicindo por que o es-

Xan Carballa



# casando nos pasan"

a muller ten que asumir do masculino e podereiche dicir que houbo na historia milleiros de mulleres que tiñan asumido iso. Porque en realidade nen as mulleres nen os homes foron nunca como o estereotipo que se ten producido deles. Por exemplo, a imaxe de forza do varón é a imaxe de dar a cara, como forza, suponse que non pode ser feble, pero non pode ser feble fóra de casa, dentro de casa pode darlle unha lata tremenda á muller queixándose sempre do xefe pero sen atreverse a tomar nengunha decisión. Sobre a capacidade de decisión atribuída tradicionalmente aos homes, pois valai están os exemplos, ben evidentes das mulleres que teñen que levar a casa cando o marido está embarcado. E moi arriscado falar de masculino e feminino. Calquer cousa se a fai unha muller lese como feminino e se a fai un home como masculino. O que é certo é que todo o que unha sociedade consideraba importante adxudicábaselle aos varóns, se outra sociedade o importante era o contrario, tamén se lle adxudicaba aos varóns. A sociedade actual tende a ser máis mixta.

**A.N.T.—Hai algun tempo veu o desencanto pola política de masas e o encanto pola política da vida cotidiana, cómo estamos agora?**

—Eu debo ser unha especie de estranho "progre", resistente ao cambio, por aquilo da miña cronoloxía persoal, eu síntome vencellado á miña xeración, que sería a da xente que ten entre 25 e 40 anos, como xeración ampliable até 45 con pequenas minorías. A min cústame entender os desencantos bruscos da xente, quizá porque nunca estiven encantado directamente. O feito de que cando eu militaba politicamente non o facia en nengunha ortodoxia concreta e, ao mesmo tempo, o tipo de traballo político no que estaba incluía a loita contra o capitalismo en temas como a publicidade, o consumo, etc., a min persoalmente vacunoume a respeito dos grandes desencantos. Creo que o

gardando un pouco as formas, non. Isto de pagar un dobre tributo á institucionalización do amor, só se explica en que hai persoas que queren voltar a un útero, neste caso con video, a parella, a casa. E ollo, que non estou criticando á parella, senón o rodearse de tanto aparato protector. Unha persoa que viveu máis libremente e agora está vivindo dunha maneira parecida a como o facían os seus pais, ou ben nunca creu naquilo ou está pagando un custe psicolóxico de autoengano.

Ainda que tamén é certo un contexto que eu non sabería explicar. O gran enigma do Estado español é cómo pasa, non a nivel maioritario, pero si a nivel dunha imensa minoría, nos anos 70 dun dos momentos máis progresistas, quizá de toda a historia, e de súpeto entra nun proceso de conservadurización.

Por qué? Unha hipótese sería a de que cando non falaba ninguén, aos que o facíamos dábanos a sensación de que todo o mundo era coma nós, e que os demais non o manifestaban porque non había liberdade. Despois moita xente descubriu, ao mellor, que non éramos tantos.

**A.N.T.—Deixando a política, pensa que a xente está preocupada polo amor?**

—Creo que si. Concretamente, as mulleres si que saben que o do amor é importante; sábeno e sobre-sábeno, porque foron bombardeadas coa idea de que o amor tiña que ser o máis importante das suas vidas. O que é un pouco curioso é que os varóns temos a tendencia a pensar, en principio, que o amor é algo que ten que estar aí e que non se ve. Os varóns aparentemente só estamos preocupados polas cotizacións de bolsa, polos conflitos internacionais, polo ascenso ou descenso profesional, porque se supón que o amor témolo aí, que algún nos quer, que nos ten o xantar á mediodía, e non se lle dá importancia. Por iso, cando se produce a separación dunha parella, normalmente, en principio quen peor o pasa é a mu-



Xen Carballeira

halo negro da xeración e dos progres é o grau no que asumiron todo con excesivo dogmatismo e coa esperanza de resultados a curto prazo. Eu creo que ninguén pode ser tan antimarxista como aquel que non é que fose marxista, senón que se creía ao pé da letra e rixidamente o manual de marxismo que lle recomendara o partido; senón non pode enfadarse un tanto.

Unha cousa é volver os ollos aos aspectos que foran descoñecidos da vida cotidiana e outra é dicir: agora apóntome á vida cotidiana esperando que che dé un montón de satisfaccións. O que si é certo é que houbo un proceso de conservadurización nesta xeración que a min resultárame doloroso. Hai cousas que eu podo respetar pero que me custa entender, como por exemplo os segundos matrimonios de xente que toda a vida estivo dicindo que non creía nas institucións; sobre este plus de conservadurismo excesivo podíamos dicir que se pode aburguesar un, pero

ller, pero logo cando a muller saíu adiante, entón é cando se dá de conta o tío de que a parella lle estaba facendo falta. Por iso penso que os homes queren casar máis que as mulleres.

**A.N.T.—E qué opinas das separacións?**

—Eu propoño que as parellas se separen antes de que se acabe a cousa. Porque cando se acabou é cando se está completamente cheo de rencor. Se agardas até que non podes máis, entón está claro que a sensación de alívio é moi forte, pero tamén é posible que estropeases a relación coa outra persoa, que ao mellor pagou a pena no seu momento, e sobretudo, de cara os fillos, é unha faena, porque o que realmente necesita un cativo é que o pai lle devolva unha imaxe positiva da nai e viceversa, e claro, se a parella está cabreada, vivan xuntos ou separados, iso non se produce.

M.V./M.F.B.

## tribuna

### Convocatoria de prazas de M.I.R.

# Unha negación do cámbio

Segundo os colectivos máis progresistas da sanidade galega, a convocatoria das prazas de MIR hipoteca o necesario cámbio sanitario e non se diferenzia nada das anteriores. Neste traballo o Sindicato Galego da Sanidade dá a súa visión do que representa a convocatoria



Arquivo

O sistema MIR é o sistema de formación postgraduada reconecido mundialmente como o máis axetado para a formación de Especialistas médicos. Pero o feito de que o número de prazas anualmente convocadas sexa moi baixo (este ano non é unha excepción), amóstranos que o dereito á educación (neste caso formación médica imprescindible) reconecido na Constitución é vulnerado na práctica, transformándose o sistema MIR nun novo método de selectividade que cria por unha banda postgraduados privilexiados e pola outra postgraduados condenados ao paro e ao traballo provisório e non satisfactorio.

A convocatoria actual é, novamente, unha oposición médica durísima que impón aos postgraduados a loita polos postos a cubrir.

**Convocatoria MIR actual (BOE: 4-1-85): unha convocatoria sen cámbio.**

A famosa teoría da "racionalización" na Administración pública tampouco foi efectiva neste caso pois a convocatoria fíxose moi tarde, o exame retrasárase e a incorporación dos MIR seleccionados será efectiva en Marzo ou Abril. Quén son os responsábeis deste retraso? Por qué se despreña olímpicamente a milleiros de aspirantes que están esperando a convocatoria desde hai meses? A eficacia da Administración móstrase tamén mellorando os aspectos

máis tecnocráticos da mesma. Pero debido á "laxitude" burocrática, a incorporación este ano será máis tarde que nunca.

O número total de prazas ofertadas este ano é 2.607 (veremos logo que o número de prazas a cubrir é moito máis baixo, en total 1962). Gostaríamos saber en qué traballos están baseadas estas cifras. Polo que respecta a Galiza non coñecemos un estudo rigoroso que poña de manifesto as necesidades reais de Especialistas médicos na nosa sociedade. E o máis importante traballo do Ministerio de Sanidade sobre o tema xeral dos médicos especialistas no Estado español puña de manifesto as súas propias limitacións, en canto non se dispoña dunha información completa sobre o tema. Quer dicir, temos que pensar que o número de prazas ofertadas é máis produto do azar que dun estudo serio das necesidades.

Queremos destacar aquí dous aspectos especialmente relevantes. Un é a posíbel aplicación da Lei de Incompatibilidades médicas. Se realmente o Ministerio ten a vontade de aplicala será preciso contar con varios milleiros de Especialistas para cubrir os ocos dos médicos pluriempleados. De onde, cabe preguntarse, van saír? Todos sabemos que hoxe o paro no sector de médicos especialistas é mínimo (os 20.000 médicos en paro son basicamente postgraduados non especializados).

O outro aspecto é o relativo á reforma da "Atención Primaria".

Se realmente o Goberno PSOE está disposto a millorar a atención primaria coa creación dos Centros básicos e estruturas básicas de saúde, as prazas médicas deses centros teñen que ser cobertas fundamentalmente con Especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria. Pensa o Ministerio que con 378 prazas convocadas este ano pódense cubrir as necesidades básicas dunha asistencia primaria renovada? A nós a cifra parécenos ridícula e pon de manifesto as contradicións do Goberno PSOE que teoriza a reforma e non reforma nada.

**Prazas ofertadas e prazas a cubrir**

Como xa dixemos antes, o número total de prazas acreditadas é de 2.607. Afinal serán cobertas 1.262. A conclusión máis inmediata é que este ano moitos hospitais voltarán quedar sen MIR.

Loxicamente, os postgraduados seleccionados elixirán os mellores centros do Estado para facer a súa especialidade. A desigualdade no nivel asistencial, docente e de investigación, é real e condicionada por varios feitos de todos coñecidos e que non imos analizar aquí. Pero o que non se pode seguir tolerando é que as desigualdades inter-hospitalarias se perpetuen.

O ministerio ten que tomar medidas encamiñadas a igualar as condicións xerais de traballo nos hospitais (plantillas, medios técnicos...). Entre esas medidas está a dotación de MIR para os centros con acreditación docente. Todos coñecemos a gran importancia que teñen os MIR para o nivel asistencial, docente e de investigación. Deixar sen MIR a un hospital é hipotecar o seu futuro. Galiza sufrirá tamén este ano as consecuencias dunha política científica cega que vai destinada a manter e incrementar o subdesenvolvemento sanitario das zonas periféricas.

En definitiva: O valoramos moi negativamente a actual convocatoria MIR que padece os mesmos erros de anos anteriores e que non está na necesaria liña dunha reforma sanitaria progresista. Polo demais, non nos colle de sorpresa pois o Ministerio de Sanidade está amostrándose incapaz de dar solucións aos problemas do sector, mantendo unha política chamada "racionalizadora" e que na práctica é unha política "restritiva" encamiñada exclusivamente ao aforro, cuxas consecuencias inmediatas son a sobreexplotación dos traballadores sanitarios e a decepción da poboación que non ve cámbio sanitario por nengures.

SINDICATO GALEGO DA SANIDADE (SGS)

## rua do olhomol

# Plácido segunda, terça, quarta,...

PHILIP MANZANERA

Nom tenho nada, absolutamente nada em contra del. Aseguro-o. Pobrinho; el que culpa tem? Il mio cuore è uno zingaro.

Pero o que nom entendo, nem acabarei nunca de entender é por qué nom o aproveitam máis. Spain é um país onde nunca sabemos utilizar como se merecem e como sería assaz necesario a cada um dos nossos grandes inventos.

Porque, se é verdade que o champagne de San Sadurn d'Anoia entra con el moito mellor; se até um está deseando mercar un smoking branco, camisa de x "cafre" e sapatos branco-acharolados para bailar "Muñequita linda", qué menos que utilizar ao noso último descubrimento para a estabilizaçom democrática —sempre pendente— das nossas cousas mais íntimas?

Pensemos: num momento como o actual pode acontecer que

máis de um parado que joga à lotaria ou às quinielas como último recurso; em vendo que o Madrid igualou na casa co Murcia ou em vendo que o seu número é o 56.768 e ganhou o 56.769, decididamente, cometer algunha barbaridade e provocar o correspondente artigo de Totota Armesto, com pergunta ao governo incluída. A melhor soluçom? Plácido Terça. A Você nom lhe "tocará" a lotaria, pero na vez de escuitar os nenos de S. Ildefonso en plam monótono, escuitará a Plácido Terça. Polo menos será um regalo para o ouvido, ja que nom para o peto!

Pensemos: Se em vez de nos anunciar o lobo-Boyer como aquilo de "El ordenador lo sabe", ponhemos a Plácido Quinta cantando aquilo de "Es tiempo de vivir en paz, es tiempo de declarar. Hacienda trae su colaboración, yo traigo mi canción", quantas amas-de-casa nom decidirám —elas que sempre decidem— os seus maridos/esposos a declarar?

Pensemos: na vez de deixar os vermelhos isso da Otam, por qué nom sacamos a Plácido Sexta com uniforme e missil? "La marcha de los voluntarios" ou "Soldadito de la Otam, el orgullo del som fue besarte..." por Plácido Sexta decidiría a mais de um disidente da epeia soldadesca.

E é que precisamente neste tempo, onde fai falta a imaginación, o aforro, a inversom e todo isso... qué demostra o nosso governo? Que nom se inteira, logicamente. Se em vez de l brán, pomas a Plácido Segunda em Bruxelas, a cousa é pam comidol.

Plácido, Julius, La Norma... maravilhas que nom som intelixentemente usadas na nosa política interior-exterior como deviam.

O dito e concluo: por qué somente domingo? Mas nom: Plácido Segunda, Terça, Quarta, Quinta, Sexta e Sábado (e se for preciso também luns, martes, mércores...) e mesmo os dias santos para nom descansar!



## Ernesto Cardenal

FRANCISCO CARBALLO

Para Ernesto Cardenal de novo sopran ventos, tornados destrutores, que non atopan descoidado ao poeta. Está acostumada a velas vir.

Hai algun leitor que descoñeza a Ernesto Cardenal? Nascido en 1925 en Nicaragua, xa en 1954 participa en sublevacións contra os Somoza. A árbore abaneada resistiu; Ernesto busca a soedade no Trapa de kentucky á sombra de Tomás Merton: dous poetas xuntan as mans e ambos deciden que Ernesto debe voltar a Nicaragua. Sacerdote, proclama na búaola de todos os cadrantes o seu amor volcánico aos homes, e de entrada aos ameríndios, cos Salmos (1964). Cantos cregos conciliares berraron a súa raiba pola liberdade coas oracións de Ernesto Cardenal! Nelas zoan os ventos furacannados do Caribe e as irtas melancolias dos índios maias. Cardenal cos Salmos entra definitivamente na glória dos máis altos poetas relixiosos de Latinoamérica.

Fundou comunidades cristiás nas illas de Solentiname, no lago de Nicaragua, até que ali chegaron os bárbaros somocistas a botar por terra un traballo bíblico. Cardenal acabou alistándose nas milicias antisomocistas, cóbado con cóbado cos sandinistas. Así tivo que colaborar no ministerio de Cultura. A súa obra admirábel e difícil de explicar: surxen obradoiros de poesía, de canto, de teatro; un po-

vo que se pon en marcha criando arte, literatura, canción. Na súa obra *Homenaje* e *En Cuba* quer honrar os índios e a obra de Fidel Castro (1972).

Logo das eleccións nicaragüenses de 1984, Cardenal prosegue como ministro de Cultura e provoca as iras da Cúria romana. Famosa é a fotografía do seu saúdo a Xoan Paulo na visita deste á nación sandinista. A repetida ameaza de medidas disciplinares fíxose realidade: Ernesto Cardenal ten que soportar a decisión de Roma, de Xoán Paulo II, de apartarse da presidencia litúrxica dos cultos; moi "axustada a Dereito", moi lonxe da esperanza. Ernesto sabe que os profetas están sempre ante opcións difíceis. El opta:

*"Continuarei o meu sacerdocio co povo, xa que o sacerdocio é un servício, e iso é canto estamos a facer na Revolución". Non vou renunciar ao cargo (de Ministro de Cultura) cando o povo é agredido, sería unha traición".*

Para quen vexa unha postura límite na actuación de Cardenal, cómpre dicir que a situación de Nicaragua é límite e que por enriba da disciplina, está a fidelidade á liberación de Deus. O tempo dirá quen se move por máis depurados sentimentos, quen obedece ao espírito, quen expresa unha Igrexa fiel. Os Salmos de Ernesto Cardenal sendo plegaría nos beizos de moitos cristiás, no corazón do povo que camiña á liberdade.

Polémica coa area do Miño

## Non hai acordo para a extracción na súa foz

Desde o pasado 25 de Decembro até agora, volta de novo á palestra o vello tema das areeiras do río Miño.

Hai uns quince anos, os pescadores galegos e portugueses que trallan no río, decatáronse de que as areeiras estaban matando a riqueza piscícola do máis grande dos nosos ríos.

Os pescadores comezaron a facer patentes as súas queixas contando co apoio da Asociación pra Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA), sinalando a necesidade de prohibir a extracción de áridos nas bisbarras do Condado e parte do Baixo Miño, sendo preciso limpar o tramo final do río ao seu paso por Camposancos.

Parte da campaña de ADEGA "Salvemnos o Miño", foi encamiñada nese senso, aspecto no cal a Consellería de Ordenación do Territorio, parece que tamén ten unha coincidencia: facer navegábel o Miño desde a "barra" até O Pasaxe, coa intención de chegar a postruir un porto fluvial con participación galego-portuguesa.

### Recomeza un contencioso

A finais do mes de Xaneiro pasado, Ricardo Lixo Figueira comezou a montar as instalacións para a extracción de area no esteiro do Miño, contando coas autorizacións da Xefatura de Portos e Costas de Pontevedra, Comandancia de Mariña de Vigo, Co-

mandante do "Cabo Fradera" de Tui, Goberno Civil de Pontevedra, etc.

A concesión ten unha duración inicial dun ano e o adxudicatario firmou un contrato de arrendo dun anaco de zona marítimo-terrestre no lugar de A Armona, coa Entidade Local Menor de Camposancos e o seu Alcalde Pedáneo, Xosé Luís Pereira Díaz. Enfronte ao peirao da Armona atópase un conxunto residencial, cuxos propietarios séntense perxudicados polas labores de extracción, almacenamento e transporte da area, nese lugar, que previamente fora sinalado como idóneo pola Comisión de Pescadores.

Doutra banda, cortes capos areeiros non gustan da presenza do señor Lixo Figueira, polo que comeza unha guerra de presións a diferentes niveis, cuxos resultados non podemos, polo momento, enumerar.

### Extraccións controladas

Nun debate radiado, onde participaron membros da Comisión de Pescadores do Río Miño, de ADEGA, da Sección ecolóxica da Agrupación Cultural Guardesa, o presidente da Entidade Local Menor de Camposancos, concellais do grupo gobernante do concello de A Guarda e membros do primeiro grupo da oposición, así como os empresarios Civildanes Martínez, propietarios da urbanización "A Armona". Ficou claro pra todos —agás da S.E. da A.C.G.— a necesidade de dragar o leito do río Miño, co fin de que os peixes migratorios podan entrar no río, especialmente

o sable, salmón, meixón e lamprea. Ademais, semella que coas areeiras haberá unha fonte de ingresos para a parroquia de Camposancos, ruíntemente marxinada polo Concello guardés. O concesionario Lixo Figueira terá que abonar cada mes 75.000 pesetas en concepto de arrendamento de terrenos do Coto.

En canto á ubicación das tolvas de area, non está sinalado definitivamente o emprazamento axeitado. Os propietarios da devandita urbanización dixeron que "despois dos estaleiros do Minxos, ou nas illas Canosa ou Morraceira, onde cnetralizar todas".

Para ADEGA, primeiro "é preciso coñecer cántas areeiras van traballar nesas zonas do río así como cántos metros queren". A partir diso, poderíase sinalar o emprazamento axeitado.

Para a Comisión de Pescadores "xa existen unhas instalacións, non existindo razóns pra trocar a ubicación dos depósitos da area. Se o Axuntamento de A Guarda, se sinte molesto, debe ofrecer unha alternativa".

Para o Axuntamento de A Guarda, —de maioría de AP—, as areeiras deben estar perto do destacamento de Mariña de O Pasaxe.

Para o primeiro grupo da oposición, por cuestión de solidariedade, deberán situarse onde menos perxudiquen.

Para a Sección Ecolóxica da A.C.G. "non fai falta sinalar lugares para depositar a area, pois estamos contra a extracción dela no esteiro do Miño".

### O galego nos medios de comunicación

# SE SE ESCRIBE EN GALEGO...



Se se escribe en galego nos medios de comunicación, facilítase o coñecemento da lingua, a cultura e as tradicións de Galicia.

Conseguir unha xeneralización no uso da nosa lingua é un obxectivo que só se poderá acadar se se conta coa colaboración de tódolos medios de comunicación.

A prensa, coa súa capacidade de penetración informativa na nosa comunidade, pode facer un extraordinario labor mediante as súas editoriais, crónicas, reportaxes, entrevistas, etc., en galego, para logra-la normalización da nosa lingua e vivifica-la nosa cultura.



A punto de rematar o proceso estatutario da Universidade

## Consenso da dereita e "renovación"

A elaboración dos estatutos da Universidade truxo consigo un gran rebumbio, pois se furtou a discusión e non se realizou unha votación secreta, que despois deu resultados sorprendentes comparada coa anterior. Agora os estudantes pretenden que os estatutos sexan aprobados ou rechazados nun referendo.

O martes día 5 de Febreiro iniciáronse as sesións do claustro, coas que se rematou o proceso estatutario.

Este período de sesións ven marcado por: un traballo en comisión que serviu de filtro para o paso de emendas e pola cercanía do final do prazo para entregar os estatutos (28 de Febreiro), que ia obrigar a traballar co acelerador a fondo.

Baixo estes dous aspectos contémpase a homoxeneidade lograda entre "renovación" e a dereita no proceso de estatutos e as presións do proceso, presións ademais agudizadas polo retraso nos prazos da comisión que tiña que entregar os seus traballos na mesa do Claustro o día 1 de Decembro e fíxoos a finais de Xaneiro. Encontrámonos pois cun debate desnaturalizado en canto ás emendas parciais, non así no debate na totalidade, dado que o grupo nacionalista logrou pasar a súa emenda á totalidade.

Posteriormente, a mesa do Claustro decidiu por maioría, e apoiándose nun Regulamento de funcionamento interno, denunciado no seu momento, basearse nunhas normas de debate calificadas de kafkianas. Segundo estas, pasaríase a presentar por un membro da Comisión o proxecto oficial durante 60 minutos e logo as emendas á totalidade durante a metade do tempo. Non habería debate, pasándose de inmediato á votación, que sería a man alzada. Este sistema

mantíñas para artigos que tiñan emendas, por máis que noutros que non as tiñan, votábase en secreto.

Estas medidas adoptadas pola maioría da mesa, entendía o sector nacionalista que ían dirixidas a impedir o debate e a coaccionar o voto, polo que o grupo dos CAF presentou unha moción. O intento de falar por parte do representante dos CAF foi cortado pola dereita e algúns "renovadores", con berros de "que se calle; no tiene derecho a hablar,... y si lo tiene se lo quito", e cousas polo estilo.

Despois, Dario Díaz defendeu o proxecto oficial e Xosé Manuel Beiras defende a emenda, nunha intervención que foi calificada de brillante até por algúns dos seus opositores.

### As votacións

Ao chegar a votación, a man alzada, segundo as normas da mesa, aquilo foi unha verdadeira feira. O escándalo escoitábase fóra do claustro, e era case imposible contar desde a mesa, como pretendía Dario Villanueva. Así as cousas, o Presidente da Mesa e Rector chámalle a atención a un claustral por ter dúas tarxetas ergueitas. Así e todo, a maioría da mesa, aínda evidenciando que o sistema non serve, mantense na postura de que a votación é válida.

Danse os resultados: 197 votos



para a ponencia oficial, 87 para a emenda entre berros e abucheos.

Imediatamente iníciase de xeito espontáneo entre os claustrais unha recollida de firmas para impugnar as votacións.

Por fin, despois un "follón" que marcará época na Universidade e apresentada a impugnación, a presidencia vese obrigada a ceder, e toma a decisión de votar en secreto. Sería xa pola tarde.

### Resultados distintos

O resultado da votación, foi sorprendente pois a ponencia oficial tivo 208 votos, mentras que a emenda acadaba os 124, o que lles levou a afirmar aos nacionalistas que "tíñamos razón para pedir a votación secreta, para así evitar a coacción e os medos, como quedou demostrado nos resultados".

O sector nacionalista valora ademais moi positivamente os resultados "pois ademais de positivos polas cifras en si, son indicativos do progresivo deterioro da 'renovación'".

Hai que constatar ademais nesta votación o voto en bloco da dereita co proxecto oficial, o que para os CAF confirma que "dereita e renovación son o mesmo mogollón".

### Outras incidencias

Ademais distas hai que destacar outras incidencias como o abandono do profesor Masa (decano de Matemáticas) e un reducido grupo de claustrais destas sesións, por entender que "neste claustro non hai nada que facer".

Ese mesmo día os CAF autoconvocanse en asamblea de distrito, onde discuten o tema do abandono na medida que afecta a claustrais dos CAF ligados a MC e PC. A asamblea adoptou a decisión de permanecer no claustro, abrindo máis canles de información cara os centros, enfilando unha maior actividade cara o claustro, dirixindo o proceso á obtención dun referendo das normas estatutarias, e se o equipo gobernante non aceptase, cousa máis que probábel, realizalo eles mesmos.

## O galego nos medios de comunicación

# LESE EN GALEGO

*Se se le en galego, lograremos darlle á nosa lingua o carácter de instrumento normal de comunicación, reconecido pola lei de normalización lingüística, e volvela ó posto que lle corresponde dentro de tódalas actividades da nosa comunidade.*

*A Xunta de Galicia agradece á prensa escrita tódolos esforzos realizados ata hoxe e anima a que continúe en tan meritorio labor, porque unha lingua impresa é unha lingua viva.*



CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA  
DIRECCIÓN XERAL DE MEDIOS  
DE COMUNICACIÓN SOCIAL



O 31 de Xaneiro suicidábase en Vigo o traballador de Ascon Cándido Otero Collazo. Outros dezaoto obreiros, da mesma factoría, foron asistidos no hospital psiquiátrico O Rebullón. "Sentimento de frustración" e "desmoralización" son algunhas das consecuencias do paro, segundo un interesante inquérito realizado polo Departamento de Socioloxía de Cáritas, realizado no bñrrio vigués de Coia.

## O paro non mata pero...

Na prensa chegouse a falar de 200 traballadores de Ascon con fortes problemas psíquicos. Quizá non sexan tantos. Os datos que podemos averiguar indican: dezaoto asistidos no Rebullón, dous deles con fortes desequilíbrios e catro ou cinco casos de separación matrimonial.

Fálase do forte complexo que causa a algúns ter que vivir da muller (complexo que, por certo, nesta sociedade patriarcal, rara vez senten as mulleres). Houbo até un caso de separación, protagonizado por un membro da plantilla de Ascon, que se resolveu despois dunha liorta coa muller a puñetazo limpo. Un membro do comité de empresa relatábanos cómo era palpábel o aumento do alcoholismo e do consumo de tabaco entre os compañeiros; "algo hai que facer, non pode estar un sempre na casa, coméndose o coco", comentounos ilustrativamente.

"Moito falar en Madrid, moito falar a/ ánta, pero a nós ninguén nos soluciona isto", parece que comentan algúns traballadores. A desilusión e o desencanto parecen un dos resultados da falta de alternativas, sinala o informe elaborado por Caritas, no polígono de Coia. "A xente asiste interesada ás asambleas, especialmente cando se vai falar de cartos", indican, non obstante, membros do comité de empresa do estaleiro vigués. Mais, parece que inevitabelmente o camiño cara o paro é o camiño cara a marxinação e a insolidaridade. Difícil papeleta para os sindicatos, cando os poderes económicos e políticos fan todo o posible por fraccionar calquer dinámica e por convencer ao país de que nos encontramos ante un conxunto de problemas individuais.

Non cabe, desde logo, dicir que unha determinada política do goberno é a causante de suicídios ou de crises matrimoniais. Non se suicida unha persoa que non ten algun desequilibrio previo, polo menos nalguna medida; nen se separa un matrimonio que se leve perfectamente (no informe de Coia fálase incluso de matrimonios que se unen mais). Pero é claro que o paro ou a ameaza de despedido crían inseguridade e tenden a desequilibrar todo o conxunto de relacións nas que o individuo participa. O paro non mata pero é un bon empuxón cara o precipicio.

### Inquerito sobre o problema do paro en Coia (Vigo)

Os resultados do inquérito sinalan entre as consecuencias principais do paro a "anguria que padece o parado"



Enterro de Cándido Otero, traballador de ASCON

asi como o "estar desilusionado ou desencantado".

Sobre a institución familiar o paro afectaría provocando "desequilíbrios e tensións", "sentimento de inseguridade e anguria", "detrimento das condicións de vida" e "desavenencias afectivas e división familiar".

Como efectos sociais os sondeos destacan a "situación de inxusticia social", as "conductas desviadas: alcoholismo, droga, mendicidade, prostitución, delincuencia..." Tamén salientan a "crise económica e de convivencia", a "insolidaridade", "diferencias" etc.

As consecuencias psico-personais, segundo o informe, teñen un maior valor —o 58 por cento— que as consecuencias sócio-económicas —o 35 por cento—.

Nas conclusións do estudo sinaláse que "non abonda co cambio de estruturas económicas e solucións técnicas da crise que estamos padecendo e que é, non só estrutural, senón de formas de vida, de modelo de home e, polo tanto, de modelo de sociedade".

M.V.

# A psiquiatrización d

## Orixe e análise dos desequilíbrios psíquicos

RAMON MUNCHARAZ

A incorporación da psicoloxía, psiquiatría e ciencias sociais ao estudo dos trastornos psíquicos do proletariado ten xa unha longa historia.

Entre os anos 1927 e 1932, Elton Mayo e os seus colaboradores estudaron aos traballadores de Hawthorne (montaxe de relé para teléfonos) a pedido da patronal, que se queixaba do baixo rendimento laboral dos obreiros. A partir das conclusións ás que se chegaron nese estudo, cambiaron substancialmente as estratexias do capital cara o problema do absentismo, falta de rendimento e axitación obreira. Supuxo o comezo da introdución das relacións humanas, como novo elemento de racionalización da explotación, na moderna sociedade industrial e a decadencia do taylorismo como sistema de control da produtividade. Representaba unha nova análise do status e rol do obreiro no contexto das relacións de produción da gran industria.

Segundo as normas do taylorismo, para que medrase o nivel de produción dos traballadores, e polo tanto a súa explotación, era necesario criar na empresa un ambiente que evitase as relacións emocionais e todo aquilo que non estivese dirixido ás funcións produtivas, (desprazamentos, tempos mortos, etc.). Traducido aos trastornos psíquicos que estaba a padecer, xa naquel intre histórico, a clase obreira, significaba un achegamento aos mesmos dun xeito mecanicista (o corpo como máquina). Os trastornos psíquicos se asociaron co esgotamento ou desacougo que estaba a producir o ritmo de produción. Os "síntomas" desta neurose obreira eran fundamentalmente de tres tipos: por unha banda, queimor no estómago, formigueos parastésicos nos membros, fatigabilidade a pequenos esforzos e sensación de debilidade. Outras veces consistían en trastornos que poderíamos denominar exclusivamente psicolóxicos, (trastornos do sono, desacougo, irritabilidade, alteracións do estado de ánimo, etc.) A terceira categoría de "síntomas" estaba referida á vida de relacións cotidianas dos afectados (problemas da parella, sexuais, medre significativo do consumo de alcohol e tabaco, agresividade nas relacións familiares e sociais).

Neste famoso estudo de Elton Mayo demostrábase que o alicerce do nivel de produtividade obreira é, sobretudo, a motivación para o trab-

allo, que se realiza directamente coas relacións de produción no interior da fábrica. A subxectividade do obreiro, o xeito de relacionarse co seu traballo concreto pasou a ser motivo de análise nas empresas capitalistas. Na práctica, supuxo rematar cos vellos esquemas do taylorismo e cos incentivos salariais que se amosaban ineficaces para facer frente ao malestar obreiro, absentismo por trastornos neuróticos, conflictividade, etc. Como demostran os traballos de F. Novara e A. Voltolin, a fatiga física e/ou psicolóxica no traballo non é unha condición "sine qua non" que xustifique o absentismo. Aínda que o traballo se realice en condicións penosas, sópórtase en determinadas situacións históricas e en relación co nivel de participación e control dos obreiros do proceso produtivo. Aínda máis, estes autores chegan á conclusión cos trastornos psíquicos e o absentismo serían xeitos de autodefensa obreira contra a explotación capitalista.


Os traballos levados a cabo por G. Jervis na rexión italiana de Reggio Emilia desde 1969 a 1975 con obreiros industriais son concluintes, no sentido de que a neurose do proletariado é o resultado dunha dobre contradición non resolta: Por unha banda a derivada de ter que aturar a explotación por necesidade de supervivencia, e a toma de conciencia de clase resultado da análise da situación obxectiva propia da condición obreira. Por outra parte estaría a contradición entre a atitude de clase do proletariado fronte ao modelo de vida burgués co cal tende a identificarse ou reproducir. A resolución destas contradicións (e

polo mesmo, da neurose), pasa, necesariamente, pola análise e toma de conciencia do obreiro das condicións de explotación e por unha definición política ante as mesmas, seguida dunha práctica que, segundo os autores, sería consecuentemente revolucionaria.

Evidentemente, a introdución dos saberes da psiquiatría, psicoloxía e ciencias sociais foron postos disposición da empresa industrial capitalista e deixaron o fenómeno da neurose do traballador reducido ás condicións "neurotizantes" do posto de traballo. O conflito neurótico sería o resultado da falta de adaptación ou axuste da personalidade global, referindo á esfera individual e ingrápsica a base do malestar. Deste xeito se produce a psiquiatrización da problemática obreira: a súa conduta e síntomas son calificados como "neuróticos" e explicados en función das distintas orientacións do saber psiquiátrico, clasificados como unha entidade nosolóxica (clínica) máis.

Esta nova interpretación dos trastornos psíquicos da clase obreira industrial agacha, pois, a mixtura das causas reais dos mesmos e evita a toma de conciencia do traballador, ao que se lle ofrece como única alternativa o diagnóstico e tratamento psiquiátrico.

Como temos constatado dabo do canto traballamos no eido da psiquiatría, e tivemos oportunidade de tratar directamente os trastornos neuróticos do proletariado, os tratamentos psiquiátricos (químicos ou psicoterápicos) actúan fixando os "síntomas" e non facéndoos desaparecer, en tanto en canto o tratamento non é neste caso etiolóxico



### Relación de autores comentados:

Elton Mayo: En March et Simon.— "Les Organisations: Problèmes psychosociologiques". Préface de M. Crozier, Coll. "Organisations et Sciences humaines". Paris, Dunod PUF, 1964.  
G. Jervis: "Condizione operaria e neurosi". De "Inchiesta", 3(10), abril-xuño

1973, pp 5-18.

F. Novara: "Aspetti psicologici dell'assenteismo e del turnover". En "Rassegna di Medicina dei Laboranti", n. 5, 1971, p. 5.

A. Voltolin: "Salute lavoro e società". En "Psicologia e lavoro", 21(5), 1972, pp. 11-40.



# Transtornos psíquicos causados polo desmantelamento industrial

## Transtornos psíquicos causados polo desmantelamento industrial

(non remata coas causas) senón máis ben, pola contra, fan medrar os niveis de inseguridade da persoa, xeran unha dependencia regresiva e morbosa co terapeuta e tratamentos, entrando nun círculo vicioso de difícil saída. Comprobamos a decote que os síntomas neuróticos non son sinxelamente consecuencia de situacións laborais máis ou menos obxectivábeis (aínda que en determinadas circunstancias podan ter un papel importante na xénese da neurose). Os ruídos, o ar contaminado, a rutina, os ritmos (turn over), non son nengun deles de seu, illadamente, suficientes para determinar a neurose obreira. As confrontacións dos estudos de casos, individualmente, e de grupos de discusión con obreiros afectados, demostran que a característica e temática central da neurose é a fábrica. Toda ela, no seu conxunto chega a polarizar as enerxías psicolóxicas do traballador até transformarse na temática central da súa vida cotidiana e subxectividade.

A defensa do traballador para facer fronte ao seu padecemento psicolóxico vai depender do seu nivel de conciencia e da súa actitude política fronte á empresa. Resulta impensábel que o traballador poda chegar a unha identificación emocional cun posto de traballo e unhas relacións de produción que están baseadas exclusivamente na especulación coa súa forza de traballo e nunca na procura dunha auténtica relación dialéctica do home co produto. A pretendida identificación do obreiro co seu traballo concreto e máis coa empresa resulta ser un mecanismo de defensa neurótico ante a falta de alternativas á subversión do ordenamento capitalista industrial. A psiquiatría samente terá xustificada a súa intervención no



sentido que sirva para clarear as contradicións subxectivas e de clase do proletariado. Neste sentido, a intervención psiquiátrica ten un significado político e a "terapéutica" está artellada nunha práctica revolucionaria.

Pero a resposta do capitalismo para racionalizar e psiquiatrizar o malestar obreiro non remata aquí. Atopámonos ante a aparición de novos xeitos de fenómenos neuróticos no proletariado producidos polo resultado final das contradicións do propio sistema. O paro obreiro nas súas dúas facianas (como feito consumado e como expectativa) obrigan a facer unha nova análise da situación de explotación e vai xerar novos xeitos de sufrimento neurótico.

Os síntomas, neste caso, son semellantes aos referidos máis enriba en relación co traballo activo. Tamén aparece o desacougo, os transtornos do sono, a labilidade emocional e irritabilidade, etc. Pero

existen dúas diferéncias fundamentais que van matizar a neurose do traballador en paro: Por unha banda, a desaparición da fábrica, do traballo activo, repercute nas pautas de vida do obreiro social e familiarmente. A perda de contacto co mundo laboral activo transfórmao progresivamente nun ser illado, marxinal, desvinculado das loitas, esquecido polos sindicatos e despolitizado (lembramos que no ano 1980 foron declarados anticonstitucionais os sindicatos que estivesen compostos exclusivamente por parados).

O parado, teimoso ante o final do subsidio de desemprego, infravalorado social e ás veces tamén pola propia familia, coa expectativa incerta no económico e laboral, moitas veces é obxecto de transtornos psíquicos que o levan á consulta do psiquiatra. Milleiros de parados pasan por esta vía á xubilación anticipada ou ser pensionistas por enfermidade, en moitos casos calificada como neurótica ou psicósomática. O rol de enfermo obtido deste xeito desmoviliza definitivamente ao obreiro, que ten como contrapartida un novo status social non conflictivo. As veces este proceso de neurótización forzosa conleva a incapacidade de facer unha análise obxectiva da situación. Prodúcese entón o derrubamento da afectividade, da autoestima. Surden sentimentos de culpa e ideas de suicidio. Un suicidio que políticos e técnicos ao servizo do capitalismo van manipular para trasladalo ao eido da subxectividade neurótica, preservando o sistema de calquer caste de implicación. E todo isto en nome da Ciencia.

Un paso máis adiante na espiral de contradicións da economía capitalista para situarmos na realidade actual. A clase obreira, pola imposición forzosa do paro desde o poder político (obxectivado nestes intreos baixo as medidas de reconversión industrial), está a aturar seica a situación máis frustrante da súa historia. En Galiza, nas bisbarrias de Ferrol e Vigo, coincidindo coas movilizacións obreiras contra o peche dos estaleiros de Astano, Ascon e Vulcano, prodúcese unha séria desestabilización do núcleo familiar proletario e máis a aparición máis unha vez) de transtornos psíquicos, moitos dos cais son tratados psiquiatricamente.

A neurose obreira de hoxe supe-

ra en complexidade ás referidas para o traballador industrial activo e á situación de paro. Esta complexidade débese ao feito da converxencia dos seguintes elementos:

a) A agresión derivada da perda do posto de traballo.

b) A presión simultánea do grupo familiar e da sociedade burguesa, que agudizan as contradicións de clase e actúan potenciando o conservadurismo e o non enfrentamento activo.

c) Vivencia do paro como cuestión irremediábel. O subsidio de desemprego significa neste caso unha auténtica chantaxe contraria á ética e moral do proletariado. A aceptación do contrato co Estado español é vivido subxectivamente con fortes sentimentos de culpa ou traición ao movemento obreiro.

d) Inseguridade (Galiza é nestes intreos o único foco de resistencia obreira contra os plans económicos do goberno español). As experiencias de Sagunto e Euskalduna fan dudar os traballadores das súas forzas e do potencial revolucionario da súa práctica. Dita inseguridade potencia as tres premisas anteriores.

Estes elementos actúan xerando novos niveis de contradición e neurótización da clase obreira. O mecanismo de defensa utilizado neste caso vai ser en moitos casos a "negación" da problemática, fuxir dela, eludir a profundización na mesma. Neste contexto constátase o medre no consumo de alcohol e tabaco (está suficientemente demostrado este fenómeno nas fases de recesión económica do sistema capitalista, do mesmo xeito que a súa xénese nas situacións de traballos cativos, forte control institucional ou desarraigo como podan ser o traballo mariñeiro, o servizo militar ou a emigración).

A psiquiatrización da problemática obreira e máis do núcleo familiar proletario ven cumprir no eido psicolóxico o mesmo papel anestésico da loita de clases que o subsidio de desemprego (pactado ou non) no económico e social. Criase un novo status para o parado. O goberno califica como "acto de solidariedade" unha postura de renuncia ao posto de traballo, en nome do "socialismo", mentres os psiquiatras e psicólogos facemos fronte a continuas demandas de axuda técnica dos afectados polas medidas. Moitas veces son profesionais progresistas os que, levados polo seu altruismo, reproducen inxenualmente o rol oficial esperado polo sistema prestando, sen decatarse, un inestimábel servizo á "paz social" e "orde pública".

Como poden os psiquiatras instrumentalizar o seu saber aprendido para profundizar e pór novas bases teóricas e prácticas aos problemas que estamos a analizar? Seica estes moitos aínda moi lonxe para dar unha resposta axeitada a estas e moitas outras cuestións.

Pablo Iglesias, referíndose ao problema do paro obreiro, afirmaba en 1887: "...O síntoma que deixamos sinalado, é pois verdadeiramente grave para a burguesía, porque ameaza a súa existencia como clase, e importante e trascendental para a causa do socialismo. O ben a burguesía se decide a quitar a fame que están a sufrir os obreiros sen traballo, ou o Partido Socialista, dándolle conciencia e unidade a todos eses famentos, farán que se apoderen pola forza de todo, absolutamente de todo canto a eles e aos demais traballadores lles roubaron pola astucia e violencia os posuidores do capital". (Fonte: "El Socialista", n. 92, 9-VII-1887. Incluído en "Encuentros" I-Ed. Ayuso, Madrid 1975).

Evidentemente, este home non tería hoxe moito porvir político no P.S.O.E.

Ramón Muncharaz é médico psiquiatra e Presidente do Consello Galego da Saúde.

**A pretendida identificación do obreiro co seu traballo concreto e máis coa empresa resulta ser un mecanismo de defensa neurótico ante a falta de alternativas**

**Os síntomas de neurose obreira son: dóres, fatiga, transtornos no sono, irritabilidade, problemas na parella, alcoholismo... O parado convértese ademais en marxinal, despolitizado, etc...**

**O parado, infravalorado até pola familia, sofre transtornos que moitas veces o levan ao psiquiatra. Daquí pode pasar á xubilación anticipada ou a ser pensionista por enfermidade**

**O papel de enfermo psíquico desmoviliza definitivamente ao obreiro e dalle un status no conflictivo**



Pepe Carreiro

logici dell  
En "Rasse  
5, 1971, 6

ro e socié  
", 21, (5)



tribuna

# Triste é o seu cantar

## (Sobre o I Congreso do Folclore)

Publicamos un texto no que se ofrece unha visión crítica do que foi o recente Congreso do Folclore das Comunidades e Nacionalidades Autónomas e, máis concretamente, do desenvolvemento da mesa redonda central da xornada, celebrada o pasado 26 de Xaneiro e reproducida parcialmente por TV o día 1 do presente mes. Neste Congreso, o xefe do staff da alcaldía de Lugo, Xulio Xiz Ramil, apresentou unha ponencia sobre o folclore na prensa diária. Se as conclusións da devandita ponencia non foran tan deprimentes, quer dicir, se a atitude da prensa diária cara o folclore, cara a música e bailado tradicionais, fose máis digna cuantitativa e cualitativamente falando, quiza agora non habería que aturar congresos tan inúteis e economicamente escandalosos como o celebrado en Compostela, que aquí critica o noso colaborador.



Polo que respecta ao receo arredor da natureza, lémbraos de lonxe aos esforzos que se están a realizar para conservar uns afortunados traxes populares. O que é inmutábel fronte á natureza debe procurarse de si mesmo. A nós correspóndenos a súa modificación. Mais unha natureza que persiste borrosa e pesadamente e ha recar da luz do coñecemento brillante e cálido, ha ser tamén con razón obxecto de desconfianza. Nunha arte do humanismo real non caberá xa nengun lugar para ela.

Theodor W. Adorno  
Reacción e progreso, 1930

HERNAN NAVAL

Ramón Tamames, Soledad Becerril, Camilo José Cela, Eduardo Punset, Pablo Castellanos... (de Castilla), nunha mesa redonda esbardallando sobre o Folclore, disque, como acto central do I Congreso do Folclore das Comunidades e Nacionalidades Autónomas. E Arcadio Larrea, qué? E Carreira? E Dorothe Schubarth?

Non. Tamames, Becerril, Cela, Castellanos, Punset e non lembro nen me importa quen máis. O intruismo financiado outravolta pola Administración Pública. Cánto cobraron?

Como congresistas, os directores-as e bailaríns-as da Sección Feminina reconvertida, tamén ela, coa transición; agora "Aturuxos", "Froitosos", "Ledañas", "Bágoas"... Tratábase, quiza, da celebración periférica das bodas de ouro da fundación da organización das "abnegadas e sacrificadas" mulleres falanxistas?

Quen firma é un dos do non. Por iso xa sospeitábase a priori que o anunciado Congreso ia constituir un novo e privado fraude á cultura. Unha consagración da necedade. Unha canonización da destrución. "O que é inmutábel fronte á natureza ha procurarse de si mesmo". Non poñades as vosas suxas mans sobre Mozart... Sospeitábamolo, digo, dai o noso desinterés. Pero TVE insiste, graba, reproduce, intoxica, dai a nosa mobilización e resposta.

Tamames, ecoloxista de palleito, propagandiza demagógica até o sopor. Becerril, ex-ministra de Cultura, segue a ouvir campás mais non sabe onde tocan; non se decide a estudar a muller. Eu a Cela destinábase a Gente Joven e ao Un, dos, tres, programas tan folclóricos eles, como presentador bi-empleado. Definitivamente, a Punset había que encerralo, con carácter vitalicio, nunha peluquería de luxo para cabaleiros ou para cabaleiros de luxo, máis ben.

Obividades aparte, houbo un lapsus de lucidez — quiza o único entre tanta gazmoñaría e petulancia — por parte do presidente da co-

misión de xusticia do Congreso dos Deputados de Madrid ("¿qué hace un muchacho como tú en un sitio como éste?"), señor Pablo Castellanos. Dixo que cando recibiu a, segundo el é cito de memoria, "inmerecida invitación" para participar no Congreso de Compostela tivo "miedo a tener que aportar algo y no tener nada dentro". Ben, maior claridade e cegáramos. Pero todos pensábase que a reacción lóxica dun abogado ao recibir semellante invitación sería a sospeita dun erro por parte da organización ou de Co-reos, ou quizaís a clonidade nominal do destinatario con algun perdido músico ou investigador científico do folclore, ou, coas neuronas xa fervendo, a inquedanza pola presunción dun contubernio Moncloa-Raxoi contra Izquierda Socialista. Se tentaban pór a proba a vergoña do líder, é evidente que o cacharon co síndrome de abstinencia.

TVE en G, Panorama de Galicia, 1 de Febreiro do 1985. Tamames, Becerril, Cela, Castellanos, Punset... E, tras eles, Vázquez Portomeñe sostendo e querendo avaliar un le-treiro que proclama, infame: "I Congreso do Folclore das Comunidades e Nacionalidades Autónomas". Que imensa, irresponsábel e manirota inutilidade! Qué sarcasmo social! Porque, entanto, algunha labrega da mariña ou algun arrieiro da montaña, en Carnota ou en Melide, entonarán un Arrolo ou un Canto de Folión, inconscientes quiza, mais a eles graciñas, de que rompen as últimas lanzas pola supervivencia da tradición oral na música tradicional galega; a centenaria cantiga Castro vello mariñeiros voltará sair da gorxa dalgun grupo de mariñeiros recién desembarcados nalgunha taberna do país; o día do patrón, algúns espontáneos brincarán ao adro da igrexa da parroquia para baillar con xeito unha muineira ao son da gaita de Ricardo Portela, ou dos Irmáns Garceiras, ou dos Raparigos; Dersu Uzala, o cazador do filme de Akira Kurosawa, seguiralle a cantar as curuxas á beira do río; e nas facianas dos bustos e retratos de Béla Bartók aparecerán bágoas ás que a oficialidade e os filisteus e fariseus da cultura non han atoparlle causalidade. Un tópico, por favor: se Castro Sampedro ergue a cabeza...

Tamames, Becerril, Cela, Castellanos, Punset... Triste será o cantar que nós cantamos, Rosalía, xa que quizaís outro mellor non haxa, pero o destes tipos acáballe coa moral a calquera.

P.S.: Na última plana do xornal da nosa imaxinación lemos este gratificante última hora: "Arcadio Larrea declara, de puro obstinado, que seguirá a baillar as foliadas, e o que faga falta, sen vestir o uniforme oficial. Nunca a música militar me supo a mí levantar", din as máis línguas que dixó".

tribuna

# O patriarcado, si, non, cándo

O artigo de Encarna Otero publicado no número anterior recebeu críticas de excesivamente abstracto e de dedicar moi pouco espazo ao momento actual. Non é de estrañar. Pedimos disculpas á autora e lectores por termos "comido" un folio durante a confección do periódico. Como única maneira de rectificar o erro, publicamos outra vez o traballo, coidando que agora si vai íntegro.

ENCARNA OTERO

Aproveitando a existencia en A-NOSA TERRA desta tribuna de debate aberta a partires das Xornadas Feministas de Vigo, e sinalando como fundamental a necesidade que temos de estudos científicos teóricos, como alicerces do noso traballo político nesta nosa Nación Galega, sen ánimo de rachar co fecundo debate entre Carme e máis Nanina, quero comezar a miña colaboración cun tema debatido, durante moitos anos, nos eidos da Antropoloxía, desde Levi-Strauss até Godelier, etc. ...que pecharon esta polémica histórico-antropolóxica formulando un axioma fundamental do cal arrincan case que todas as análises sobre a orixe da opresión da muller: O Patriarcado.

Definido como: O dominio do poder sempre estivo nas mans dos varóns, e polo tanto, desde sempre existiu, aínda que con manifestacións diversas, segundo os intres e máis os tipos de sociedade, unha subodinación das mulleres...

Nunca existiu matriarcado, entendendo por tal unha sociedade na que o poder de decisión e máis de goberno estivese en mans das mulleres. Si pode confirmarse a hipótese de moitos antropólogos, (Lévi-Strauss, Spiro, K. Gough...) sublinando que nas comunidades primitivas, por comparación coas actuais (povos africanos etc...) existiron sociedades Matrilineais e Patrilineais. Nas primeiras, as filiacións de parentesco e lazos sociais establécense a partir da nai. As mulleres teñen unha certa autonomía e desenvolven un "Rol" social de moita relevancia. Segundo di Godelier, "Nestas sociedades cada sexo asumía as súas tarefas e tomaba as súas decisións á marxe de todo control polo outro sexo, o traballo das mulleres non se consideraba como unha actividade privada, doméstica, as mulleres participaban nas discusións colectivas e estaban presentes nos distintos niveis de poder". Quiza esta situación, estudada, observada e investigada por antropólogos homes, cunha visión androcéntrica, podo ser a causa de que durante o século XIX e parte do XX, estes homes de ciencia se posicionasen na defensa da existencia do matriarcado, confundindo liberdade con poder e dominio femininos.

Nas sociedades patrilineais, a muller está completamente submetida á autoridade paterna e do marido despois, nunha situación de cuase escravitude, mentres que nas sociedades matrilineais a autoridade e máis o control, a autoridade exerceuse através dos irmáns ou tios da muller, cara esta e a súa descendencia ou prole.

Evidentemente, nestes dous tipos de sociedades existen diferéncias en canto ao xeito de exercer o poder e máis a autoridade e o control por parte dos homes, e o "Rol" social que van ter as mulleres, mais ambas as dúas teñen algo en común: O exercicio do Poder está nas mans dos homes, dos varóns.

Metérmonos agora a clarexar cándo e por qué xurde esta dominación masculina, sería ir alén do que a ciencia antropolóxica logrou acadar aínda nas súas investigacións. Ideas, explicacións existen, mais todas elas non pasaron aínda de seren meras hipóteses. O que si é certo é que a división sexual do traballo vai levar xa, nas sociedades de economía depredadora uou recolectoras, a unha desigualdade entre os sexos, xeradora da opresión da muller como sexo inferior.

Quiza porque xerese un sistema de valores distintos, dándolle máis impulso e forza ao traballo masculino que corria máis riscos de morrer cando o realizaba, (caza de grandes especies)...

Máis xustificativa amósase a interpretación que sinala a necesidade masculina de compensar a imposibilidade reprodutora do macho "per se", dándolle unha supervaloración ás súas funcións, quer dicir, a caza e a guerra, onde podía morrer. Godelier avanza estas explicacións nos seus estudos.

No intre en que comeza a aparecer un excedente, algo que gardar e transmitir á prole (Revolución



Neolítica, Economía agrária e gandeira) surxe a familia monogámica aínda con grupos amplos, onde o "pater" transmite a herencia con plena autoridade.

A partir deste intre é preciso controlar o traballo reprodutor como repositor e perpetuador da forza de traballo e como xerador de novos seres, de man de obra para dominar a natureza.

Polo tanto, o sistema patriarcal é anterior ao Modo de Producción Capitalista, mais asemade o capitalismo utiliza, sistematiza, e desenvolve o patriarcado como elemento fundamental para a súa supervivencia e conservación. O capitalismo e máis o Patriarcado camiñan xuntos desde entón sen se poderen afastar, mantendo nun xunguimento perfecto explotación de clase e opresión de sexo. A división sexual do traballo e da sociedade manifesta a división xerárquica da nosa sociedade entre os papeis masculino e feminino. Este é o mecanismo de control para a cultura patriarcal, o traballo, as actividades, as funcións están condicionadas sexualmente. A diferéncia biolóxica home-muller, utilízase para diferenciar as funcións sociais e máis o poder individual.

Aquí e só aquí, no patriarcado insertado perfectamente na sociedade de clases capitalista, radica, agora, a división sexual e a desigualdade social home-muller e a opresión que isto conleva para as mulleres. O modo de produción capitalista precisa para sobrevivir o desenvolvemento das dúas bases fundamentais que o constitúen, o traballo asalariado e máis o traballo doméstico, entendendo por tal o que a muller fai na casa, individualmente, quer dicir, a reprodución da forza de traballo e a reposición desta mesma forza.

Este xunguimento perfecto entre capitalismo e patriarcado poderían facernos albisar que a loita contra o capitalismo conlevaría xa en si

mesma a loita de liberación da muller, e que unha vez destruído o capitalismo, as mulleres poderíamos ver brillar a estrela da nosa liberación, o rachamento da nosa opresión secular. Falsa ilusión, miraxe enganosa, se ben é certo que só destruíndo, esfarelando, botando abaixo para sempre o sistema capitalista, poderemos cavilar na nosa futura liberación como sexo oprimido, tamén é certo que iso pode non ser suficiente, a dominación dun sexo sobre o outro é anterior ao capitalismo e abranxe eidos máis amplos que as relacións de produción, polo tanto haberá que quebrar a familia como transmisora da ideoloxía dominante, mudar os valores hoxe divididos por sexos en valores da persona humana, papaz de desenvolver todas as súas potencialidades, rachar co xénero Masculino-Feminino para só deixar homes e mulleres bioloxicamente diferenciados.

Pódese dicir, desde unha visión nacionalista e de esquerdas, que as mulleres que queremos un futuro así para o noso povo, non atacamos frontal e radicalmente ao sistema colonial, clasista e patriarcal no que estamos a vivir nesta Galiza tan ben amada?

BIBLIOGRAFIA

- "Patriarcado capitalista e feminismo socialista" Zillah R. EISENSTEIN Ed. S. XXI Madrid 1980.
- Vários autores: "Polémica sobre a orixe e a Universalidade da Familia" Cuadernos Anagrama, N. 68 Barcelona 1974.
- II Jornadas del Patriarcado. La seva manifestació a la nostra realitat. Seminari d'estudes de la dona del departament de Sociologia. Universitat Autònoma de Barcelona, 1983.
- M. GODELIER. "Esquema da evolución das sociedades", ed. Castelleto. Madrid 1974.
- S. AMIN. "Feminismo e loita de clases" Cuadernos Anagrama, Barcelona 1978.



## Presos políticos alemáns en folga de fame



## Alemánia en inverno

Desde o día 4 de Decembro de 1984, trinta e sete presos políticos alemáns encóntranse en folga de fame. Para estas alturas, o estado dos folguistas é moi preocupante e algúns están practicamente ao borde da morte. Aos case dous meses de xexun hai que engadir os graves efectos que sobre a súa resistencia física teñen provocado os longos anos de cadea, e o feito de que algúns deles xa están na décima folga de fame. Só unha cousa pode salvarlles a vida, que se lles permita agruparse e comunicarse, que podan preservar a súa identidade política...

A actual folga de fame dos presos da Fracción do Exército Vermel (RAF), da resistencia antimperialista e algúns presos sociais que adquiriron conciencia política na cadea, pretenden reanudar a loita comezada na última folga de fame, en 1981. E todo isto porque o Goberno Federal alemán non cumpriu os acordos que puxeron fin á mesma: que ningún preso permanecese illado.

O silamento aplícase na RFA desde 1970, momento no que capturaron os primeiros militantes da RAF. A medida que ía pasando o tempo, estas medidas fóronse facendo máis sofisticadas e duras.

O illamento significa que a comunicación humana para os presos, tanto dentro da cadea como cara fóra, fica limitada ao mínimo. Os detidos son postos en celdas isoladas unhas das outras e, fóra delas, non poden comunicarse entre si. Aínda que teñen dereito ao pátio, sácanos de un e moitas veces nen sequer fan o paseo ao ar libre.

Ademais do impedimento da comunicación existe unha lei que se denomina "contacto cerrado". Por medio dela pódese incomunicar aos presos do mundo exterior: privación de recibir visitas (incluída a do avogado), de recibir cartas, libros, etc.

Foi na primeira aplicación do Kontaktsperre (couto fechado), cando foron asasinados na cadea de Stammheim Andreas Baader, Gerdrun Ensslim e Jan Carl Raspe, mentres que Irmgard Möller foi ferida de gravidade. Máis tarde sería asasinada tamén Ingrid Schubert na cadea de Strabing.

## Privación sensorial

Dentro da área de máxima seguridade da cadea, lévase até o extremo a observación e o control dos prisioneiros. Nas celdas illadas non só existen cámaras de vídeo e micrófonos nos corredores e noutros lugares de uso común, senón que cada cela está dotada de aparatos de observación óptica e acústica.

Ademais da monotonía arquitectónica e de cores, as celdas están dotadas duns sistemas que manteñen a temperatura constante e un silencio case absoluto. Nisto consiste, precisamente, a técnica da privación sensorial: reducir case a cero o nivel de estímulos e sensacións que poda perceber, na súa comunicación co mundo físico exterior, a persoa así pechada. Nen qué dicir ten que tais prácticas ocasionan transtornos gravísimos ao



Concentración en protesta pola política represiva do goberno alemán e en apoio dos folguistas de fame. Tivo lugar en Vigo a pasada semana.

## Unha historia que comezou no 1970

Desde 1970, os presos políticos alemáns foron submetidos á tortura do isolamento. E tamén, desde entón, reivindicaron a supresión da mesma. Porén, a vía legal foi esgotada axiña e os avogados viron rechazados os seus recursos pola xusticia alemá.

Os máximos tribunais alemáns subliñaron inclusive a legalidade das medidas de aillamento.

Os presos, pola súa banda, intentaron conseguir as reclamacións através das seguintes folgas de fame:

\* 17 de Xaneiro ao 12 de Febreiro de 1973. Cuarenta presos esixen a supresión do isolamento e que Ulrike Meinhof fose sacada da "ala morta" da prisión. A folga terminou sen conseguir isto último.

\* 8 de Maio ao 29 de Xuño de 1973. Oitenta folguistas peden igual tratamento que o que reciben os presos comuns. A loita ficou despois de lograr a supresión do isolamento de dous presos.

\* 3 de Setembro de 1974 até o 5 de Febreiro de 1975, máis de cuarenta presos víronse implicados en contínuas loitas contra o illamento, os métodos de reeducación —verdadeiros lavados de cere-

bro—, os traslados arbitrarios, as novas celdas de privación sensorial, o uso de esposas nos paseos no pátio, os intentos de psiquiatría e o uso de narcóticos, as confiscacións periódicas das súas pertencencias, as campañas difamatórias contra os seus avogados na prensa, etc... Por primeira vez os folguistas esixen ser trasladados a un mesmo centro penitenciario e que lles sexa permitida a convivencia.

A folga foi suspendida a petición dos seus camaradas que permanecían en liberdade, non sen antes ter morto Holger Meins.

\* 29 de Marzo ao 30 de Abril de 1977. Cen presos esixían a aplicación das garantías mínimas da Convención de Xenebra e a investigación, por unha comisión internacional, das mortes de Hoyer, Hausner e Ulrike Meinhof. O xuíz decretou a alimentación forzada. Despois de que os médicos se negasen a seguir aplicándoa houbo algunhas concesións e concluíu a folga.

\* 10 de Agosto ao 2 de Setembro de 1977. Esta folga debeu suspenderse para non facilitar as criminais pretensións de vinganza do Estado, nunha conxuntura política

## Declaración da folga

Estes son algúns fragmentos da declaración da folga de fama dos presos da RAF en Stammheim.

"Nós dicimos que a dialéctica da loita revolucionaria ten máis peso que a posición dura da doutrina imperialista..."

Nós loitamos agora, coa folga de fame, para conseguir o reagrupamento en grandes grupos, coa conciencia unida como presos da guerrilla e da resistencia. Esiximos que se cumpran os acordos mínimos da convención de Xenebra. Esta é a nosa reivindicación política (...)

A nosa loita únese á loita dos prisioneiros de Francia, Irlanda, Turquía, España, Italia e na península ocupada (...)

Como suxeitos na loita de liberación, ou ben loitamos coa práctica da resistencia até un proceso autenticamente revolucionario en Europa occidental, ou ben só podemos, como oposición marxinal, comentar os crimes do imperialismo e o camiño da reestructuración fascista do Estado, da Seguridade do Estado.

Unidade na loita do Frente Antimperialista!"

corpo e á personalidade dos prisioneiros.

Isto último foi confirmado por médicos psiquiatras como o profesor Rasch, director do psiquiátrico da Universidade de Berlín Oeste. Este declarou que, durante o xulgamento contra Andreas Baader e Ulrike Meinhof, os acusados nen sequer eran capaces de asistir ao proceso e asumir a súa defensa. A reacción das autoridades alemáns non se fixo esperar, ditando unha lei excepcional que permitía realizar os procesos en ausencia dos acusados. Esta lei foi elaborada mentres tiña lugar a terceira folga de fame, sendo posta en vigor o 1 de Xaneiro de 1975.

Xunto con isto tamén se promulgaron medidas para excluir da defensa a aqueles avogados de quen existise a sospeita de que pudesen criticar durante o proceso —coa conseguinte publicidade internacional— as condicións de isolamento.

Xa non se trata só de destruír física e psíquicamente ao preso e de lle negar a posibilidade dunha defensa política, de acordo cos motivos polos que é procesado e acusado, senón que se chega a intentar criminalizar aos propios avogados, aos familiares e amigos co pretexto dunha suposta "cooperación con banda armada".

Así, a lexislación establece penas de seis meses a cinco anos para os avogados que axuden a "intercambiar informacións entre os detidos", que participen nunha "exortación para organizar unha folga de fame de solidariedade contra a detención e o illamento do defendido", ou que transmitan na cadea as preguntas dun xornal para que o preso conteste unha entrevista...

## Solidaridade cos detidos

En diferentes cidades alemáns estanse a realizar reunións informativas organizadas por familiares e amigos dos folguistas. Nos mítins e manifestacións que houbo até de agora pódese constatar o carácter eminentemente político das mobilizacións de solidariedade, fronte aos motivos de tipo estritamente humanitario que predominan en folgas anteriores. Este fenómeno tamén se fixo patente en actos realizados noutros países.

En Galiza tamén se deixaron sentir estas mostras de solidariedade con concentracións, panfletos e outras accións de protesta levadas a cabo polos nacionalistas e partidos da esquerda estatal.

Angelino Alejandre (EGIN)



estado

XESUS VEGA

O "escándalo" está servido. O goberno necesitaba o feito "non ordinario" de asistir ao procesamento dalgun persoeiros da sociedade bempensante para ter unha coartada capaz de neutralizar os cargos formulados pola lección de parados e reconvertidos.

Contemplar a un García de Enterría na súa dimensión de suxeito acusado de prácticas delitivas serve, seguramente, para recompor —diante de amplos sectores da opinión pública— a imaxe "xusticieira" e "progresista" dun goberno empeñado en ultrapasar pola dereita a política tradicionalmente seguida pola socialdemocracia europea. A fuxida de capitais e "as auditorias de infarto" son os dous pés sobre os que se quer establecer a distancia formal necesaria con Fraga e Roca para que o eleitorado non pense que todos son iguais diante do señor dólar.

Felipe González ten sorte. Ten ao seu lado unha dereita política educada no autoritarismo sanguiniento cara aos seus inimigos e na exquisita tolerancia verbo dos delincuentes de garabata e misa diaria. Unha dereita que tenciona ser a expresión duns sectores sociais que construíron o seu dominio económico mediante o cómodo expediente da corrupción xeralizada. Por iso Fraga non pode reprimir a tentación de reconverter o seu coñecido principio de que "o mellor terrorista é o terrorista morto" na oportuna reivindicación de que "o mellor evasor é o que anda solto".

estado crítico

Coerencia

O problema para o presidente do goberno ten outra orixe. Procede do seu coñecido labor apoloxético do sistema capitalista: "é o mellor sistema dos existentes" proclama cada vez que lle preguntan sobre tal cuestión. Se Felipe González pensa así será porque asume como propia a lóxica capitalista. V a que logo, resultará conveniente plantexarse se a evasión de capitais é consubstancial a esa lóxica ou é algo "anormal", impróprio do sistema de valores da chamada economía de mercado, un "escándalo" froito das apetencias circunstanciais de tal ou cal particular.

Unha das ideas máis difundidas polos dirixentes da CEOE —e non desmentida pola práctica seguida polas autoridades gubernativas— ten sido a de xustificar a falta de inversións criadoras de postos de traballo pola suposta existencia de atrancos que non favorecían a súa realización: elevada taxa de inflación, falta de flexibilidade do mercado de traballo, poucas axudas fiscais...

Pero a análise dos indicadores económicos máis elementais non permite ratificar semellantes conclusións. Hai uns días, a prensa reflexaba o dado de que, no ano 1984, o excedente empresarial medrou en dous billóns de



Francisco Palazón, un dos principais encausados, é conducido a Carabanchel.

pesetas e, non obstante, a inversión neta baixou 1 punto. A conclusión é evidente: os beneficios empresariais están medrando grácias á diminución dos saláridos, ás modificacións introducidas no réxime de contratación da man de obra —maiores facilidades para o despedido e xeralización de contratos temporais— e ás vantaxes fiscais concedidas. Hai beneficios pero non hai inversión. E mais rendábel dedicar as ganancias a outros obxectivos. Por exemplo: nos últimos anos arredor do 25 por cento dos beneficios empresariais son utilizados na redución das plantillas. Nunha situación de crise como a que estamos a vivir, o oficio de rendista é máis seguro e proveitoso que calquer nova aventura empresarial. E mellor, sen dúbida, especular con dólares desde Suíza que financiar con eles a instalación dunha industria no Ferrol. O primeiro produce un beneficio máis rápido, seguro e cómodo que o segundo. E a lóxica fría e implacábel dos posuidores do capital. A de onte, a de hoxe e a de mañá. Ou é que o presidente do goberno coñece a capitalistas que actúen cunha filosofía diferente? Se fose así, non lles tería dito que fosen a Vigo e Ferrol para poder salvar a cara diante dos traballadores que non aceptan a reconversión.

O señor González debería estar ás duras e ás maduras. Se fixo profesión de fé no capitalismo para ser ben recibido no clube que encabezan Termes e Quevas, deberían cargar coas misérias que percorren o esqueleto do sistema. O señor presidente gosta de falar de coerencia. Aquí ten unha ocasión para demostrala.

JOAM FRAGA

Hai esquemas e conceptos que unha vez impostos, aínda que estean mal definidos, son difíciles de borrar, superar e substituír. Non obstante, os erros conceituais son perigosos e páganse caros. Véxase senón o perxuro que ten feito o vello esquema que asimilaba nacionalismo a burguesía, catalanismo a conservadurismo. A este erro histórico contribuíron fundamentalmente tres elementos: A Liga e o Lerrouxismo nas primeiras décadas do século XX e sobretudo o Pseudomarxismo dos sesenta e setenta. Máis, incluso hoxe hai historiadores e sectores políticos que seguen sustentando esta interpre-

Sobre o concepto Países Catalans

tación, ignorando cando menos estudos fundamentais de historiadores como Josep Termes ou Félix Cucurull, que tan lucidamente teñen desautorizado e desacreditado aquela obsoleta e maniquea teoría.

A respecto da concepción nacional dos Países Catalans pasa algo similar. Inda que sexa brevemente, por propias razóns de espácio, imos tratar a cuestión. É un termo moi duramente criticado e discutido, ao pal se acusa entre outras cousas de ser un concepto ahistóri-

co, de recente invención, partidista e incluso de "expansionista". Pola mesma liña, inda que aquí con máis matizacións, díse que o catalán, valenciano e mallorquín son tres linguas diferentes; evidentemente atacando a unidade lingüística do catalán estase disparando a columna vertebral dos Países Catalans. Pero, como ten afirmado Badía i Margarit, aínda ningún deu un só argumento científico contra a unidade do catalán. A desmembración das terras ca-

talanas comeza a raíz da Guerra dos Segadors (1640). Tras o Corpus de Sang, e ante a invasión castelana, Pau Clarís proclama a República Catalana (1641), pero dificultades coa Francia de Luis XIII, xunto cunha terríbel Peste e o Exército de Felipe IV acabaron coa resistencia catalana. Como consecuencia e pola Paz dos Pireneos (1659) pérdense os territorios do Rosellón, Conflent, Vallespir e a Alta Cerdanya (excepto Llívia), que pasan a Francia. Ape-

sar das dificultades, as Constitucións catalanas seguiron viventes, mais coa guerra de Sucesión os territorios da Antiga Coroa de Aragón realíza, como ten dito Balcells a última empresa política común que uniu a Catalunya, País Valenciá e ás Illas, pois a derrota ante as tropas franco-españolas (Almansa 1707, Barcelona 1714, Mallorca 1715) supón o final da independencia catalana e a abolición das súas institucións, polos decretos de Nova Planta.

No século XIX comeza o Rexurdimento da Catalanidade, inda que esta se acentúa no Principado, non faltan as voces mallorquinas como a de Mariano Aguiló e valencianas como a de Ferrer i Bigné que, por exemplo, nun dos seus poemas representa alegoricamente ás "tres branques d'un sol arbre". Prat de la Riba nun artigo publicado en "La Senyera" (1907) falaba da necesidade dun nome común para designar ás terras catalanas, el propuña o de Catalunya Gran como similitude da Greater Britannia, porque "Tots som uns, tots som catalans". Pero moito antes que Prat, e desde unha visión máis democrática e progresista Narcís Roca i Ferreras, figura crucial do s. XIX catalán, segundo Cucurull, xa falaba de Países Catalans; nun artigo de 1886 publicado en "L'Arch de San Martí" afirma "Unión Nacional de les provincias catalanes, de tot Catalunya, simpatía de totes els Países Catalans d'ençà i d'enllà dels Pireus Orientals". Pero incluso con anterioridade, como ten descuberto Joan Fuster, foi un valenciano, Benvingut Oliver, historiador do dereito, e nada sospeitoso de pan-catalanismo, quen por primeira vez, en 1876, empregou a acepción Países Catalans. Mesmo o lusófilo catalán Ribera i Rovira, no seu libro sobre o Iberismo (que por outra parte mostra unha incomprensión cara o País Basco) reconece tres nacionalidades ibéricas: a Galaico-Portuguesa, a Castellana e a Catalana, incluíndo aquí Valéncia e Mallorca. Podíamos seguir con Rovira i Virgili ou volver atrás con Josep Coroleu i Josep Pella, que en 1878 no libro "Los Fueros de Cataluña", afirman: "La nació catalana és la nació dels pobles que parlen l'idioma català". Non creio que sexa necesario continuar. Non é un concepto arbitrario e gratuito. Existe unha real tradición de conciencia de comunidade nacional dos Países Catalans, certo que con distintos graus e desniveis, pero sobretudo a partir de 1962 con "Nosaltres els valencians" o concepto colleu un camiño sen retorno porque "Des de Salses a Guardamar, de Maó a Fraga, som un Poble: un sol Poble".

JOAM FRAGA  
é licenciado en  
História Contemporánea

AS CERAMICAS DO CASTRO E AS DE SARGADELOS ESTAN FEITAS CON TERRAS GALEGAS, AS IDEAS E A CIENCIA QUE LLES PROPORCIONA O LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA E O SEMINARIO DE ESTUDOS CERAMICOS

ENGADINDO UN VALOR 200 VECES SUPERIOR AO DAS SUAS MATERIAS PRIMAS QUEREN SER UN EXEMPLO DO QUE SE PODE FACER APROVEITANDO NA NOSA TERRA OS NÓSOS RECURSOS.



A culpa sería dos dirixentes

## O baloncesto galego en entredito

A dimisión de toda a directiva do Breogán de Lugo, sen que expliquen as causas, e o relevo de Ventura como entrenador do Clesa-Ferrol poñen de actualidade o labor dos dirixentes nos clubs galegos, e máis nun espectáculo deportivo que acadou nos últimos tempos un auge inusitado.



O Presidente do Breogán de Lugo, Posada J éiga, dimitiu do seu cargo nos últimos días do mes de Xaneiro. O día 20 de Febreiro terá lugar a asamblea xeral de sócios para tratar esta dimisión, á que se uniron outros oito directivos, permanecendo no cargo tan só Pascual Centelles, que foi posto pola entidade patrocinadora, Caixa-Galicia.

A dimisión parece que se produce por "causas estritamente persoais". Polo menos isto foi o que anunciou Posada J éiga, que afirma non ter tempo para lle dedicar á presidencia do clube.

Nada que obxectar de ser así; o que non se entende moi ben é a dimisión dos outros oito directivos, "en solidariedade". En solidariedade de qué?, habería que preguntarlles. Non entendemos esta postura, a non ser que agache unha manobra.

Hai quen comenta que se lle subiron os fumes á cabeza, ao acadar postos insospitados ao comezo da tempada.

Outros pomentan que o que se pretende é tirarlle máis cartos á Caixa cara a próxima tempada. A entidade crediticia xa confirmou que axudaría con 16 millóns, a cambio, claro está, da publicidade conseguinte.

Por outra banda outros afeizoados afirman que, no fondo desta dimisión, está a película "La Vieja Música" que se vai rodar en Lugo, sendo o Breogán un dos protagonistas. Dise

que o Presidente pretende conseguir bastante diñeiro por rodar esta película o clube, aínda que terían que ser os xogadores quen o recibesen ao que el se opón. Hai outros afeizoados que o que pretenden é que a película se faga sen pór moitas trabas, e que o presidente receba presións para que non puxese obstáculos.

Son todas suposicións desmentidas polo presidente.

Aínda así, algo debe haber, cando dimite toda unha directiva. Pois aínda que se entende o do Presidente polos que el espuxo, cómo se explica a "solidariedade" dos demais componentes?

As cousas seguen escuras, aínda que pode que o día 20 se aclaren.

### O tinglado do Clesa-Ferrol

Xaime Ventura, o até o de agora entrenador do Clesa-Ferrol, foi cesado no seu cargo, alegando a directiva "baixo rendimento do equipo". O seu lugar pasará a ocupalo Xavier Casero, segundo entrenador, que xa nos anteriores ceses de técnicos, Figueroa e Tim Shea, ocupou o mesmo posto. Ventura tiña un contrato por dous anos.

O entrenador foi destinguído o día 4 de Febreiro aínda que de feito xa o fora moito antes, cando o presidente Xoan Fernández, quen gusta moito de aparentar que, sentouse no banquillo como segundo entrenador, aínda que ali era el quen mandaba.

Ventura foi moi criticado por permitir esta inxerencia, que non é nova neste presidente, nen noutros moitos, atreverámonos a dicir que en máis da metade dos clubs-espectáculo.

O técnico catalán tiña as súas razóns para facelo. Con esa imposición o Presidente Fernández o que pretendía era propiciar a dimisión do técnico. Un técnico novo que á metade da tempada non podía tirar así como así dous anos de contrato e quedarse no paro. Isto foi polo menos o que afirmou Ventura, e que parece totalmente verosímil, para aceptar unha imposición dun Presidente que se ultrapasou na inxerencia, non polo feito en si, senón pola súa manía de aparentar e figurar.

Pero a inxerencia do Presidente, por máis que anunciase a "bombo y platillo" que fora a solución despois de conseguir unha vitoria, non arranxou nada, é máis, empeorou as cousas xa que algúns xogadores non aceptaban os "caprichitos" de Xoán Fernández, tal é o caso de Toño Martín, que logo foi cesado no clube polo "seu baixo rendimento", encontrándose agora outra vez no equipo despois da intercesión dos compañeiros. As derrotas sucedíanse semana tras semana e ao fin Ventura foi cesado, como cabeza de turco.

Así e todo, é certo que este ano o Clesa Ferrol, antes OAR, tiña que aspirar a moito máis, e así o afirmaba o presidente ao comezo da tempada cando dicía que tiñan obrigación de quedar de cuartos, pois que este era o lugar que ocupaba o seu presuposto.

A súa situación é moi outra e a pretensión de entrar no "play off", tornouse en escapar do descenso. De nada valeron os millóns aportados por Clesa, nen que o cadro de xogadores fose aínda mellor que a tempada anterior onde tan boa campaña fixera.

Non, este ano, o certo é que o Oar, o equipo, e tampouco o Clube, se deu conxuntado esta tempada e lograr un bloco e un esquema de xogo. É certo que as lesións tamén influiron, pero só serán unha desculpa o querer cargarlles a má situación deportiva do equipo.

O personalismo do Presidente ten para moitos bastante que ver, tanto polo clima criado entre os xogadores, como na inxerencia nos plans do entrenador.

Parécenos ben que a Xoán Fernández lle goste aparecer como "factotum" do equipo, que saca se quer peito como presidente, pero que deixe a entrenador e a xogadores facer o seu traballo: dar espectáculo e gañar se é posíbel. Doutro xeito, dentro de dous anos, encontrarase que xa non ten clube para pavonearse.

## Co tempo a voltas

RICARDO RIVERA

Para moitos deportistas non existen os rivais. Non han competir con outras persoas, pero teñen un contrario, cásese que invencible: o tempo.

Este é o caso de atletas gañadores como Edwin Moses, Carl Lewis, Michael Gross, Vladimir Salnikov, e outros máis que levan anos tentando de lle quitar centésimas de segundo a unha distancia invariábel. De certo que calquera dos catro son homes excepcionais, con físicos case perfeitos, técnicas de entreno moi sofisticadas e unhas capacidades físicas, mentais e económicas fortísimas.

Hai máis de cinco anos que Moses chega sempre primeiro. Lewis leva unha tempada intratábel, e Michael Gross zapuxa cos pés aos rivais. Por isto, a súa loita non baixa cos contrarios senón co tempo.

Ben mirado, parece cousa de lilo escornarse por lle arrebuñar unhas centésimas aos catrocentos obstáculos, ou aos douscentos borboleta, pero estes super-homes nasceron para iso.

Mentres os iañquis tentan facer virguerías perto das estrelas co "Discovery", uns homes, cásese novos, loitas cos Omega e os Longines, para lle amosar ao mundo inteiro que aínda non se chegou ao cumial das posibilidades humanas.

Calquera pode decatarse de que a velocidade con que se baten as marcas nos últimos cinco anos é a meirande da historia, pero hai que facer aquí dúas consideracións. A primeira radica na mellora das condicións técnicas que axudan ao deportista. A segunda está relacionada coa impresionante exactitude dos sistemas de medir o tempo. Agora os records danse en centésimas de segundo e até en milésimas. Evidentemente non é o mesmo bater unha marca por dúas milésimas que por dúas décimas. Todo isto desfai un pouco o mito da superación, pero tamén hai algunha mellora física que case sempre radica nunha preparación axetada desde idades moi cativas.

As progresións que se están a facer son asíntóticas para unha marca determinada. Se as condicións técnicas non varían, é de supor que existen uns records límite tamén parece evidente que a técnica está a mellorar e con ela as marcas a conquistar. De todos xeitos se non houberse adiantos técnicos sería doado dar os tempos en milonéximas de segundo, e sempre se baterían records, aínda que fose moi paseniño.

Os recors límites existen, a non ser que os fillos de Moses nazan con rodas e os de Gross con aletas.



SALAS DO MUSEO DO POBO GALEGO. Santiago de Compostela,

Fotografías de F. Català-Roca

8 / 28 de Febreiro

Personaxes de los años 50



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E CULTURA  
Dirección Xeral de Cultura

ARQUIVO DA IMAXE DE GALICIA / FOTOTECA

Horario: de 10 a 13 h. e de 16 a 19 h. (excepto domingos)

Exposición itinerante do MINISTERIO DE CULTURA



estampas do mundo elegante

# Estampa de Ramón Piñeiro a propósito dun accidente de tráfico

XESUS CAMPOS

Un por un, coma pingas, van ocupando esta sección todos os persoaxes que nunca dou retratado. Razóns de querencia, amizade ou coñecimento amplo limitan sempre a carga humorística que un pretende ofrecer coma envoltorio. Un deles é Ramón, Don Ramón, Piñeiro ou Ramón Piñeiro. O intrigante patriarca na sombra, o home das mil conexións e a quen os seus fillos intelectuais, discípulos ou contertúlios de camilla adoran cando non recean, temendo non edipizan e renden culto cando non fan cola no portal da súa casa.

Coñézoos ben desde hai anos e creo que a miña condición de españolista impenitente libérame de etiquetas porque ademais nen son narrador mozo nen profesor universitario, nen ensaísta nen crítico literario. Servidor, afeito a contemplar desde a barreira os touros do nacionalismo, e en Ramón, ou en Don Ramón, sempre confunde o tratamento, porque levo alternando anos o tutéoo co tratamento de vostede, sen saber nunca ben qué forma é a correcta.

Quizá sexa esa mefistofélica indefinición de idade que o caracteriza, esa pel intocada polas enrugadas, escasas e que somente subliñan a rectitude da boca e só parecen multiplicadas cando asoma o seu frecuente sorriso no meio dunha conversa, ao tempo que as cellas se lle disparan e ladea a testa como disculpando a licéncia física do aceno humorístico.

En camilla ou en calquer recanto de librería, parado nos soporais da Rúa Nova, Piñeiro é un extraordinario contertúlio que sempre se agradece enfrente, porque en media hora de pálique repasa desde a crise do PCE até a penúltima confidencia real ao estamento militar, desde a anécdota de infancia en Lánzara até a recepción en Berlín á delegación galega nalgunha asamblea de escritores europeos pola democracia nos anos sesenta. O descubrimento dun debuxo insólito de Cebreiro ou unha fotografía envellecida en sépia de, poñamos por caso, Alexandre Bóveda bailando un bolero no antroio do pontevedrés, polos anos trinta.

Calquera sabe que a certas horas se non vai botar a correspondencia a Correos —dúcias de cartas para o mundo— anda pola Penzol, por Filoloxia, conferenciando en Betanzos ou tomando notas no Parlamento, discutindo os estatutos dunha nova asociación resgatada da pre-



guerra. Ese metodismo vital refléxaselle no impoluto cabelo, firme de cor e de consistente peiteado, ma rectitude eléctrica das cellas disparadas, como significando uns ollos vivos que os grosos lentes deforman. Na simetría facial que conforma ese ar inquedo e á vez despistado, que fai del un home ordenado até no físico.

Pois resulta que Don Ramón é, detrás da súa inócua aparencia de fonte xeralmente ben informada, un axente da CIA. Mira ti por onde Bush e Reagan andan agora comentando as confidencias que inxenuamente fun relatando ao nefasto axente imperialista. Qué bo chorno pensar que os altos segredos do contubérnio comunista internacional do que eu fun portador son agora pasto das mesas camillas do Pentágono.


Parvo de min. Espertar a estas alturas. Tardar tantos anos en decatarme xa non só da pertencencia de Piñeiro aos servicios ianquis, senón da condición de axente da KGB da súa dona Isabel, dos lazos que vencellan á súa irmá Sara ao Coronel Gaddafi... Agora, e qué tarde, xa o teño todo claro: A vinculación de Barrionuevo á Rosaleda, a correspondencia secreta entre María Xosé Rodríguez Galdo e Thomas Enders... e eu, pailarodo

de min, ofuscado na obediencia cega á pragmática eurocomunista...

Moi hábil. Toda unha montaxe. Anuncio de eleccións para finais de ano, o PSOE sen ninguén presentábel para facer frente a Albor. Un accidente de tránsito e Piñeiro ingresa na Rosaleda. Comunicados periódicos do equipo médico habitual falando de fractura e recomposición de oso fracturado: un patinazo, a estrada mollada, o temporal... pero non. Comezo agora a espabilar e explicarme o porqué da súa idade indefinida, do seu aspecto físico imutábel de década en década. Periodicamente, cunha ou outra desculpa; Piñeiro acude ao laboratório secreto de Sixto Seco para recargar a batería. Porque Ramón Piñeiro funciona a pilas, como tamén funciona a pilas García Sabell. E Díaz Pardo. Como funcionaba a pilas Otero Pedrayo, que só así se explica que morrese con seiscento e trinta e dous anos cumpridos.


E aínda terá a caradura de pasearse a Rúa Nova co brazo en coleira, como convalecente.

En fin, que hai Piñeiro para tempo. E logo despois Casares, que anda facendo terceiro de Camillas porque lle convalidaron dous anos de Parlamento en correidores.



Xa pasou algun tempo desde a actuación de Amaury Pérez, da Nueva Trova Cubana no noso país, pero aínda temos o recordo fresco da peculiar propaganda que se fixo. Fíxense no curioso, e diglósico, "viaje a Cuba con todos los gastos pagos".

ANXOL BARANSA





## Exposición itinerante

# O mundo de néboas de Tino Grandío

Promovido polo Concello lugués, percorre as vilas máis importantes do país unha mostra de Tino Grandío, un dos artistas máis representativos da nosa pintura no século actual. Descubridor da poética sombria da Galiza interior, onde humidade e horizonte forman unha mesma familia, esta mostra bríndanos a posibilidade de aproximarnos a unha obra non demasiado divulgada e incluso descoñecida en amplos sectores de opinión. Está representada por setenta e dúas obras que abraxen as referencias máis acusadas do artista lugués, iniciada na década dos cincuenta e rematada coa morte do pintor no aínda próximo ano 1977.

Por riba dunha biografía máis ou menos brillante, Tino Grandío ten na plástica galega un espazo do que ninguén máis que el é o responsable. A súa obra voa por riba de descubrimentos establecidos sexan estes metafísicos, esperpénticos ou folclóricos, sintetizando como ninguén o ambiente chumbizo das nosas ribeiras, o estepario chan de permanente inverno, sen sombra nen luz, onde só existe un fio de diáspora luminosa carente de definición.

Tiña nacido en Lousada, localidade próxima a Lugo, nas saias ribeirás do pai Miño o día de fin ano do 1925. A súa mocidade transcorre en Compostela alternando os estudos de Filosofía coa práctica da escultura en pedra, iniciándose nas formas que tan en alza se mantiñan desde a chamada estética do granito. A Deputación de Lugo concédelle unha beca e ábrese así diante do inqueda artista as posibilidades de desenvolvemento dunha actividade para a que aparecía especialmente dotado.



"O cego da zanfona", coñecido cadro de Grandío

### A presenza

Foron os seus comezos de vibrante cromatismo próximo ás respostas encendidas de Carlos Maside cuxa obra debeu coñecer en Compostela. Baixo unha temática populista, cria formas rotundas, de

forte liña e contraste cáeseque puro, a caricatura levemente insinuada e un vixente primitivismo no horror ao espazo vacío e no concepto inxenuista do tema. Son cadros de pequeno formato, realizados ao redor de 1955 entre os que

se contan nesta exposición, "O galo e a cigarra" ou "Trolebus".

De forte e nervosa inspiración, cando parece que o seu camiño está consolidado, altera tanto a temática como o trato do cor. Revólvese contra o traballo de obradoiro e procura o tema en directo, nas esceas de cada día. O paso cara recursos máis monocromos xurde pois da súa observación da realidade cotiá. "Arando cedo" abre un novo xeito de concebir a súa pintura, marcada pola utilización de recursos máis monocromos. Tonos grises de marcado contraposto solar, figuras que se moven traballando a terra, fundidos no seu medio de supervivencia, onde cores terrosas destacan co seu trazo vigoroso e espontáneo. Grandío sabe que o importante é narrar a atmosfera e que toda a escea é consecuencia dela mesma deixando ao nome, ao animal e o artefacto, reducidos a manchas amorfas incrustadas no seu espírito de traballo. Aquí non ten cabida o pincel minucioso e peiteante senón o xesto que descubra a estrutura dos primeiros planos e a fusión coa toca luminosidade do horizonte.

### Evolución e epiflojo

A densidade do gris vai avanzando até chegar á situación límite da abstracción, pero péis a ser abstracción non esta deslindada da realidade. E abstracción ou son paisaxes da Terra Chá? O ambiente frío e desapacible de "A nada" así nolo explica, referindo máis a unha sociedade esteparia e neboenta que a un postulado minimalista. En "Mariña" aparece o contido máis rexo, onde o protagonista non son as forzas naturais en axitado desbordamento, senón a masa en si mesmo en sosego e imensidade.

Grandío deixou de man esta etapa en que home, paisaxe, e traballo fundíanse até a abstracción nun doado camiño. A continuidade do seu plantexamento queda limitado polo prexuício. Sempre coa súa obra en continua revisión remite na procura exclusiva da estética do gris. Era previsible. Non era a súa unha visión lírica onde primara o sentimento e na que chuvia, pranto, miséria ou bufarra foran consecuencia, fundidas na masa. O gris en Grandío foi pretexto, narrativa épica sen máis proxección e é por iso que a fórmula que lle deu identidade vai derivar cara o experimentalismo en temas de interior cuxos efectos lumínicos suxiran as mesmas entóns anteriores. E o caso das esceas de sanidade ou dos seus retratos.

Precisamente unha parte desa produción é moi aplaudida. Entre eles o retrato de Franco pintado no ano 1975 e que aparece como exponente da decadencia do réxime. Grandío conquira un dobre xogo da imaxe. O espectador dialoga co retrato que ten diante, un anciano decrepito e caduco. A mente do espectador acude o recorde do retrato oficial de corte triunfalista, vixente nas paredes da Administración ou nos selos de Correos.

A obra de Grandío tamén estaba a sinalar as súas últimas notas. Pouco antes de morrer deixounos como premonición do que sería a transvanguardia dos 80, "A loba" pintada en 1977 que coroa todos os seus traballos. A néboa fariñenta pervive como natureza diante de vales e montañas mentres un animal, con toda a carga de autorretrato, deambula na soledade do Caurel, nun xordo solilóquio.

FERNANDO VILANOVA

## A única revista do estado especializada en guitarra é galega

Desde o ano 1978 ven traballando no noso País a Agrupación Guitarrística Galega, asociación cultural que, apesar da limitación semántica que o seu nome conleva, ten postas as súas miras na "elevación en Galiza do nivel musical en xeral". Esta teima deu lugar a cantidade de concertos, conferencias, simpósios abertos ao diálogo entre músicos, artistas plásticos e literarios, e en xeral actos de todo tipo. O eixo central da A.G.C. constitúeno unha Biblioteca de partituras e máis a revista de publicación cuatrimestral "Guitarra-Vihuela-Laúde".

A Biblioteca está catalogada como a mellor da súa especialidade en todo o Estado, especialmente pola súa colección de obras para guitarra. Igualmente, a revista é a única especializada a nivel estatal, intercambiándose en pé de igualdade con outras publicacións monográficas como a inglesa "Guitar" a francesa "Guitarrothèque" ou a xaponesa "Guitar Music".

A internacionalidade da súa proxección tamén se manifesta na procedencia dos seus subscritores; deles a metade residen fóra do Estado español (Francia, Suíza, Iugoslavia, Italia, Turquía, etc.), dentro do cal existen 100 abonados, sendo a zona de maior incidencia Cataluña con 40 (en Galiza existen 20 asociados). Por tratarse dunha publicación específica dentro do ámbito musical, "G-V-L" ten como receptor a un público con alto nivel cualitativo (concer-



tistas, profesores, Bibliotecas, etc.). Proximamente, "G-V-L" cumprirá o número 7 da súa publicación, e nel poderase ler unha interesante entrevista sostida pola membro da Agrupación Branca Lorenzo (Secretaría da mesma) co clavecinista de renome universal Rafael Puyana; é de salientar esta reseña por tratarse dun músico de difícil acceso periodístico á marxe da súa categoría artística. Apesar da súa calidade, do apoio económico que ven dos subscritores e mesmo da publicidade, a revista é deficitaria.

A "Agrupación Guitarrística Galega" mantén no país cinco centros locais (Vigo, Lugo, A Coruña, Santiago, Ourense), amais dun no estranxeiro (Basilea, en Suíza). Ante as súas actividades puntuais destaca o "Concurso de Guitarra Cidade de Ourense". O seu centro coordinador está en Vigo: Gran Vía 204-5º D., teléfono (986) 21 50 89.

## Importantes acordos da Asociación de Escritores

A Asociación de Escritores en Língua Galega celebrou unha asamblea que se pode calificar de tensa.

Entre as decisións máis importantes hai que destacar a celebración dunha cea así como de diversos actos dedicados a Rosalía.

Outro dos acordos tomados foi reducir a tirada da revista "Escrita", e que sexa a directiva da Asociación quen fixe o contido da publicación, por máis que o deseño e a dirección segan en Barcelona.

Aquí foi onde apareceron controversias, que aumentaron co tema da distribución dos cartos, pois que un núcleo de escritores pretendía aumentar o presuposto de financiación da revista, mentres que outros se decantaban porque as diversas zonas tivesen máis fondos.

Afinal, o presuposto da revista quedou fixado en un millón douscentas mil pesetas, e o de cada zona en douscentas cincuenta mil para realizar actividades.

Os asuntos económicos foron o eixo da reunión, en varios aspectos máis, xerados pola subvención de tres millóns concedida pola Dirección Xeral de Cultura, encargándose X. M. Beiras de realizar un estudo financeiro.

## "Hércules en Brigantia", na Bienal de Arte de Montpellier

O doce de Febreiro interpretárase na Bienal de Arte Contemporánea de Montpellier (Francia) a obra de Manolo Balboa -xoven compositor galego de 25 anos- "Hércules en Brigantia" Opus 33, para quinteto de piano, violín, violoncelo, flauta e clarinete.

Esta obra foi estrenada no Outono musical de Nimes, tamén en Francia, o 9 de Outubro e dado o

éxito acadado agora é o mesmo grupo que a estrenou, o conxunto de música contemporánea "Solars Vortices", dirixido por Jean Pierre Dupont, volve interpretala.

E este un caso máis de novos criadores galegos esquecidos aquí e que triunfan nas manifestacións culturais máis importantes que se están a celebrar no estranxeiro.

## Xornadas de Língua Galega no Ensino

### Desaparecen comunicacións "non gratas"

Recentemente téñense publicado as ponencias e comunicacións presentadas ás I Xornadas de Língua Galega no Ensino, coa omisión daquela que mostra diverxencia coa liña lingüística oficial, e que é da autoría de M<sup>a</sup>. Pilar García Negro.

As I Xornadas celebráronse o 5, 6 e 7 de Marzo de 1983 en Compostela, organizadas pola Dirección Xeral de Política Lingüística. Daquela varios dos asistentes, incluída García Negro, denunciaron os intentos de censura previa que se quixeran facer sobre as comunicacións feitas, e que eran referentes aos temas plantexados nas Xornadas. A presión conseguiu que esta reivindicación fose adiante, pero a sorpresa surxi agora coa publicación dos traballos daqueles días.

Ademais de non llas enviar aos participantes, a Dirección Xeral de

Política Lingüística omitiu a ponencia presentada por Pilar García Negro, despois de a incluír no índice.

Para este ano tomaron medidas cautelares e "resérvase o dereito de aceptación e publicación das comunicacións presentadas", criterio que se aplica -á vista dos feitos- con retroactividade; tamén se inclúe a obriga de que os traballos sexan escritos na normativa oficial vixente. Para esta última imposición acúdesse a un decreto (o 173/82), que xa era vixente no momento da primeira convocatoria e que non se empregara daquela, discrecionalidade que se realiza coa afirmación de que estas xornadas queren ser "punto de encontro, contraste e intercomunicación de tódolos ensinantes de Galicia, respecto da nosa lingua".

X.C.



## andando a terra

M. HORTAS VILANOVA

### A princesa Aldina

O **Romanceiro Galego** é pouco coñecido. Sospeitamos que non está ben recollido e que, nun país como o noso sin memoria histórica, a meirande parte del perdeuse nas sombras do esquezo. O que sabemos é que está mal editado, pouco estudado e apenas divulgado. Sería urxente facer unha edición popular e asequible do noso romanceiro. O mesmo que se fixo, aínda que non moi ben, cos contos populares e coas léndas. Dase a curiosa coincidencia de que a mellor recolleita de léndas tradicionais galegas, a de Leandro Carré Alvallos, imprentada hai anos en Portugal, e en galego, edición oxe esgotada e que apenas circulou entre nós, estase lendo en Galicia nunha tradución o castelán, a única que circula oxe no mercado. Este feito é como pra que, como galegos, nos caiga a cara de vergoña.

Os romances galegos que coñecemos andan espallados por diversas publicacións. Algunhos deles son fermosísimos, ategados dun lirismo requintado, fondo, comovedor. De tódolos romances nosos, servidor, dende os anos da súa infancia, sinto unha enorme debilidade polo que él chama **Romance da Princesa Aldina** e polo **Romance de Don Gaiferos**.

No primeiro mistúranse os elementos máxicos da noite de San Xohán chea de augurios, engados, maxias e sortilexios, coa lenda da princesa Aldina. O único que o romance nos conta de Aldina e que é filla do rei de Galicia, que está namorada e que, na madrugada de San Xohán vai coller a frol da auga fría:

— *Cál será a meniña, cál que colle a frol da auga fría?*  
— *Non será dama nin deuda que será a princesa Aldina, a princesa namorada filla do rei de Galicia.*  
*Non hai outra como ela tan feitiña e tan bonita co aqueles seus ollos craros do color da auga da ría.*

¡A princesa Aldina!. Non son moitos os datos que dela nos fornece o romance, única biografía súa de que dispoñemos. Pero si os suficientes pra que a nosa fantasía poida maxinar un reino de noso, cos seus príncipes e a súa cortesanía etiqueteira —que sería románica—, a súa corte e un povo inventor da vida de cada día.

E fermoso maxinar todo un ciclo romancesco no que a Princesa Aldina é a protagonista. Usaríase o romanceiro de arte menor pra contar os xogos, os medos e as pequenas trasnadas —escazanadas

decimos na miña tribu— da princesa. E o romance octosílabo, o clásico pra contar a cantar os saloucos de Aldina que, por forza, sería unha princesa soñadora. Tamén sería octosílabos os que narraran as súas aventuras na fraga, cando se perdeu nela, co gallo dunha cazata. A fraga sería viciosa de carballos, castiñeiros, freixos e abelairas, sonora de fontes cristiñas e de regatos marmulantes, fgallopa da de porcos teixos e de cervos xentís. A fraga estaría cuberta de brétema que un sol tépedo e amoroso remataría por desfacer. Aldina tería a revelación da lingoaxe da fraga e, a través dela, unha concepción panteísta do mundo. Eiquí tería cabida a lenda da doncela convertida en cervo. Un remataría por perderse nos camiños da chamada **materia de Bretaña**, certamente fuxidía e evanescente. Aldina, con todo, sería unha muller. Como a Catuxa de Houlián de W. B. Yeats. Todo isto, sería unha muller. Como a Catuxa de Houlián de W. B. Yeats. Todo isto, que forma parte da nosa tradición, podería formar parte da nosa literatura.

A esa corte do rei de Galicia da que fala o romance, da que é princesa a namorada Aldina, chegaría, nunha serán de maio, o misterioso Don Gaiferos, romeiro a Compostela. ¿Onde estaría a capital dese reino galego? ¿En Compostela, en Ribadavia, cecáis en Betanzos ou Mondoñedo...? ¿Cañtos anos tería Aldina? ¿Contaría, cecáis o tempo por floraciós como nos versos de Pondal? ¿A que fonte, río, regato, pozo, ría ou mar iría catar, na manñanciña de San Xohán, a frol da auga? ¿De quen estaría namorada? ¿De un poeta-almirante como Paio Gómez Charino? ¿Sería consentidor dos seus amores o rei, seu pai? Sabemos que os ollos de Aldina eran claros, do color da auga da ría. ¿De qué ría? ¿Dunha ría do Atlántico misterioso ou do Cantábrico, bravío e brador? ¿Qué poetas leería a princesa? ¿Qué verso a farían saloucar? ¿Como sería a música da súa voz? ¿Aldina será só un nome nunhos versos dun romance?

Aldina existiu de certo. Sabémolo porque a poesía non minte endexamáis. O seu reino é esta terra amada sobor da que se sosteñen os nosos pés e que os nosos ollos contemplan con infinito amor. A princesa Aldina cecáis sexa oxe aquela abidueira branca e esguía —como nos ensinou Noriega Varela— que se reflexa nas augas do regato do Cepelo, no meu Outeiro de Rei natal. Ou esa leve brétema sutil, lonxana e fuxidía que se olla sobor do Piapaxaro, do Xistral, da Serra Martiñá... ¡Calqueira sabe!

## libros



Juan José

### Un traballo antropológico sobre os labregos

A antropoloxía do campesiñado, e a antropoloxía en xeral, ten no noso país todo o camiño aínda por andar e un vasto campo polo que avanzar. Dun tempo a esta parte están a agromar os primeiros pasos deste longo e, sen dúbida, tortuoso traxecto. Neste senso celébranse colóquios e publicanse un maior, aínda que escasísimo, número de traballos sobre a nosa realidade social, etc. Mais non se fai nada, ou moi pouco, por achegarse aos labregos, mariñeiros e obreiros, que son os verdadeiros boxectós dos nosos estudos e facer con eles unha antropoloxía que lles serva para avanzar no camiño da súa liberación. Así, apareceu hai un tempo un libro que pode darnos un pouco de luz nova a esta noite pecha na que está envolta a ciencia antropolóxica no noso país. (1).

Trátase dunha monografía, no senso clásico do termo, que centrándose nunha área xeográfica determinada, amósanos os aspectos culturais, sociais e ecolóxicos dos que podemos extraer uns modelos que poden ser extensíbeis a outras áreas. Este enfoque é importante, dado que ultimamente as monografías estaban un pouco desprestixiadas, porque a moda que ven de Madrid é a das grandes sínteses, como as de Lisón Tolosana, que partindo dun aspecto concreto da cultura o analizan a nivel dun territorio máis amplo. O autor da monografía conquiere así unha maior integración no meio e unha visión máis total da realidade a estudar, fronte a este, o autor

das grandes sínteses non chega a integrarse no meio e percebe a realidade dunha maneira fragmentada e discontinua. Así temos, por exemplo, o caso de Lisón, que nen sequer chegou a dominar, medianamente ben, a lingua. Se non entendemos a lingua mal podemos comprender ás persoas que a falan.

O autor desta monografía parte dunha área xeográfica arredor do mosteiro de Monfero. É unha zona de transición entre as Mariñas e o interior, con distinto influxo urbano e grandes contrastes. Partindo do estudo da demografía, da economía e do territorio, analiza as relacións existentes entre natureza e cultura e as incidencias que un pode ter no outro, así como as pautas sociais que xeran.

Partindo desta base, o autor pásanos por unha morea de datos dos que nos vai descubrindo o seu significado e a súa simboloxía. Nada fica á marxe, todos os elementos teñen a súa relación dentro do conxunto de valores da comunidade. Así, por exemplo, as mallas non son só unha parte do ciclo produtivo, a de maior orientación cooperativista sen dúbida, senón que arredor delas xira toda unha serie de actividades lúdicas, sexuais, alimenticias e de relacións de veciñanza. Non se vai á malla a unha eira porque si, senón polas relacións sociais xa establecidas, reciprocamente, entre casas e lugares. Ou se nos detemos un pouco no estudo da casa vemos que non só é un conxunto de construcións, que albergan unha serie de necesidades, senón que funciona como unha unidade estruturada por elementos complexos que xera unha linguaxe própria, só percebida por aqueles que coñecen o seu significado, e cun amplo grao de ritualización e simbolismo que engloban funcións como integración e privatización.

Contodo, o libro ten as súas graves deficiencias. O autor non só

se centra no presente, senón que recorre decote o pasado, que nos pon en boca dos vellos da zona, sempre evocado dunha maneira idílica. A diferenza entre este pasado, que o autor chama "Antiguo Sistema", e o presente non quedan ben marcadas na obra, o que o leva a caer no vello tópicos antropolóxicos das sociedades exóticas, evitando deste xeito enfren-tarse directamente coa realidade, nada fácil, do presente, dándonos así unha visión deformada da realidade. E como xa é costume neste tipo de obras, o libro está escrito en español. Será por aquilo de facer carreira en Madrid, supoño eu, ou tamén por ese afán de facer dun saber social un saber ininteli-xíbel para os non especializados.

Ten o libro un prólogo da autora dun dos clásicos da antropoloxía, o señor Lisón Tolosana. Relátanos este señor as súas primeiras impresións de cando chegou ao noso país. Descendendo pola montaña do Cebreiro atópase imerso nun mar de imensas cores e por el vai navegando cara o azul: o Norte. Descubre entón, cäl sorpresa, o imenso contraste entre a Castela, que deixara atrás, e a melodía topográfica galega. Non deixa esta de ser unha visión idílica do noso país, máis sendo el un antropolóxico. Isto está en función da misión, que en xeral, tiveron e teñen a maioría dos antropolóxicos, quer decir, de seguir a manter o prestixio da cultura dominante e considerando a cultura dominada como algo inferior e "raro", reservada para discusións de gabinete. Nos temos que apropiarnos dos elementos teóricos que utilizan estes señores e convertelos nun elemento revulsivo e propio.

M. VILAR

(1) Fernández de Rota, J.A., "Antropoloxía de un viejo paisaje gallego". Centro de Investigaciones Sociológicas. Madrid 1984.

## O meu primeiro libro de BASIC



A BASIC é unha linguaxe inventada polos informáticos para dicirle ó ordenador o que debe facer, noutras verbas, para escribi-los "programas"

O autor transformouno nun gran xogo apaixonante e divertido. Un programa BASIC vén ser como o "xogo da oca" onde se poden recorrer itinerarios totuosos ou astutos atallos, idas e vidas extenuantes voando por riba de noxentas trampulladas (os famosos 'bug' ou erros de programación). Traducción: Xenaro García Suárez



edicións  
xerais  
de galicia



crítica

## Desexo en corpo e sombra

O ano pasado (o orwelliano 1984) foi un ano que nos trouxo un grande poeta: Miguel Anxo Fernán-Vello, inda que algun crítico (profesional e profesoral), nun deses balanzos que se fan ao remate do ano, non nos falase nen del nen de Pilar Pallarés nen de Xúlio L. Valcárcel, o que amosa, ás primeiras, que o tal crítico debería dedicarse á venda de enciclopedias a domicilio ou de roupa interior nas feiras, ao mellor así se inteira das cousas. Dicíamnos que 1984 nos trouxera un grande poeta cun grande libro: *Seivas de amor e tránsito* (1). No mes de Xaneiro, chegou ás nosas mans un novo libro de Fernán-Vello con pé de imprenta de 1984. Quer dicir, dous libros nun ano. E dous grandes libros completamente distintos, na forma. Este último libro titúlase: *Do desexo en corpo e sombra*, premio Celso Emilio Ferreiro 1983, concedido (e editado, por derradeira vez, a desgracia cébese en nós) polo Concello de Vigo.

Dicíamnos que este *Desexo...* é distinto ao primeiro libro que coñecíamnos de Fernán-Vello, e é distinto porque aquí prima o poema curto e o verso áxil, sinxelo, sen a capacidade de esgotamento (sen cansancio) que producía ao lector todo aquel mangado de adxectivos e sintaxe que se facían poemas mercé ao ordenamento do poeta. Aquí todo é máis sinxelo, aparentemente máis fácil. Aquí o lector non debe descansar un intre para seguir saboreando a poesía como acontecía no libro anterior. Aquí, xa o dixemos, todo parece máis sinxelo, demasiado sinxelo para ser certo, porque aquí non hai nada sinxelo. O presente poemario é un libro escrito sob o signo do desexo, intentando o poeta apreixar iso que é o desexo, iso que nos produce pracer e pode torturar-nos, iso que nos proiben todos os sacerdotes de todas as relixións. Sábese (Spinoza dixit) que o "desexo é a medida da potencia humana", tamén sabemos -desde Freud- que o obxecto do desexo, -por moi escuro que sexa- sempre é o ser amado. E tamén podemos saber (René Char) que "le

poème est l'acte de l'amour demeuré déxir". E penso que a partir daqui podemos ler o presente poemario, inda que para o poeta o desexo sexa moitas e variadas cousas: "Voz ardente voz sen palabra eterna e viva sen son: só desexo", definición que pode servir para o poema. "As veces un non sabe que o desexo é un silencio que nos medra na boca como unha sede lenta e amorosa de beixos", ou "o desexo é unha fame de nubes nos ollos e na boca", "o desexo é só luz", etc. Mais o desexo pode faltar" eu non creo que o desexo falte nunca, sempre está presente inda que moitas veces, dínolo o poeta "hoxe doe-me o desexo", e doille, e dónos o desexo porque falta o corpo do ser amado que vislumbamos através do soño e mesmo das tebras, e mesmo na sombra vemos o corpo amado.

Logo dos poemas nos que o poeta nos fala, directamente, no desexo, logo dos versos nos que o desexo é apreixado, definido, o poeta querenos falar do corpo, do desexo no corpo do ser amado; e hai un poema, maravilloso, cume da literatura, da poesía erótica galega: "os dedos namoraban-se da caluga suave caían polas costas dibuxando aloumiños na curva bruniada da cintura redonda onde medran as nádegas, etc." (páx. 40). O corpo, todo o corpo do ser amado é percorrido polo poeta e o desexo se fai amor. Cada verso, cada poema desta segunda parte do libro está atravesado polo desexo percorrendo o corpo: "Ollei longamente as tuas pernas nuas", "como un vals as tuas cadeiras", etc. Xa o dixemos, o corpo do ser amado énos presentado polo poeta. E é neste apartado onde algúns poemas nos lembran poemas de *Seivas...* (sobretudo "Saúdo desde o corpo..." páx. 58) polo que coliximos que este poemario (*Do desexo...*) é anterior.

E ao remate, o desexo en sombra, o apagamento do desexo logo do acto do amor: "post coitum omne animal triste", pon na cabeceira deste apartado o poeta, e aquí a miña disensión. Por qué logo do coito hai que estar triste? non é esta unha postura reaccionaria, xudeo-cristiá? Eu penso, aquí en contra do poeta, que é imposible apagar o desexo que el tan ben nos definira, e tan ben defendera (poeticamente) na primeira parte. Pode, iso si, quedar na sombra mais nunca apagarse, por iso (e contra a cita do encabezamento) o

poeta dinos: "arde o amor xeado na soedade arde o desexo vivo nesta sombra". Ao cabo o desexo será o máis forte, inda que o corpo amado estexa lonxe "estou na soedade de non estar sequer contigo", e é que o poeta, ti lector, eu, é, es, son "samente un desexo", a tendencia que leva a todo ser a se apropiari doutro ser, dunha cousa, dun lugar; o desexo, medida da potencia humana, fixación no poema, camiño e fin da revolución, iso que se está a esquecer. Miguel Anxo Fernán-Vello danos aquí a forza e a medida do seu desexo: a súa potencia: o poema como encirramento ao desexo: o poema como desexo, ao remate.

Podíamos falar doutras cousas: o chamado apartado formal, a construción dos poemas, tan diferentes de *Seivas...* Aló a perfección era cáseque arquitectónica, aquí e artesanal. As veces o lector sintese un pouco desconcertado cando o poeta rompe o ritmo, quebra (sic) o verso, inda que para nós a explicación está na faciana de dani no noso poeta: o dandi sabe que ás veces perfección non significa elegancia, e Fernán-Vello é un dandi. Ademais o noso poeta sabe que moitas veces un pouco de "fealdade", de deixadeza formal fan máis belo o poema, que é un efecto poético máis válido que a rixidez da forma. E para rematar, compre agradecer a Fernán-Vello que nun tempo en que a chamada poesía amorosa estase a converter nonoso país nunha mera -e aborrida- repetición de fórmulas máis que usadas, nun intre en que a poesía amorosa estase a converter nun formalismo tan rixido como o social que valeiro de contido e forma a nosa poesía durante décadas, digo, hai que darlle as grazas a este poeta por traer nas portas do desexo e do amor sen necesidade das famosas referencias culturais e da bastarda pornografía filla da relixiosidade católica. Xa máis nada, só esperar que o vindeiro libro de Fernán-Vello, ese *Memorial de Brancura*, premio Esquíu-84, se publique axiña e afirme a este poeta de Cospeito como unha das voces máis importantes da poesía galega do derradeiro tercio do presente século, inda que os críticos se esquezan del.

XESUS GONZALEZ GOMEZ

1) Sobre este libro pódese ver a miña reseña no n. 251 de A NOSA TERRA.

todos. Trátase dun irlandés, Shaun Davey, que xa fixo un primeiro intento de aproximación á linguaxe da música clásica, co seu "The Brendan Voyage" no que as gaitas irlandesas de Liam O'Flynn, o gaitero de Planxty, facían un demoleador traballo sobre o que pode ser o uso futuro do instrumento. Pero, de súpeto, a Shaun Davey, despois da grande resonancia que nos meos da música tradicional tivo este seu primeiro traballo, encarréganlle a composición dunha grande suite de máis de hora e media de duración para o festival de Lorient. A estreia tivo lugar o oito de Agosto do ano 83. E só a finais do pasado ano ten saído o disco, que non é máis que unha pequena mostra da totalidade, incríbel, da obra.

Tomando as músicas tradicionais de todos os países ben ou mal chamados celtas, Shaun Davey fai un percurso extenso da man da orquestra do festival (unha formación clásica) na que se misturan as bombardas, as gaitas (galega, irlandesa), as bandas de gaiteros escocesas e diversos coros. A suite é unha recuperación do sentido lúdico, da festa pagana, que no disco remata cunha pregaria ao sol, que canta a cantante (sorprendente) Rita Connolly acompañada por tres coros e a banda de gaiteros de Wallacestone.

Pero o que máis chama a atención, para nós, é a aparición de dous gaiteros galegos neste disco,

nunha intervención que quizá ten pasado desapercibido pra todos os galegos, pois nengun meio de comunicación se ten fixado nen no disco nen no seu traballo. Os gaiteros son Vicente Manuel Tuñas Leis e Carlos Real Rodríguez, que se acompañan dunha gaita en do e tamén da orquestra do festival. A peza que interpretan é tradicional, sob o nome de "Santia-go".

Hai que lembrar ou engadir, que todo o disco vai baixo o nome de "The Pilgrim", a estrela, unha procura dos lugares onde se pon o sol, un seguimento das diversas aventuras que o home ten buscado.

A intervención dos gaiteros galegos soa verdadeiramente ben e un pouco especial por esa inclusión nova da gaita no seo dunha orquestra sinfónica, pero con resultados dignos de ser repetidos. Sen dúbida, unha oportunidade única de poder ouvir o noso instrumento máis popular xunto aos instrumentos máis respectados.

O disco, para todo aquel que lle poda ingresar, non está editado no noso país, e non o estará polo menos en moito tempo. Pódese pedir a casa editora, "Tara Records". 5 Tara Street-Dublín 2 Irlanda. Felicitações a Vicente e Carlos, polo seu traballo neste grande e novo monumento da música dos povos atlánticos.

XESUS L. TEMEZ

cine

## O amor de Swan de Scholondorff

Literatura...

Pervive no cine unha vella polémica alentada por aqueles que pensan que un filme inspirado nunha novela debe ser cópia en imaxes do padrón orixinal. Non obstante desde o momento en que se entende que o guionista-director é un criador dun xénero traballando sobre a obra dun artista doutro xénero, nada o obriga a gardar máis que unha mínima fidelidade ao orixinal.

Un exemplo recente desta polémica, que ocupou varias páxinas (non pola súa importancia senón porque algúns tipos, con tal de cobrar, escriben artigos sobre calquer pallasada) e na que se chegaron a dicir considerábeis estupideces, foi a adaptación en deseños animados da obra de J. Verne a *volta ao mundo en 80 días*. O creador da serie usou a súa liberdade para inventar un personaxe ao gosto das crianzas, característico dos deseños animados, e mudou algunhas pasaxes da obra desa enciclopedia de xeografía, costumes e inventos (a maioría das veces tirando a pelma) que foi o señor Verne. Isto alporizou ás nímias da arte sublime e intocábel, que aproveitaron para esgazar as vestiduras e se lamentar eternecedoramente de que alguén ousase manipular unha obra que seica alegrou os felices días das súas infancias. Un cabreo saudábel porque, grazas a el, as tais nímias libéranse dos maus humores que o pertinzan estreñimento lles causa. Orabén, outro asunto é que a nova obra, neste caso a serie de deseños animados, analizada en si mesma (e só en si mesma) resulte boa ou má.


A hora de adaptar, os cineastas encóntranse con dúas clases de obras. As cinematográficas, aquelas que pola súa acción e diálogos se poden considerar practicamente un guiño de cine, como por exemplo o *home invisíbel*, de Wells, e as anticinematográficas, as formadas de tempos mortos, aquelas no que o importante non está tanto no que pasa como nas reflexións das personaxes sobre o que pasa. Un exemplo? As *ondas*, de Virginia Woolf. Neste caso o perigo consiste en cair na fita literaria que pode facilmente acabar en mormo ou en mero exercicio de pedantaría.

Eu non son partidario das referencias ás obras literarias orixinais falando dun filme. Ademais vexo estupendamente que un adaptador cambie o que queira, se sabe cambiar, porque creo que nada hai intocábel, e a arte moito menos. Porén, hoxe, farei unha excepción. E Cine...

E Cine...

O amor de Swann, de Schlöndorff, baséase en *a procura do tempo perdido*, de Proust, e máis concretamente na primeira parte, polo camiño de Swann, e narra o que o título indica, a amor de Charles Swann pola cocotte Odette de Crécy.

Enfrontados cun relato pouco cinematográfico, cómo resolven os adaptadores a papeleta? Da seguinte maneira. En Proust escásean os diálogos e repártense ao longo de moitas situacións. Ante a imposibilidade de levalas todas á pantalla, escollen máis ou menos unha dúcia e nelas non só colocan case todos os diálogos de Proust (a maioría ao pé da letra) senón que fan aparecer fugazmente a un cento de personaxes que ao espectador, falto de referencias, nada lle aportan. Pero, claro, en Proust cada un deses diálogos vai antecedido dunhas circunstancias que mar-



can o desenvolvemento da trama, circunstancias que no filme se eliden, producindo, consecuentemente, unha alteración na relación entre as personaxes, así como na psicoloxía destes, a respecto da obra orixinal. Deste xeito o amor de Swann (amor neurótico, como todos os de Proust, e na súa variante predilecta, o apaixonamento dunha persoa de alto nivel social e intelectual, moi namorada, por outra de clase e formación inferiores, menos namorada) transfórmase no filme nunha confusa, trivial e apenas dramática relación amorosa entre un cabaleiro e unha demimondaine.

Repito que os guionistas son moi libres de enfiar diálogos, condensar situacións e trasvasar personaxes... se o resultado paga a pena. Pero neste caso, preocupados por recollerer mis aspectos do libro, amontoan tantos elementos qe e ao cabo non logran nen unha boa historia de amor nen un mediano retrato de época. Simplemente un pastiche de luxe.

Contodo este filme gozou dunha boca crítica. Por qué? Polo de sempre. A confusión entre o embrullo e o regalo. Que si, que o envoltório está moi ben. A fotografía moi bonita. O estilo, non lineal, incluso cos seus flash-back, moi intelectual. A ambientación, barroquismo aparte, moi conseguida (no pouco que un sabe de moblaxe e vestimenta fin de século). Todo moi mono... So que para facer isto non compria botar man de Proust. Calquer guionista especializado artella unha historia orixinal mais sólida e interesante.

Ah! Esquecíame un detalle. Este filme ten a peor dirección de actores que un recorda ver en moito tempo nunha fita con pretensións. Alain Delon nunca destacou por bon actor, pero aquí, aparte da súa maquillaxe de ollos ao Chaplin, transita con máis pena que gloria. Ornella Muti, de tetas, ben; do demais... E de Jeremy Irons un xa dubida, a estas alturas, de sempre lle dan papeis para que luza a súa mirada de ovella asustada perdida no monte, ou é que carece de maior rexisto.

Un amour de Swann. Franza (1984). Vai de despiste literario. Dir: Volker Schlöndorff. Int: Jeremy Irons, Ornella Muti, Alain Delon. Para fans do corpo da Muti, da carita do Delon e da mirada do Irons. Tamén para Proustistas, por curiosidade.

A MULLER DE VERMELLO

Comédia narcisista escrita e dirixida (sobre argumento alleo) por Gene Wilder, que se ben é un pésimo actor, pode resultar simpático.

Escrita por Billy Wilder e interpretada por D. Moore, seguramente se transformaría nunha sátira encantadora.

The Woman in Red USA (1984). O mesmo enredo de sempre. G-dir: Gene Wilder. Mús: John Morris. Cancións: Stevie Wonder. Int: Gene Wilder, Charles Grodin, Joseph Bologna e (de vermello) Kelly Le Brock. Para encher horas valeiras.

J.A.M.

## Dous gaiteros galegos no pazo do Rei Arturo

Até agora ten habido moitos intentos de facer unha "sinfonía" na que introducir no mundo das orquestras clásicas o mundo dos instrumentos tradicionais e tamén das súas danzas e cancións da área atlántica.


No campo popular, no dos artistas que segundo algúns críticos non seguen o "folklore" puro e exacto, dous son os traballos que máis resonancia teñen acadado até o momento: o do grupo irlandés "Horslips", no seu traballo sobre o "Libro das Invasións" onde se fai referencia á historia de Breogán, nun disco que está editado no noso país, e que eles titularon "Sinfonía Celta"; e tamén está o editado por Alan Stivell "Tir Na Nog" que tamén foi subtítuloado da mesma maneira, e que en realidade nas catro caras das que se enchen os dous discos, hai un repaso por moitas culturas e non só as céltigas.

Pero o home que máis se ten destacado nestes intentos, é, seguramente, case descoñecido para



## fauna dos rios

M. CHOUZA / R. CID (S.G.H.N.)



## Sapo comun

E sen dúbida un dos Anfíbios mais aborrecidos, e polo mesmo máis ultraxados de Galiza, sobre o que existen numerosas e fantásticas historias.

Son os sapos, en xeral, animais que viven en gran parte do mundo, malqueridos e maltratados polo home, sinxelamente por ser, segundo moitas persoas, "feos", pois desde logo, mal non fai ningún. Esta má fama compártena con outro anfíbio, as pintigas, sobre as que tamén recaen todo xénero de maldicións.

E eminentemente terrestre, aínda que ten necesidade de ir á auga para reproducirse. De hábitos nocturnos preferentemente, coñéceselle cientificamente co nome de *Bufo bufo*; o do Sapo comun fai alusión á súa ampla distribución e ademais é coñecido en galego polo nome de Sapo das veigas, lugar onde se atopa frecuentemente, e Sapo cunheiro.

Caracterízanse por ter a pupila horizontal, unha especie de cella, e sobretodo pola súa pel chea de verrugas. Teñen dous tubérculos na palma de cada extremidade e todo o seu corpo ten unha mesma coloración terrosa ou parduzca. Chamán a atención unhas grandes glándulas parótidas e presentan saco bucal.

Os dous sexos son semellantes, a non ser polo tamaño, sendo a fémia moito máis grande, chegando a acadar 20 cm, mentres que os machos soen medir arredor de 10 cm. As patas dianteiras dos machos adoitan a ser máis fortes para suxetar á fémia durante a copulación.

Son animais moi antergos, encontrándose fósiles do Eoceno.

Nos meses de Marzo a Abril, reúnen en charcas de augas limpas para a reprodución. Durante o celo, os machos presentan nos dedos calosidades nupciais. Son moi características as postas de ovos, distribuídas en dous cordos de varios metros de lonxitude que son enguedellados entre a vexetación acuática. As dúas semanas nacen os cabezolos de cor negro, dándolle ás charcas un aspecto moi escuro. Logo ten lugar a metamorfoses, acadando a madurez sexual aos cinco anos.

Apesares de seren de hábitos nocturnos, son localizábeis facilmente pola súa voz no período do celo.

Viven nunha variedade grande de habitats, xeralmente secos. Cando se ven é pola noite ou ao escurecer permanecendo de día escondidos, a non ser os días de choiva, que saen dos seus refuxios. Nos témolo visto moitas veces agachado embaixo das pedras ou ben en pequenos buratos naturais ou

feitos por micromamíferos nos montes, en leiras, ou ben en fendas de paredes, etc. E moi fácil de ver se se lle busca no sitio adecuado.

Cando se lle descobre no seu escondite, é simpático ver como permanece quieto mirando expectante a ver qué é o que vai a pasar. Camiña normalmente e cando se asusta avanza dando saltos. Tamén vive perto do home en lugares como apendres, cortellos, pártios de casas, onde atopa a morte a maioría das veces cando é descuberto por iste.

Aliméntase de vermes, caracois, insectos, etc., que captura pola noite, sendo extremadamente beneficioso para agricultura.

Pode que moita da súa má fama proceda de que, para defenderse, nas glándulas da pel ten substancias tóxicas, como a maioría dos Anfíbios, pero non son perigosas para as persoas, só se se fregan coas mans a cara, os ollos, ou os beizos pódese producir irritación.

En canto á súa distribución, como xa dixemos é comun, escaseando na montaña lucense e sendo moi abundoso en Ourense por ter un clima moito máis cálido e seco, de carácter mediterráneo.

Unha especie semellante é o sapo gálico ou corriqueiro (*Bufo calamita*) que ten unha liña verdoza polo lombo.

Son animais que viven moitos anos, até 36 nos conta Alfredo Salvador na súa guía de "Anfibios y Reptiles españoles".

Nalgunhas zonas de Galiza onde viven as Tartarugas de auga (*Emys orbicularis*) chámalle Sapoconcho, xa que o paisano pensa que estas proceden de sapos que cando son moi velliños botan unha cuncha, aínda que isto non deixa de ser máis que unha lenda, iso si, moi fermosa.

E un dos poucos anfíbios non protexido pola lei, non comprendendo como unha especie tan beneficiosa para o home, criterio fundamental para declarar unha especie protexida, poda quedar fóra desta. So ten explicación se se pensa que a nosa Administración estexa influenciada por certas andrómenas que relacionan o sapo co mal, a pezoña, os seres maléficos e toda unha caterva de tradicións que dividen os animais en bons e maos.

A má prensa que ten o sapo fai no vítima de toda clase de selvaxadas e torturas, que, ao igual que os morcegos, fáiselles fumar, inflanse cunha palla, éntense de gasoil e préndeselle lume e toda unha serie de procedementos requintados que deben ter un significado desde o punto de vista antropológico de vinganza fronte ás forzas do mal, aínda que o sapo non entenda nada disto, e non é de estrañar por que a nós tampouco nos colle moi ben na cabeza.

## músicos de galiza

XOAN M. CARREIRA

## Andrés Gaos Verea

(A Coruña, 21-III-1874. Mar de Plata, 15-III-1959).

Violinista e compositor. Fillo de Pilar Berea Rodríguez e Andrés Gaos Espiro, aínda están por clarear moitos detalles da súa formación musical e da súa infancia. O 5 de Novembro do 1880, o seu pai toma a xerencia da sucursal da tenda do seu cuñado Canuto Berea en Vigo. O 6 de Agosto do 1884, no Teatro Tamberlick, participa e gaña Andresito Gaos un concurso de violín que vai ser o seu *debu*. O 7 de Outubro do mesmo ano dá unha audición na Coruña na Academia dos señores Quiñez, tamén con grande éxito. Parece ser que sería nesta Academia onde se formaría o rapaz até o 1885, ano no que se matricula no Real Conservatorio de Madrid onde estuda con Jesús Monasterio. Xa que no exame de ingreso foi aceptado como alumno de 6º Curso de Violín, pudo rematar a carreira en só dous anos. O 16 de Setembro do 1888 toca Andrés Gaos no Teatro Rosalía o concerto de Mendelssohn —coa Orquestra do Teatro— e diversas pezas de Vieux temps. Dito recital foi en grandecimento á Deputación Provincial que becara a súa estadia en Madrid. En Abril do 1889 concede a Deputación novas becas para estudar en París e Bruxelas; dos seus mestres de instrumento e composición coñecemos a Thompson, Danclá, Gevaert e Isaye.

Ben cedo comeza unha carreira de concertista internacional que o levará a vivir en Buenos Aires desde 1899. No 1925 instalárase en



Gan (Francia) e ao xubilarse como concertista no 1933 retirárase a Buenos Aires, onde se adicará á docencia. No 1937 é convidado á Exposición Universal de París onde estrea o poema para orquestra de cordas "Impresión nocturna". No 1948 abandona todas as actividades e retirárase a Mar de Plata.

A obra compositiva de Gaos non é abundosa: 6 Composicións para orquestra, das que destaca "Impresión Nocturna". 4 obras escénicas, entre elas a ópera "Amor Vedado". 5 para violín e piano, delas a "Sonata Op. 37" é a obra cume do autor e unha das máis importantes do repertorio español do xénero. 2 para cello e piano. 17 cancións. 11 obras para piano, sendo a xoia a "Suite Hispánica", e diversas obras corais, de banda e

pedagóxicas. A estética de Gaos é filla do decorativismo francés da S'cola Cantorum e a recuperación e edición das súas obras principais é unha esixencia imperiosa.

### BIBLIOGRAFIA

Rodrigo A. de Santiago: "Andrés Gaos, Violinista e Compositor Coruñés" (Instituto José Cornide, A Coruña, 1966)  
Manuel Balboa.— "Andrés Gaos o los verdaderos artistas" (Monsalvat n. 19, Barcelona, VIII-1975).  
Julio Andrade Malde.— "Andrés Gaos: músico gallego y universal" (Ritmo n. 474, Madrid, VIII-1977).  
Lois Rodríguez Andrade.— "Andrés Gaos" (A NOSA TERRA n. 24, Santiago, 7-VI-1978)  
Ramiro Cartelle Alvarez.— "Gaos" (Gran Enciclopedia Gallega, Tomo 15)  
Xoan M. Carreira.— "150 Anos de Música Galega" (Xunta de Galiza, Santiago, 1979) En colaboración con Margarita Soto: "Dos piezas para violoncello y piano de Andrés Gaos Berea (1874-1959)" (Revista de Musicología) dl, VI, Madrid, 1983).

### DISCOGRAFIA

"Composiciones de Andrés Gaos". Contén: "Sinfonía En las Montañas de Galicia" (Orquesta Juvenil de LRA Radio Nacional, Dtor. Washington Castro). "Rosa de Abril" (Coro Centro Gallego, Dtor. Isidro B. Maiztegui). "Mujerita Op. 2", e "Sonata Op. 37 1º Movimiento" (Violín: Luís Roggero, Piano: Andrés Gaos, fillo). (Centro Gallego de Buenos Aires, E.G.-7)  
"Aires Gallegos". Contén: "Aires Gallegos, Op. 22"; "Nuevos Aires Gallegos, Op. 36" e "Mujerita de Suite Hispánica". (Piano: Andrés Gaos, fillo). (Centro Gallego de Buenos Aires, E.G. G. En España: RCA, SCL 1.7107)  
"Andrés Gaos. Obra para piano". Premio Nacional del Disco - 1983 ao labor de estudio e investigación do patrimonio musical español. Contén: "Aires Gallegos Op. 22"; "Rosa de Abril, Op. Post."; "Nuevos Aires Gallegos, Op. 36"; "Preludio Op. 16" e "Romanza" (Piano: Andrés Gaos). (Etnos 02-A-XII).  
"Galicia". Contén: "Nuevos Aires Gallegos, Op. 36" e "Rosa de Abril, Op. Post.", e obras de R. Groba. (Piano: Natalia Lamas). (Ruada, R-106-D).

## os nomes dos lugares

C. VARELA

## Monçao e Melgaço

ou a toponimia como un camiño máis na irmandade galego-portuguesa

Ven de celebrarse no Norde miño-  
portugués, un congreso de escritores lusos e galegos onde se tocaron diversos aspectos das nosas culturas e lingua comuns.


O marco xeográfico desta reunión desenvolveuse nos concellos de Monçao e de Melgaço, lugares cuxos nomes imos comentar aquí.

Son estas terras da chamada "raia mollada" q' ser o Miño a fita que marca as delimitacións entre Galiza e Portugal, que logo é continuada pola "raia seca" nas terras ourensáns.

Monçao, esa vila fronteira con Salvaterra de Miño, é unha povoación edificada, o mesmo que Valença, no centro dunha fortaleza, que ocupa un alto e estratéxico lugar sobre o Miño.

Fora xa da antiga consideración militar desta praza, é esta bisbarra abundosa en pazos e casas fidalgas, das que destaca a Casa de Rodas tanto pola fermosura da súa fábrica entre alcaprestes e magnolias como pola hospitalidade e xentileza para os galegos da súa anfitrióna a señora Dona María Luisa de Távora, descendente dunha antiga familia que posibelmente proceda da vella rama dos Pitas do Norde de Galiza.

Contrasta a desfeita en que se



Só unha ponte une as dúas beiras. A toponimia achéganos máis.

atopan os pazos e casa grandes galegas coa conversación e aprécio de que gozan esas xoias da cultura arquitectónica no viciño país, que practica un enxeñoso tipo de turismo que fornece ao visitante a posibilidade de hospedarse nestas carismáticas casas fidalgas desde o Norde deica o Sul do país.

En canto ao nome de Monçao, tamen en Galiza temos lugares co mesmo apelativo, que nós escribemos Monzón, e son denominacións de pequenas aldeas ou nomes, pois parece claro que o nome alude a un montículo ou altura no terreno, que en latin sería un *Montione* e é reflexo da situación xeográfica da vila nun destacado outeiro.

Melgaço é unha vila moi próxima ao posto fronteirizo de Ponte Barxas, e por ela no mes de Setembro pasan ringleiras de peregrinos galegos cara a milagreira Virxe da Peneda, santuario construído no miolo destas serras portuguesas dominada ao lonxe polo inxente baluarte do castelo de Castro Laboreiro.

Nomes semellantes ao de Melgaço temos en Galiza Melgar e Melgueiras na Coruña.

En canto ao significado deste nome temos varias opinións a consideración:

Leite de Vasconcelos era da idea de ser o nome de Melgaço, o nome dun antigo poseor romano, pois parece que o nome latino de Melgaecus lese nas inscricións romanas do Miño.

J. Piel, non obstante, aboga por pertencer tal nome a unha familia de antropónimos xermánicos tais como Mela, Melle, Melides, Melim, etc...

O gran toponimista portugués que é Joaquim da Silveira, non dubida en relacionar tal home co dunha planta, a "melga", ("medicago", dos botánicos), que sería un certo tipo de alfalfa ou ferraña, e así o nome de Melgaço sería un abundancial da dita herba.

Nós, despois de ler a información que nos fornece o erudito galego Elixio Quintas Rivas sobre o tema procéltico mal ou mel no sentido de "rocha, monte ou escarpadura", tampouco nos estrañaría que estivésemos diante dun nome que fixese alusión a ese lugar de praza forte ou castelo que foi a vila de Melgaço.



## verbas cruzadas


X.M. ALDEA

### HORIZONTAIS

1.—Tres palabras, obra de Xavier Alcalá. 2.—Contracción do pronome "nos" co artigo "a". Apéndice duros e curvos dalguns animais, que lle serven como defensa. 3.—Primeira muller. Executante, producen. Embarcación mariña. 4.—Pasa a vista por un escrito. Herba medicinal. Abreviatura de Reverenda Nai. 5.—Burato para abotonar un botón. En inglés, siglas da Organización dos Estados Africanos. Símbolo do Ampérío. 6.—Ao revés, revolucionario chino. Fanna as arañas para coller as suas presas. 7.—Cen para os romanos. Espidos, sen roupa. Excremento das vacas. 8.—Partido español antigalego. Misturar con orde os fios para facer tecidos. Símbolo químico do actínio. 9.—Pronome posesivo. Donan, agasallan. Nome árabe. 10.—Pombeiro, niño das pombas. Acto de erguerse do chan, separándose del, por medio das pernas. 11.—Camiñan, pasean. Monedas de cinco pesetas.

### VERTICAIS

1.—Aro pequeno de adorno, para pór nos dedos. Tócana os domingos chamando a misa. 2.—Bola de fio, ou lá, para tecer. Peza do xadrez. 3.—Pota. Pelo das ovelas. Unión de militares democráticos. 4.—Siglas comerciais. Elemento fósil da era cuaternaria. Matrícula de Badajoz. 5.—Primeira vogal. Bile. Calidade do pano fino, que se usaba nos traxes de festa dos labregos. 6.—San Roque tiña un. Óxido de calcio.



7.—Relato dun suceso. O contrario do mal. Fósforo. 8.—Dirixirse a. Por exemplo, o escritor dun libro. Parte dunha perna. 9.—Tres consonantes iguais. Acordo económico entre a patronal, UGT, e o goberno. Nos coches de A si trália. 10.—Asubiar o vento. Camiño máis curto. 11.—Saca ou amosta algo por un burato. As uvas estan nelas pendurando das viñas.

### SOLUCION AO VERBAS CRUZADAS DO N. 262


Horizontais: 1.—Neira. Vilas. 2.—Osas. Réxime. 3.—RPM. Eor. Sor. 4.—Di. Afiar. Sa. 5.—Edade. Nen. N. 6.—Ole. Loa. 7.—N. OUA. Cento. 8.—Or. Supón. Ur. 9.—Res. RRR. Uro. 10.—Amorea. Dual 11.—Soldo. Mouro.

## xadrez

XOSE LARROSA VILA

Branças: Karpov  
Negras: Kasparov

1. Cf3/d5. 2.d4/Cf6. 3.c4/e6. 4.Cc3/Be7. Gambito de dona. 5.Bg5/h6. Kasparov a xogar o esquema favorito do campeón. 6.B:f6/B:f6. 7.e3/O-O. 8.Dc2/c5. 9.d:c5/d:c4. No encontro URSS- Resto do mundo de Londres neste ano, o holandés J. Tirman xogou contra Kasparov (brancas) 9...Da5, seguiu 10. c:d5/e:d5. 11.0-0-0, gañando ao final Kasparov. 10.B:c4/Da5. 11.0-0/B:c3. 11...D:c5. 12.Ce4/De7. 13.Tfd1, brancas un pouco mellor. 12.D:c3/D:c3. 12...D:c5; 13.Tac1/Cc6. 14.Tfd1 brancas un pouco mellor. 13.b:c3/Cd7. 14. c6/b:c6. 15.Tab1. A vantaxe branca —de existir— é mínima; porén, compre xogar con tino na banda das negras. 15.../Cb6. Após 15...Tb8. 16.T:b8/C. 17.Td1, a pasiva posición negra garante vantaxe ás brancas. 16.Be2/c5. 16... Bd7. 17.Ce5/Tfd8. 18.Bf3/Tac8 (18... Cd5. 19.c4/Cc3. 20.Tb7 vantaxe branca). 19.Tfd1, vantaxe branca. 17.Tfc1. Unha misteriosa xogada de torre que estrela os seus folgos contra o seu propio peón. Mais Karpov viu máis aló... 17.../Bb7. 18.Rf1/Bd5. 19.Tb5/Cd7. 19...B:a2. 20.c4 e o bispo morre cativo logo de 21.Tc2. 20.Ta5/Tfb8. 21.c4/Bc6. 22.Ce1. Encetando a caza do peón de c5. 22...Tb4. Tenta liberar-se da presión da molesta torre de a5 forzada á troca após 23...Ta4, mais as brancas adiviñaron. Así, esta xogada pode-se considerar dúbida. Paréce mellor 22...Tb7. 23.Cd3/Tc7. 24.f3 (24.C:c5/C:c5. 25.T:c5/B:g2(x)). 26.R:g2/T:c5 gañan negras) 24...Tac8. 25. Rf2 (25.C:c5/C:c5. 26.T:c5/B:f3. 27. T:c7/B:g2(x)). 28.R:e2/T:c7; ou 25... B:f3. 26.g:f3(26.C:d7/B:e2(x)). 27.R:e2/T:d7) 26...C:c5) 25...Ba8 e as negras resisten en todos os casos apesar da presión branca. 23.Bd1. Anula 23... Ta4, ameaza 24.Cd3 e confirma a grande utilidade de 17.Tfc1: un campeón é un campeón. 23...Tb7; 24.f3! Gaña o malpocado peón de c5. 24...Tb8. 24... Tc7 25.Cd3/Bb7. 26.Tb1/a6 (26...Rf8. 27.Tb5/a6. 28.Tb2, e logo de 29.Ba4 gaña o peón ao eliminar o caballo defensor). 27.Ba4 gañando o peón. 25. Cd3/g5. 26.Bb3. Elimina o contraxogo proveniente da entrada da torre na sétima ringleira após. 26.C:c5/C:c5. 27.T:c5/Tb2. 26...Rf8. 27.C:c5/C:c5. 28.T:c5/Td6. Peón de máis: clara vantaxe



Posición após 22...Ce1

branca. 29.re2/Re7. 30.Td1/T:d1. 31. R:d1/Rd6. 32.Ta5/f5. 33.Re2/h5. 33... e5. 34. Rd3/e4(x) 35.f:e4/B. 36.Rd4/B:g2. 37.T:f5 clara vantaxe branca. 34. e4/f:e4. 35.f:e4/B:e4. 36.T:g5/B:f5. 37.Re3/Horribel 37.T: h5/Bg4(x) gañan negras. 37...h4. 38.Rd4/e5(x). Rc3/Bb1. Precisa controlar a entrada da torre via g6. 40.a3. Ceiba ao bispo da súa defensa. 40...Te7. Adiada. 41... h3. 42.g3. Mellor que 42. g:h3 e fican dous peóns de torre que coraoen en casa negra. 42...Te8. Logo de 42...e4. 43.Bd1/e3. 44.Be2/Rc5. 45.Tg5/Rc6. 46.Td5.Tf7. 47.Rd4/Tf2. 48.R:e3/T: h2. 49.Th5. grande vantaxe branca. 43. Tg7/Tf8. 25 minutos empregou Kasparov nesta xogada. Non é axeitado 43... e4. 44.Rd4/Re6 (44...e3. 45.c5(x)/Rc6. 46.Ba4 mate.) 45.c5(x)/Rf6. 46. Tf7(x)/Rg5. 47.Tf2/Td8(x). 48.Bd5 seguido de 49.c6 gaña. 44.T:a7/Tf2. Rb4/T:h2. 46.c5(x)/Rc6. 47.Ba4(x)/Rd5. 48.Td7(x)/Re4. 49.c6. A vantaxe branca é ganadora. 49...Tb2(x). 50. Ra5/Tb8. 50...h2. 51.Th7 gaña o peón pola ameaza 52.c7 que obriga a 51... Tb8. 51.c7/Te8. 52.Rb6/Re3. 53.Bc6. Máis sinxela que 53. Rb7/Bf5. 54.R: b8/h2. 55.Bc6/e4. 56.Rb7 h1-D 57. c8-D/B:d7. 58.B:d7/Rf2. 53...h2. 54. g4/Tb8. 55.Td1/Ba2. 56.Te1(x)/Rf4. 57.Te4(x)/Rg3. 58.T:e5/R:g4. 59.Te2. Rinde-se, á retirada do bispo segue 60. T:h2 e logo coroa o seu peón de c7.

## fotografía

### Ouka Lele

Nasce en Madrid no 1957.

Na súa infancia amosa unha grande afección pola pintura, se cadra por influencia familiar, xa que, segundo ela mesma conta, dicíalle que o seu avó era pintor e fotógrafo. Como consecuencia comeza a pintar e tamén principia estudos de Belas Artes que abandona, pois que acha as liñas de investigación máis interesantes na xente que coñece fóra das escolas, as que considera anquilosadas e rixas.

Estuda piano e ingresa no Photocentro de Madrid, onde aprende e aperfezoa a súa técnica e a súa perspectiva fotográfica. Publica as súas primeiras fotos nun libro titulado "Principio".


Considera que a cor que fornecan as fotos de cores é aborrecíbel, e, xa que logo, comeza ela mesma a colorear as súas fotos, respondendo así a encargos que se lle fan. Desta maneira consegue recrear espazos, ambientes e situacións, encauzándoos segundo as súas preferencias. Así, funde nunha so actividade as súas dúas tendencias de pintora e fotógrafa.

Asegura que nunca fai fotomontaxes —só dous na súa vida— e que verdadeiramente interésalle este tipo de actividade, porque sempre, e iso débello á fotografía, hai unha parte de realidade, cousa que non acontece, ou polo menos non acontece nunha medida tan evidente, na pintura. Para ela o momento máis creativo é o da preparación da toma, o artellamento dun modo irreal que se vai concretar na realidade dunha foto.

Hoxe traballa activamente na confección de capas de discos e desde o ano 1976 publica e expón, sendo asimilada a súa produción á idea de posmodernidade e traballando teimosamente o retrato.

Ten exposto en Barcelona, Madrid, Arles, Nova York, Málaga, Niza, València, etc. Ten o Premio Icaro de Artes Plásticas do Diario 16 no ano 1983. Esta é a primeira vez que expón en Galiza.

Súa dos peiraos. Praza da Constitución, 14-1º (VIGO)  
Organiza: Centro de estudos fotográficos. Colabora Concello de Vigo.  
Do 8 ao 28 de Febreiro.



## exposicións

### FOTOPERIODISMO GALEGO

Segue a circular por toda Galiza a mostra de fotografía organizada polo Ateño da Coruña en colaboración coa Dirección Xeral de Cultura. Despois de estar na Coruña —onde se inaugurara—, e pasar por Xinzo de Límia, agora, e até o día 20 de febreiro, está na Agrupación Cultural Avantar de O Carballiño. En próximos números daremos datas e lugares onde se vai pendurar esta mostra da fotografía periodística en Galiza.

### 22 NOVOS FOTOGRAFOS OURENSANS

Outra exposición fotográfica que circula pola provincia de Ourense é esta organizada pola Casa da Xuventude desta cidade e que recolle traballos de 22 creadores ourensans. Estará en Ribadavia, Verín, Xinzo, Celanova, O Barco, e cruzará despois a raia até a vila portuguesa de Vila Real.

## publicacións

### INTEGRAL

Saiu xa o n. 64 desta revista de "ecoloxía, saúde e vida integral". Nesta entrega as seccións habituais, e artigos sobre o comercio das pelicas dos animais, sobre o movemento cidadán, cocina astrolóxica, o teatral oriental e os quince anos de actividades do Greenpeace. Trae tamén este "Integral", consellos útiles sobre o corpo e o traballo e unha ringleira de remedios caseiros contra os sabañóns.

Está en todos os quiosques ao preo de 300 pesetas.

### A CHAVE

Unha pequena revista editada a ciclostil polos alumnos da Escola Universitaria de EXB de Ourense. Chegado o número sete os alumnos quixéxanse da actitude da dirección da Escola pola total falla de subvención para poder tirar a revista.

Redactada integramente en galego, os propios que a fan recoñecen que, polo de agora, só é un intento "para rachar co silencio cultural que reinaba na escola".

Seccións dabondo: editorial, comics, literatura, cración denuncia, etc.

### BARRICADA INTERNACIONAL

Unha edición reducida e de difusión para o exterior do órgano de prensa do Frente Sandinista de Liberación Nacional. Non temos os últimos números pero si podemos dar conta do enderezo ao que se pode solicitar o envío por 20 dólares semestrais (unhas 3.600 pesetas), a Barricada Internacional, Managua-Nicaragua. E paciència, porque o país está en guerra.

### LUBRE

A Asociación de Músicos Tradicionais, dirixida por Xesús López Témez, colaborador de A NOSA TERRA, publica o primeiro número da súa revista-boleto. Impresa a unha só tinta, pero con importantes artigos de Alvaro Feito, Víctor Claudín, Joaquín Díaz, Héctor Silverio, J.L. Caverro, e o propio López Témez. Deccións de novidades discográficas, revistas, comic...

Pódese pedir información á Asociación de Músicos Tradicionais, no apartado de Correos 116, Ponferrada (O Berzo).

### CUBA INTERNACIONAL

Vintecinco anos publicándose leva esta revista que chega desde Cuba, e que desde hai perto dun ano pódese atopar en todos os quiosques de Galiza, xunto á revista Prisma, máis dedicada á política internacional.

"Cuba Internacional" é un magazine que recolle reportaxes, ensaios, entrevistas,... sendo quizá a millor das publicacións cubanas que se exportan ao estranxeiro, xunto coa escasa e difícil de conseguir Casa de las Américas.

Neste número que agora saíu trae unha entrevista co troveiro Silvio Rodríguez, un comentario de Fidel Castro sobre o seu trato con Hemingway, artigos de Martí e Carpentier, e seccións de cración, deportes, unha reseña da Feira do Libro da Habana e outros temas.

Véndese ao preo de 100 pesetas.



## libros

X.G.G.

Das cousas de Ramón Lamote, por Paco Martín. Editorial Galaxia/Ediciones SM. Ilustracións de Balboa. 140 páx.

Incursión de Paco Martín na literatura para adolescentes. Libro conseguido, iso sempre é cousa difícil de afirmar cando se trata desta clase de narrativa, pois un ben non sabe qué significa literatura para adolescentes, nenos, novos e novísimos. Iso si, lese o presente volume con agrado inda que non mate. O mellor, para nós, a última narración do volume e a descrición (sic) dos participantes. O peor, certa moralina de esquerdas, inda que —por sorte— non hai moita. Recomendábel tamén para todas as idades, Paco Martín segue a ser un bon narrador.

Discurso de Alfredo Marceneiro e Gabriel García Márquez, por Dinis Machado. Ilustracións de Fátima Vaz. Livraria Bertrand. Lisboa, 1984. 30 páx. 200 escudos.

Texto menor do autor da xenial *O que diz Molero* no que amosa, aparte da súa capacidade de fabulación e do seu dominio do idioma, que o mundo persoal —e mítico— dun autor non se esgota cando este é un grande escritor. Pequeno relato no que a melancolía se apodera do leitor e onde os cais (peiraos) lisboetas sonnos apresentados dun xeito maravilloso. Mentres non saen os dous textos (novelas?) novos que nos ten prometido Dinis Machado, ben vai ler este, e se algún tivo a desgracia de non telo lido *O que diz Molero*, ou ben relelo, que tampouco vai mal.

Loureses. Antropoloxía dunha parroquia galega, por M. Mandiães Castro. Ed. Galaxia, Vigo 1884. 194 páx. 780 pta.

Estamos diante do grande libro que necesitaba a antropoloxía cultural galega? Un non o dubida. Un libro onde os ensinados que poden tirar os que se dedican á política son múltiples. Un libro que nos descobre grandes verdades acochadas no subconsciente cunha aldea que pode ser case toda Galiza. Un libro que explica, máis aló de Marx e —case— de Freud, por qué os nosos paisanos se opouñeron moitas veces a iso que chamamos —por qué?— progreso. Un libro a ler e a meditar profundamente.

Histórias do Fim da rua, por Mário Zambujal. Livraria Bertrand. Lisboa, 1983. 7ª Edición. 152 páx. 350 escudos.

Zambujal, periodista desportivo, coñecido por unha interesante novela semipolicial levada ao cine con grande éxito —asi como a novela, 14 edicións en pouco tempo— *Crónica dos bons mandros*, aprésentanos aquí a pequena historia dunha rua lisboeta que vai desaparecer. E aprésentaa através dos ollos dalgúnhas das persoaxes que pozoan a dita rua, sobretodo o matrimonio formado por Nidia e o Dr. Sérgio que están para se descasar. Unha novela onde o humor e as ganas de contar privan sobre toda outra cousa. Un mestres da novela souril, divertida e melancólica. Ao fondo, Lisboa antiga e señorial, a que está a desaparecer.

### CONCURSO

#### DE TRABALLOS ESCOLARES

Lembrámosvos a tosos os rapaces e rapazas que tedes todo o mes de Febreiro para mandarnos traballos co tema de "A Televisión".

Xa sabedes que as categorías son de 6 a 10 anos e de 10 a 14. Os premiados recibirán un lote de libros, agasallo de Edicións Xerais; ademais de publicárselle tamén o seu traballo nesta sección.

Animo e adiante.





**PRESENTACION ESPECIAL CUNQUEIRO EN BARCELONA**

O día 1 de marzo, nos locais do Centro Galego de Barcelona, farase a presentación do, até agora, último número especial de A NOSA TERRA, "O mundo de Cunqueiro".

No acto falarán dous dos autores do traballo, o noso colaborador habitual Xesús González Gómez, e o crítico, traductor e profesor da Universidade de Barcelona Basilio Losada.

O acto escomenzará ás 8,30 da noite, e a entrada é libre.

O mundo de CUNQUEIRO



# A NOSA TERRA

## Antroido, introitus, primavera



AUGUSTO FONTAN

Estas festas reciben en Galiza diferentes nomes, aínda que o máis xeralizado sexa o de **Entroido** (do latín introitus, entrada, comezo do ano ou da primavera), atopándonos ao longo do país con distintas denominacións, poñamos por caso **Antroido** ou **Entroido** con certas variantes, **Entruido**, **Entrudo**, **Entrudío**, nos partidos xudiciais do Barco de Valdeorras e Viana do Bolo, provincia de Ourense.

O **Tempo de Carnaval** comprende dúas semanas e média: as de **Setuxésima**, **Sexaxésima** e **Domingo**, **Luns** e **Martes** da **Quincuaxésima** e, eventualmente, tamén o **Mércores** de **Cinza**. Os días sinalados por ter especiais festas e diversións son o **Domingo Fareleiro** (**Septuaxésima**), **Xoves de Compadres**, **Domingo Corredoiro**, **Xoves de Comadres**, **Domingo**, **Luns** e **Martes** de **Entroido** e **Mércores** de **Cinza**.

Até agora aínda antropólogos e historiadores non están de acordo sobre a súa orixe. Como pasa coas demais festas cíclicas do ano, destacan dúas tendencias: os que defenden a súa pertencencia, como celebración, á Prehistoria, e os que non van máis aló na súa ubicación da Idade Média. Outros defenden a súa semellanza coas **Saturnalia** dos romanos, aínda que cómpre sinalar que estas facíanse polo mes de Decembro. Tam-

Ali todo o mundo se manifesta superando o carácter de festa. Todo ten un senso máis amplo, como se co mudar da cara que supón a máscara, se revelase tamén aquela parte da vida que se agacha diariamente.

E o tempo no que se permite facer aquilo que está vedado o resto do ano. Aquilo considerado falta grave contra a boa crianza, os costumes e mesmo as leis.

Así se amosan as bromas, emporcallar á xente con fariña e cinza, e sobretudo o dereito dos mascarados a descubrir feitos da vida de persoas e autoridades. É normal facer, en contos e coplas, unha crítica da sociedade, dos viciados e dos gobernantes e daqueles feitos que máis preocupan e que están máis na actualidade.

En Pontevedra a tradición lembra ao **Urco** que apareceu polo ano 1876, en que desembarcou nas **Corbaceiras** e correu toda a cidade. Esta persoaxe cóbrese coa cara dun can e unha pel por riba do lombo e arranca da lenda que considera o **Urco** como un can negro enviado da morte. Para outros é o can negro que vai coa **Santa Compañía**.

pouco faltan os que chaman a atención sobre unha hipotética orixe celta ou xemana, dentro dos ritos da deusa **Nertha**.

Ao longo do país, distinguimos as dispares manifestacións dos lugares de máis tradición, atopándonos en **Laza** coas **corrarias** polo povo dos **peliqueiros** ou "**Cigarróns**", acompañados doutras variantes, como a "**Morena**" que sai o **Luns** en **Laza**, para, ao pasar por **Xinzo de Límia** descubrir as **Pantallas** coa súa chamativa vestimenta e o atroar das **vexigas**, gardadas expresamente para estas festas, son de destacar tamén a importancia dos **Xenerais** do **Ulla**, tamén de fonda tradición.

Entre todas estas aportacións, de grande tradición, hai unha con raigame quizais non tan fonda na historia, pero que nos parece importante destacar pola súa vistosidade e esmerado traballo en traxes e gorros, partes fundamentais da celebración e identidade. Falamos, en **San Adrián** e **Santa Cristina de Cobres**, dos **Madóns** e **Madonas** —que podemos apreciar nas fotografías— que en número de trinta ou cuarenta percorren os lugares destas parroquias nunha celebración asumida e sentida por todos os viciños.



### Alguén, no faiado

### Outro candidato

MANUEL RIVAS

Como quen di as eleccións galegas están ahí, na esquina infernal do 1985, e quen máis e quen menos está a quentar os motores para unha carreira que xa ten, como todas, os seus favoritos. Falando de motores, hai quen corre en Mercedes e con chófer, por non perder o costume, quen o fai en utilitario aparente pero con motor de Mercedes disimulado e con chófer disfrazado de copiloto, quen vai no dous-cavalo mercado no 1968 e simplemente quen utiliza o vehículo patentado por San Fernando, un pouquiño a pé e outro andando. Como dixo Anatole France, a lei é tan xusta que prohibe a mendicidade tanto ao rico como ao probe.

Fixo, na liña de saída, vai estar Fernández Albor. Para a presidencia, e segundo os pronósticos, o único que lle poderá facer sombra será o candidato do PSOE e logo, a certa distancia, o de Coalición Galega. Ningunha destas forzas teñen decidido o seu aspirante a campeón. Un, por pura intuición de observador, pensa que serán Fernando González Laxe e Carlos Mella os cabezas respectivos de cartel. Logo estarán, con máis moral que o Paio Saco, que se fai falla xoga sen botas, os Xosé Manuel Beiras, Camilo Nogueira e Anxel Guerrero.

Non oustante, antes da elección, o outro votante que hai en nós quixera tamén outra oportunidade. Votar ao marxen da carreira oficial. Votar a alguén que fixera, en caso de gañar, o que o brasileiro Friedrich. Foi nun dos primeiros partidos internacionais de fútbol, entre o Brasil e Inglaterra. Friedrich, en solitario, salvou a sete contrarios e ao porteiro, chegou até o poste, e, sen meter a bola, deu volta até o medio do campo. Os ingleses, co cabreo, rompéronlle dous dentes. Ese, o rebelde candidato da outredade que endexamáis gañará, é o meu campeón máis querido.

### Volver ao rego

Este ano a Dirección Xeral de Política Lingüística organiza no Ensino as **II Xornadas de Língua Galega** para contribuir, segundo din eles, ao proceso de Normalización da Nosa Língua. Pero o que parece importarlles é só o aspecto normativo, xa que nos recordan o artigo da lei para que non pensemos que é de coña.

Os que levamos anos neste da normalización do idioma, cando aínda a señora Directora Xeral andaba polos Coléxios Nacionais inspeccionando e reprimindo aos compañeiros e compañeiras que dábamos as clases en galego, sabemos moi ben que dábamos metidos en tempo de antroido. Non é casual que teñan escollido estas datas dous anos seguidos. Démonos conta axiña; Qué listos somos!

Nesta edición mándannos unha carta ao coléxio cun nada menos que "**houbese feito**" Demasié. E o ano pasado na Folla de Inscripción para matricularnos cometían exactamente seis faltas:

- 1.—Consellería de educación Y cultura.
- 2.—inscripción (que ben podía ir sen p)
- 3.—Comic (sen acento e en inglés)
- 4.—as xornadas (A contracción sen acento)
- 5.—Título (sen tilde. As esdrúxulas acéntuáanse, carallo)
- 6.—Urban (urbana. Para o próximo día cópias, eh?)

Seis faltas e na normativa que eles mesmos inventaron. Hai que estudar máis o galego, eh! Eu desconfío que o que queren é que a **Comparsa dos de sempre** non actue na festa rachada deste antroido. Aínda así, ali estaremos. Viva o Antroido e Viva o jallejo.

Indalecio Pintos  
A CORUÑA

P.D. Nesta ocasión a sección Volver ao rego debería chamarse Sair do rego a ver se así se marchaban dos cargos.